



PARLAMENTO
DE GALICIA



BOLETÍN OFICIAL DO
PARLAMENTO DE GALICIA

X lexislatura
Número 58
2 de febreiro de 2017

Fascículo 2



SUMARIO

1. Procedementos parlamentarios

1.4. Procedementos de información

1.4.4. Preguntas

1.4.4.1. Preguntas orais en Pleno

1.4.4.1.1. Preguntas orais

I 3844 (10/POP-000469)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Burgo López, María de la Concepción e 3 máis

Sobre a valoración da Dirección Xeral de Patrimonio respecto do impacto no castro de Montealegre, en Domaio (Moaña), da execución das obras de desdoblamento do corredor do Morrazo [11573](#)

I 3857 (10/POP-000470)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e 2 máis

Sobre as previsións do Goberno galego respecto do restablecemento do Servizo de Cirurxía Pediátrica as vinte e catro horas do día, durante todo o ano, no Complexo Hospitalario Universitario de Ourense [11576](#)

I 3858 (10/POP-000471)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e 2 máis

Sobre a data prevista polo Goberno galego para a apertura do Museo dos Viños de Galicia na reitoral de Santo André de Camporredondo, no concello de Ribadavia [11578](#)

I 3859 (10/POP-000472)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e 2 máis

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da construción de novos centros de saúde en Ourense [11580](#)

I 3860 (10/POP-000473)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e 2 máis

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da construción dun novo centro de saúde en Ribadavia [11582](#)

I 3861 (10/POP-000474)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e 2 máis

Sobre as razóns do Goberno galego para elixir o modelo de xestión privada para a residencia de persoas maiores do Cornuval, no concello do Carballiño [11584](#)

I 3862 (10/POP-000475)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Blanco Rodríguez, Noela e 2 máis**

Sobre o coñecemento polo Goberno galego da existencia de denuncias de supostos malos tratos nun centro concertado de acollimento de menores de Vigo [11586](#)

I 3904 (10/POP-000476)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Díaz Villoslada, Juan Manuel, e Vilán Lorenzo, Patricia**

Sobre a valoración do Goberno galego respecto dos resultados obtidos por Galicia no Índice de transparencia das comunidades autónomas 2016 en relación cos do resto do Estado [11588](#)

I 3912 (10/POP-000477)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Rodil Fernández, Olalla e 5 máis**

Sobre a data e o orzamento previsto pola Xunta de Galicia para o inicio do transvasamento de area na praia de Covas, en Viveiro [11590](#)

I 3916 (10/POP-000478)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Rodil Fernández, Olalla e 5 máis**

Sobre o orzamento e os prazos que está a valorar o Goberno galego para o inicio das obras de construción da variante de Viveiro [11593](#)

I 3917 (10/POP-000479)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Blanco Rodríguez, Noela, e Torrado Quintela, Julio**

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da modificación daqueles puntos da Lei de inclusión social de Galicia que dificultan a súa implantación [11596](#)

I 3918 (10/POP-000480)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Blanco Rodríguez, Noela, e Torrado Quintela, Julio**

Sobre a opinión do Goberno galego respecto da mellora da situación do desemprego en Galicia en relación co ano 2009 [11598](#)

I 3919 (10/POP-000481)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Blanco Rodríguez, Noela, e Torrado Quintela, Julio**

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da modificación da Lei de inclusión social de Galicia que asegura o papel da Risga como dereito subxectivo [11600](#)

I 3920 (10/POP-000482)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Blanco Rodríguez, Noela, e Torrado Quintela, Julio**

Sobre a opinión do Goberno galego respecto da redución da precariedade laboral en Galicia en relación co ano 2009 [11602](#)

I 3921 (10/POP-000483)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e 2 máis

Sobre o nomeamento para realizar as funcións de secretario da persoa incorporada na sesión plenaria realizada polo Concello do Bolo o 31 de outubro de 2016 [11604](#)

I 3922 (10/POP-000484)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela, e Álvarez Martínez, Luis Manuel

Sobre as medidas previstas polo Goberno galego para garantir a transparencia e o autocontrol da RTVG [11606](#)

I 3923 (10/POP-000485)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela, e Álvarez Martínez, Luis Manuel

Sobre a opinión do Goberno galego en relación coa garantía na actualidade do dereito dos profesionais da RTVG á súa independencia informativa [11608](#)

I 3924 (10/POP-000486)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e 2 máis

Sobre as previsións do Goberno galego respecto do impulso dun crecemento anual durante a décima lexislatura da axuda oficial ao desenvolvemento [11610](#)

I 3925 (10/POP-000487)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela, e Torrado Quintela, Julio

Sobre a valoración do Goberno galego en relación coa situación económica e social da mocidade de Galicia [11612](#)

I 3926 (10/POP-000488)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e 2 máis

Sobre a opinión do Goberno galego respecto da necesidade de creación dunha unidade de ictus no Complexo Hospitalario Universitario de Ourense [11614](#)

I 3927 (10/POP-000489)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e 2 máis

Sobre a valoración do Goberno galego respecto da evolución da sinistralidade laboral en Galicia [11616](#)

I 3928 (10/POP-000490)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela, e Torrado Quintela, Julio

Sobre as medidas postas en marcha pola Xunta de Galicia para reforzar a integración familiar dos menores que se atopan no sistema de protección en acollemento residencial [11618](#)

I 3929 (10/POP-000491)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela, e Torrado Quintela, Julio

Sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto da equiparación dos permisos de maternidade, paternidade e lactación para as familias de acollemento de menores, segundo as circunstancias e a súa situación [11621](#)

I 3930 (10/POP-000492)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e 3 máis

Sobre o orzamento que vai destinar a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria para arranxar as deficiencias que presenta e dotar do equipamento necesario o Colexio de Educación Infantil e Primaria Emilia Pardo Bazán de Leiro, na provincia de Ourense, no curso 2016-2017 [11624](#)

I 3931 (10/POP-000493)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e 2 máis

Sobre as previsións do Sergas respecto da substitución do modelo tradicional por un modelo privatizado de liña fría no servizo de cociña do Complexo Hospitalario Universitario de Ourense [11626](#)

I 3932 (10/POP-000494)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e 2 máis

Sobre a valoración polo Sergas da posibilidade de reducir o persoal ou o seu horario actual no servizo de cociña do Complexo Hospitalario Universitario de Ourense [11628](#)

I 3938 (10/POP-000495)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Pierres López, María Luisa e 2 máis

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da realización dun estudo para a protección das arquitecturas e construcións posteriores ao ano 1965 non reflectidas na Lei 5/2016, do patrimonio cultural de Galicia [11630](#)

I 3947 (10/POP-000497)

Grupo Parlamentario de En Marea

Cal Ogando, Marcos e 2 máis

Sobre as previsións do Goberno galego respecto do desenvolvemento dalgún plan para lles garantir a todas as mulleres de Galicia o acceso a un centro de información á muller cos recursos precisos para dar un servizo de calidade [11633](#)

I 3956 (10/POP-000498)

Grupo Parlamentario de En Marea

Vázquez Verao, Paula

Sobre as actuacións que vai levar a cabo a Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio en relación co estudo de impacto ambiental do proxecto de vertedura de augas residuais ao río da Ponte de Enviande, nunha zona limítrofe entre os concellos de Taboada e Chantada [11636](#)

I 3969 (10/POP-000499)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e 2 máis

Sobre as razóns do Goberno galego para non manter xuntanzas periódicas coas organizacións sindicais co fin de acadar novos acordos retributivos para o persoal do Sergas [11641](#)

I 3982 (10/POP-000500)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 5 máis

Sobre as medidas previstas pola Xunta de Galicia para garantir a titularidade e o uso civil do Panteón de Galegos Ilustres [11643](#)

I 3987 (10/POP-000501)

Grupo Parlamentario de En Marea

Quinteiro Araújo, Paula e 2 máis

Sobre a información do Goberno galego en relación co grao de reversión na actualidade das revisións levadas a cabo nos coeficientes redutores na idade de xubilación dos mariñeiros que pescan en augas internacionais coa reintegración dos seus dereitos de xubilación aos afectados [11646](#)

I 3988 (10/POP-000502)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e 2 máis

Sobre a sentenza xudicial pola que se anula o concurso para a provisión do posto de xefe do Servizo de Psiquiatría do Complexo Hospitalario de Pontevedra que tivo lugar en setembro de 2012 [11648](#)

I 3991 (10/POP-000503)

Grupo Parlamentario de En Marea

Solla Fernández, Eva

Sobre a información da Xunta de Galicia en relación coas intencións da empresa Frigolouro de buscar no norte de Portugal un novo asentamento para a súa planta do Porriño [11650](#)

I 3997 (10/POP-000504)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio, e Blanco Rodríguez, Noela

Sobre o coñecemento polo Goberno galego dos problemas existentes coas agullas facilitadas polo Sergas para a aplicación de insulina ás persoas afectadas pola diabetes [11652](#)

I 4008 (10/POP-000505)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre as razóns do Goberno galego para demorar a substitución das agullas facilitadas polo Sergas para a aplicación de insulina ás persoas afectadas pola diabetes [11654](#)

I 4012 (10/POP-000506)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Presas Bergantiños, Noa e 5 máis**

Sobre as demandas realizadas ou previstas polo Goberno galego ao Goberno central para a adopción dalgunha medida fiscal co fin de abaratar a factura da electricidade [11657](#)

I 4018 (10/POP-000507)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Prado Cores, María Montserrat e 5 máis**

Sobre as razóns do Goberno galego para demorar a constitución e a convocatoria dos consellos de saúde de área previstos no artigo 25 da Lei 8/2008, de saúde de Galicia [11661](#)

I 4025 (10/POP-000508)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Prado Cores, María Montserrat e 5 máis**

Sobre as razóns do Sergas para non negociar na Mesa Sectorial de Sanidade un acordo para regular os permisos e as licencias do persoal do Sergas [11664](#)

I 4027 (10/POP-000509)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Vilán Lorenzo, Patricia e 3 máis**

Sobre a situación das institucións penitenciarias en Galicia [11668](#)

I 4033 (10/POP-000510)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Blanco Rodríguez, Noela e 3 máis**

Sobre a posibilidade de dotar o Ateneo de Ourense dun espazo de titularidade pública axeitado e coas condicións requiridas para continuar coa súa actividade sen ánimo de lucro [11670](#)

I 4040 (10/POP-000511)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Prado Cores, María Montserrat e 5 máis**

Sobre a modificación da normativa para a redución de xornada para o coidado de fillas e fillos con enfermidades graves [11673](#)

I 4046 (10/POP-000512)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Vilán Lorenzo, Patricia e 2 máis**

Sobre as medidas previstas polo Goberno galego para minimizar os efectos negativos da seca [11677](#)

I 4060 (10/POP-000513)**Grupo Parlamentario de En Marea****Chao Pérez, Luca, e Cuña Bóveda, María de los Ángeles**

Sobre a valoración que fai o Goberno galego sobre os datos oficiais do Instituto Nacional de Estatística sobre a investigación, o desenvolvemento e a innovación en Galicia [11679](#)

I 4066 (10/POP-000514)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Blanco Rodríguez, Noela, e Torrado Quintela, Julio**

Sobre as medidas que ten en marcha a Xunta de Galicia para previr os abusos sexuais a menores

[11681](#)**I 4067 (10/POP-000515)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Blanco Rodríguez, Noela, e Torrado Quintela, Julio**

Sobre as actuacións do Goberno galego para dar atención ás persoas adultas que sufriron abusos sexuais cando eran menores de idade

[11683](#)**I 4072 (10/POP-000516)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Blanco Rodríguez, Noela e 2 máis**

Sobre a repercusión en Galicia da suspensión por parte do Goberno de España da concesión de subvencións a pequenas e medianas empresas para implantar medidas destinadas á igualdade salarial entre homes e mulleres

[11685](#)**I 4080 (10/POP-000517)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Burgo López, María de la Concepción e 2 máis**

Sobre a oportunidade que supón a situación de seca para analizar e valorar o patrimonio habitualmente somerxido nos encoros, ao que non se pode acceder agás en situacións extraordinarias como a actual, en particular sobre o castro Candaz no encoro de Belesar e as mámoas do encoro da Fervenza

[11688](#)**I 4096 (10/POP-000518)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Torrado Quintela, Julio e 2 máis**

Sobre a situación en Galicia das condutas e actitudes violentas asociadas ao deporte

[11690](#)**I 4102 (10/POP-000519)****Grupo Parlamentario de En Marea****Chao Pérez, Luca, e Cuña Bóveda, María de los Ángeles**

Sobre a situación da música en Galicia

[11693](#)**I 4110 (10/POP-000520)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Romero Fernández, Cristina Isabel e 5 máis**

Sobre a valoración que fai o Goberno galego da participación de Galicia na 37ª edición de Fitur

[11695](#)**I 4123 (10/POP-000521)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Prado Cores, María Montserrat e 5 máis**

Sobre as previsións do Sergas respecto do inicio da negociación sobre a mellora das condicións de traballo e salariais do persoal do Sergas

[11697](#)

I 4129 (10/POP-000522)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Prado Cores, María Montserrat e 5 máis**

Sobre as actuacións previstas pola Xunta de Galicia para implicarse, se é o caso, na negociación do convenio coletivo da sanidade privada en Galicia [11700](#)

I 4135 (10/POP-000523)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Vilán Lorenzo, Patricia e 2 máis**

Sobre as medidas previstas polo Goberno galego para garantir o nivel asistencial necesario do Centro de Saúde de Forcarei [11703](#)

I 4141 (10/POP-000524)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Álvarez Martínez, Luis Manuel e 3 máis**

Sobre a creación dunha autoridade audiovisual independente en Galicia que tamén realice funcións propias de consello asesor [11705](#)

I 4145 (10/POP-000525)**Grupo Parlamentario de En Marea****Quinteiro Araújo, Paula e 4 máis**

Sobre a valoración da Xunta de Galicia respecto das subvencións dirixidas á realización de posgraduados en estudos de xénero e actividades do ámbito universitario relacionadas coa igualdade de oportunidades entre homes e mulleres [11707](#)

1.4.4.1.2. Preguntas urxentes (art. 155.5)**I 4233 (10/PUP-000047)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia****González Vázquez, José e 5 máis**

Sobre as medidas e axudas que está a impulsar o Goberno galego para a vertebración do sector lácteo [11709](#)

I 4247 (10/PUP-000048)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Prado Cores, María Montserrat**

Sobre as razóns da demora do Goberno galego na substitución das agullas facilitadas polo Sergas para a administración de insulina aos doentes afectados pola diabetes [11711](#)

I 4248 (10/PUP-000049)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Presas Bergantiños, Noa**

Sobre as actuacións previstas polo Goberno galego para evitarlle ás persoas consumidoras de electricidade en Galicia un novo incremento da factura da luz, a causa da aplicación do canon eólico [11713](#)

I 4276 (10/PUP-000050)**Grupo Parlamentario de En Marea****Villares Naveira, Luis e 13 máis**

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da ampliación, ata os doce meses, do período de contratación subvencionable, nas subvencións dirixidas ás entidades locais para a contratación temporal de persoas en situación ou risco de exclusión social preceptoras da Risga [11716](#)

1.4.4.1.3. Preguntas ao presidente da Xunta de Galicia**I 4246 (10/POPX-000013)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Sobre a defensa polo Goberno galego dos intereses de Galicia**[11719](#)**I 4273 (10/POPX-000014)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Fernández Leiceaga, Xoaquín María**

Sobre a opinión do Goberno galego respecto da recente evolución das implantacións da industria auxiliar do automóbil en Galicia [11720](#)

I 4277 (10/POPX-000015)**Grupo Parlamentario de En Marea****Villares Naveira, Luis**

Sobre a actuación que vai levar a cabo o Goberno galego en relación co incumprimento dos prazos e trazados dos novos accesos ferroviarios a Ourense [11721](#)

Santiago de Compostela, 31 de xaneiro de 2017

Diego Calvo Pouso

Vicepresidente 1º

2. Elección e composición do Parlamento, réxime e goberno interior, organización e funcionamento**2.3. Réxime e goberno interior****2.3.2. Acordos e resolucións dos órganos da Cámara en materia de réxime e goberno interior****2.3.2.2. Creación de órganos parlamentarios****2.3.2.2.1. Solicitude de creación de comisións**

I Escrito do grupos parlamentarios de En Marea e do Bloque Nacionalista Galego polo que solicitan a creación dunha Comisión de investigación sobre as causas do accidente ferroviario de An-grois, así como sobre as condicións de seguridade na rede ferroviaria de alta velocidade en Galicia (doc. núm. 4229, 10/SCI-000003) [11722](#)

2.4. Organización e funcionamento do Parlamento**2.4.3. Convocatorias**

I Sesión plenaria (día 6 de febreiro de 2017, ás 10.00 horas)

[11572](#)

A Mesa do Parlamento, na súa sesión do día 31 de xaneiro de 2017, adoptou os seguintes acordos:

1. Procedementos parlamentarios

1.4. Procedementos de información

1.4.4. Preguntas

1.4.4.1. Preguntas orais en Pleno

1.4.4.1.1. Preguntas orais

Admisión a trámite e publicación

- 3844 (10/POP-000469)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Burgo López, María de la Concepción e 3 máis

Sobre a valoración da Dirección Xeral de Patrimonio respecto do impacto no castro de Montealegre, en Domaio (Moaña), da execución das obras de desdoblamento do corredor do Morrazo

- 3857 (10/POP-000470)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e 2 máis

Sobre as previsións do Goberno galego respecto do restablecemento do Servizo de Cirurxía Pediátrica as vinte e catro horas do día, durante todo o ano, no Complexo Hospitalario Universitario de Ourense

- 3858 (10/POP-000471)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e 2 máis

Sobre a data prevista polo Goberno galego para a apertura do Museo dos Viños de Galicia na reitoral de Santo André de Camporredondo, no concello de Ribadavia

- 3859 (10/POP-000472)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e 2 máis

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da construción de novos centros de saúde en Ourense

- 3860 (10/POP-000473)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e 2 máis

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da construción dun novo centro de saúde en Ribadavia

- 3861 (10/POP-000474)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e 2 máis

Sobre as razóns do Goberno galego para elixir o modelo de xestión privada para a residencia de persoas maiores do Cornuval, no concello do Carballiño

- 3862 (10/POP-000475)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e 2 máis

Sobre o coñecemento polo Goberno galego da existencia de denuncias de supostos malos tratos nun centro concertado de acollemento de menores de Vigo

- 3904 (10/POP-000476)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Villoslada, Juan Manuel, e Vilán Lorenzo, Patricia

Sobre a valoración do Goberno galego respecto dos resultados obtidos por Galicia no Índice de transparencia das comunidades autónomas 2016 en relación cos do resto do Estado

- 3912 (10/POP-000477)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 5 máis

Sobre a data e o orzamento previsto pola Xunta de Galicia para o inicio do transvasamento de area na praia de Covas, en Viveiro

- 3916 (10/POP-000478)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 5 máis

Sobre o orzamento e os prazos que está a valorar o Goberno galego para o inicio das obras de construción da variante de Viveiro

- 3917 (10/POP-000479)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela, e Torrado Quintela, Julio

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da modificación daqueles puntos da Lei de inclusión social de Galicia que dificultan a súa implantación

- 3918 (10/POP-000480)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela, e Torrado Quintela, Julio

Sobre a opinión do Goberno galego respecto da mellora da situación do desemprego en Galicia en relación co ano 2009

- 3919 (10/POP-000481)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela, e Torrado Quintela, Julio

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da modificación da Lei de inclusión social de Galicia que asegura o papel da Risga como dereito subxectivo

- 3920 (10/POP-000482)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela, e Torrado Quintela, Julio

Sobre a opinión do Goberno galego respecto da redución da precariedade laboral en Galicia en relación co ano 2009

- 3921 (10/POP-000483)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e 2 máis

Sobre o nomeamento para realizar as funcións de secretario da persoa incorporada na sesión plenaria realizada polo Concello do Bolo o 31 de outubro de 2016

- 3922 (10/POP-000484)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela, e Álvarez Martínez, Luis Manuel

Sobre as medidas previstas polo Goberno galego para garantir a transparencia e o autocontrol da RTVG

- 3923 (10/POP-000485)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela, e Álvarez Martínez, Luis Manuel

Sobre a opinión do Goberno galego en relación coa garantía na actualidade do dereito dos profesionais da RTVG á súa independencia informativa

- 3924 (10/POP-000486)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e 2 máis

Sobre as previsións do Goberno galego respecto do impulso dun crecemento anual durante a décima lexislatura da axuda oficial ao desenvolvemento

- 3925 (10/POP-000487)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela, e Torrado Quintela, Julio

Sobre a valoración do Goberno galego en relación coa situación económica e social da mocidade de Galicia

- 3926 (10/POP-000488)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e 2 máis

Sobre a opinión do Goberno galego respecto da necesidade de creación dunha unidade de ictus no Complexo Hospitalario Universitario de Ourense

- 3927 (10/POP-000489)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e 2 máis

Sobre a valoración do Goberno galego respecto da evolución da sinistralidade laboral en Galicia

- 3928 (10/POP-000490)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela, e Torrado Quintela, Julio

Sobre as medidas postas en marcha pola Xunta de Galicia para reforzar a integración familiar dos menores que se atopan no sistema de protección en acollemento residencial

- 3929 (10/POP-000491)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela, e Torrado Quintela, Julio

Sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto da equiparación dos permisos de maternidade, paternidade e lactación para as familias de acollemento de menores, segundo as circunstancias e a súa situación

- 3930 (10/POP-000492)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e 3 máis

Sobre o orzamento que vai destinar a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria para arranxar as deficiencias que presenta e dotar do equipamento necesario o Colexio de Educación Infantil e Primaria Emilia Pardo Bazán de Leiro, na provincia de Ourense, no curso 2016-2017

- 3931 (10/POP-000493)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e 2 máis

Sobre as previsións do Sergas respecto da substitución do modelo tradicional por un modelo privatizado de liña fría"no servizo de cociña do Complexo Hospitalario Universitario de Ourense

- 3932 (10/POP-000494)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e 2 máis

Sobre a valoración polo Sergas da posibilidade de reducir o persoal ou o seu horario actual no servizo de cociña do Complexo Hospitalario Universitario de Ourense

- 3938 (10/POP-000495)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Pierres López, María Luisa e 2 máis

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da realización dun estudo para a protección das arquitecturas e construcións posteriores ao ano 1965 non reflectidas na Lei 5/2016, do patrimonio cultural de Galicia

- 3947 (10/POP-000497)

Grupo Parlamentario de En Marea

Cal Ogando, Marcos e 2 máis

Sobre as previsións do Goberno galego respecto do desenvolvemento dalgún plan para lles garantir a todas as mulleres de Galicia o acceso a un centro de información á muller cos recursos precisos para dar un servizo de calidade

- 3956 (10/POP-000498)

Grupo Parlamentario de En Marea

Vázquez Verao, Paula

Sobre as actuacións que vai levar a cabo a Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio en relación co estudo de impacto ambiental do proxecto de vertedura de augas residuais ao río da Ponte de Enviande, nunha zona limítrofe entre os concellos de Taboada e Chantada

- 3969 (10/POP-000499)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e 2 máis

Sobre as razóns do Goberno galego para non manter xuntanzas periódicas coas organizacións sindicais co fin de acadar novos acordos retributivos para o persoal do Sergas

- 3982 (10/POP-000500)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 5 máis

Sobre as medidas previstas pola Xunta de Galicia para garantir a titularidade e o uso civil do Panteón de Galegos Ilustres

- 3987 (10/POP-000501)

Grupo Parlamentario de En Marea

Quinteiro Araújo, Paula e 2 máis

Sobre a información do Goberno galego en relación co grao de reversión na actualidade das revisións levadas a cabo nos coeficientes redutores na idade de xubilación dos mariñeiros que pescan en augas internacionais coa reintegración dos seus dereitos de xubilación aos afectados

- 3988 (10/POP-000502)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e 2 máis

Sobre a sentenza xudicial pola que se anula o concurso para a provisión do posto de xefe do Servizo de Psiquiatría do Complexo Hospitalario de Pontevedra que tivo lugar en setembro de 2012

- 3991 (10/POP-000503)

Grupo Parlamentario de En Marea

Solla Fernández, Eva

Sobre a información da Xunta de Galicia en relación coas intencións da empresa Frigolouro de buscar no norte de Portugal un novo asentamento para a súa planta do Porriño

- 3997 (10/POP-000504)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio, e Blanco Rodríguez, Noela

Sobre o coñecemento polo Goberno galego dos problemas existentes coas agullas facilitadas polo Sergas para a aplicación de insulina ás persoas afectadas pola diabetes

- 4008 (10/POP-000505)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre as razóns do Goberno galego para demorar a substitución das agullas facilitadas polo Sergas para a aplicación de insulina ás persoas afectadas pola diabetes

- 4012 (10/POP-000506)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre as demandas realizadas ou previstas polo Goberno galego ao Goberno central para a adopción dalgunha medida fiscal co fin de abaratar a factura da electricidade

- 4018 (10/POP-000507)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre as razóns do Goberno galego para demorar a constitución e a convocatoria dos consellos de saúde de área previstos no artigo 25 da Lei 8/2008, de saúde de Galicia

- 4025 (10/POP-000508)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre as razóns do Sergas para non negociar na Mesa Sectorial de Sanidade un acordo para regular os permisos e as licencias do persoal do Sergas

- 4027 (10/POP-000509)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e 3 máis

Sobre a situación das institucións penitenciarias en Galicia

- 4033 (10/POP-000510)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e 3 máis

Sobre a posibilidade de dotar o Ateneo de Ourense dun espazo de titularidade pública axeitado e coas condicións requiridas para continuar coa súa actividade sen ánimo de lucro

- 4040 (10/POP-000511)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre a modificación da normativa para a redución de xornada para o coidado de fillas e fillos con enfermidades graves

- 4046 (10/POP-000512)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e 2 máis

Sobre as medidas previstas polo Goberno galego para minimizar os efectos negativos da seca

- 4060 (10/POP-000513)

Grupo Parlamentario de En Marea

Chao Pérez, Luca, e Cuña Bóveda, María de los Ángeles

Sobre a valoración que fai o Goberno galego sobre os datos oficiais do Instituto Nacional de Estatística sobre a investigación, o desenvolvemento e a innovación en Galicia

- 4066 (10/POP-000514)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela, e Torrado Quintela, Julio

Sobre as medidas que ten en marcha a Xunta de Galicia para previr os abusos sexuais a menores

- 4067 (10/POP-000515)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela, e Torrado Quintela, Julio

Sobre as actuacións do Goberno galego para dar atención ás persoas adultas que sufriron abusos sexuais cando eran menores de idade

- 4072 (10/POP-000516)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e 2 máis

Sobre a repercusión en Galicia da suspensión por parte do Goberno de España da concesión de subvencións a pequenas e medianas empresas para implantar medidas destinadas á igualdade salarial entre homes e mulleres

- 4080 (10/POP-000517)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Burgo López, María de la Concepción e 2 máis

Sobre a oportunidade que supón a situación de seca para analizar e valorar o patrimonio habitualmente somerxido nos encoros, ao que non se pode acceder agás en situacións extraordinarias como a actual, en particular sobre o castro Candaz no encoro de Belesar e as mámoas do encoro da Fervenza

- 4096 (10/POP-000518)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e 2 máis

Sobre a situación en Galicia das condutas e actitudes violentas asociadas ao deporte

- 4102 (10/POP-000519)

Grupo Parlamentario de En Marea

Chao Pérez, Luca, e Cuña Bóveda, María de los Ángeles

Sobre a situación da música en Galicia

- 4110 (10/POP-000520)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Romero Fernández, Cristina Isabel e 5 máis

Sobre a valoración que fai o Goberno galego da participación de Galicia na 37ª edición de Futur

- 4123 (10/POP-000521)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre as previsións do Sergas respecto do inicio da negociación sobre a mellora das condicións de traballo e salariais do persoal do Sergas

- 4129 (10/POP-000522)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre as actuacións previstas pola Xunta de Galicia para implicarse, se é o caso, na negociación do convenio coletivo da sanidade privada en Galicia

- 4135 (10/POP-000523)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e 2 máis

Sobre as medidas previstas polo Goberno galego para garantir o nivel asistencial necesario do Centro de Saúde de Forcarei

- 4141 (10/POP-000524)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Álvarez Martínez, Luis Manuel e 3 máis

Sobre a creación dunha autoridade audiovisual independente en Galicia que tamén realice funcións propias de consello asesor

- 4145 (10/POP-000525)

Grupo Parlamentario de En Marea

Quinteiro Araújo, Paula e 4 máis

Sobre a valoración da Xunta de Galicia respecto das subvencións dirixidas á realización de posgraduados en estudos de xénero e actividades do ámbito universitario relacionadas coa igualdade de oportunidades entre homes e mulleres

1.4.4.1.2. Preguntas urxentes (art. 155.5)

Admisión a trámite ao abeiro do artigo 155.5 do Regulamento do Parlamento, traslado á Xunta de Portavoces e publicación

- 4233 (10/PUP-000047)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

González Vázquez, José e 5 máis

Sobre as medidas e axudas que está a impulsar o Goberno galego para a vertebración do sector lácteo. (Procedemento de urxencia)

- 4247 (10/PUP-000048)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat

Sobre as razóns da demora do Goberno galego na substitución das agullas facilitadas polo Sergas para a administración de insulina aos doentes afectados pola diabetes

- 4248 (10/PUP-000049)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa

Sobre as actuacións previstas polo Goberno galego para evitarlle ás persoas consumidoras de electricidade en Galicia un novo incremento da factura da luz, a causa da aplicación do canon eólico

- 4276 (10/PUP-000050)

Grupo Parlamentario de En Marea

Villares Naveira, Luis e 13 máis

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da ampliación, ata os doce meses, do período de contratación subvencionable, nas subvencións dirixidas ás entidades locais para a contratación temporal de persoas en situación ou risco de exclusión social preceptoras da Risga

1.4.4.1.3. Preguntas ao presidente da Xunta de Galicia

Admisión a trámite, traslado á Xunta de Portavoces e publicación

- 4246 (10/POPX-000013)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Sobre a defensa polo Goberno galego dos intereses de Galicia

- 4273 (10/POPX-000014)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Fernández Leiceaga, Xoaquín María

Sobre a opinión do Goberno galego respecto da recente evolución das implantacións da industria auxiliar do automóbil en Galicia

- 4277 (10/POPX-000015)

Grupo Parlamentario de En Marea

Villares Naveira, Luis

Sobre a actuación que vai levar a cabo o Goberno galego en relación co incumprimento dos prazos e trazados dos novos accesos ferroviarios a Ourense

Santiago de Compostela, 31 de xaneiro de 2017

Diego Calvo Pouso

Vicepresidente 1º

2. Elección e composición do Parlamento, réxime e goberno interior, organización e funcionamento

2.3. Réxime e goberno interior

2.3.2. Acordos e resolucións dos órganos da Cámara en materia de réxime e goberno interior

2.3.2.2. Creación de órganos parlamentarios

2.3.2.2.1. Solicitude de creación de comisións

Escrito do grupos parlamentarios de En Marea e do Bloque Nacionalista Galego polo que solicitan a creación dunha Comisión de investigación sobre as causas do accidente ferroviario de Angrois, así como sobre as condicións de seguridade na rede ferroviaria de alta velocidade en Galicia (doc. núm. 4229, 10/SCI-000003)

A Mesa do Parlamento, na súa sesión do día 31 de xaneiro de 2017, adoptou o seguinte acordo:

Examínase o escrito do portavoz e da portavoz do grupos parlamentarios de En Marea e do Bloque Nacionalista Galego polo que solicitan a creación dunha Comisión de investigación sobre as causas do accidente ferroviario de Angrois, así como sobre as condicións de seguridade na rede ferroviaria de alta velocidade en Galicia.

Visto o disposto no artigo 52 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a Mesa adopta o seguinte acordo:

1º. Admitir a trámite a solicitude.

2º. Remitirlle a solicitude á Xunta de Portavoces para os efectos da súa inclusión, se é o caso, na orde do día dunha sesión plenaria.

3º. Ordenar a súa publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*.

Santiago de Compostela, 31 de xaneiro de 2017

Diego Calvo Pouso

Vicepresidente 1º

2.4. Organización e funcionamento do Parlamento

2.4.3. Convocatorias

Sesión plenaria (día 6 de febreiro de 2017, ás 10.00 horas)

A Presidencia, de conformidade co disposto no artigo 53 do Regulamento do Parlamento, resolveu convocar o Pleno do Parlamento para realizar sesión o próximo día 6 de febreiro de 2017, ás 10.00 horas, no pazo do Parlamento.

De acordo coa Xunta de Portavoces e a Mesa, na reunión do día 31 de xaneiro de 2017, a orde do día da sesión é a seguinte:

Punto único: Debate e votación do ditame, emitido pola Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos, sobre o Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2017 (09/PL-000001 doc. núm. 1968)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 24, do 03.12.2016

Publicación da corrección de erros, BOPG nº 34, do 23.12.2016

Publicación de emendas á totalidade, BOPG nº 39, do 03.01.2017

Publicación de emendas ao articulado, BOPG nº 45, do 16.01.2017

Publicación do informe de Ponencia, BOPG nº 50, do 23.01.2017

Santiago de Compostela, 31 de xaneiro de 2017

Miguel Ángel Santalices Vieira

Presidente

Á Mesa do Parlamento

Concepción Burgo López, Abel Losada Álvarez, María Luisa Pierres López e Manuel Luis Álvarez Martínez, deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

A realización das obras de desdoblamento do corredor do Morrazo van supoñer a desaparición dunha parte importante do castro de Montealegre, radicado na parroquia de Domaio, concello de Moaña.

Este castro é un dos maiores existentes en Galicia, cunha superficie de 3 hectáreas, e tamén un dos máis interesantes. A súa importancia xa era coñecida pero as escavacións de urxencia que se están levando a cabo a poñen aínda máis de releve.

Nestes traballos realizados dende maio no castro, apareceron máis de 20.000 pezas de cerámica, metal e pedra, entre elas unha escultura antropomorfa duns 60 cm. de granito que interprétase como a representación dun guerreiro castrexo.

Outros grandes achados son o viario de acceso ao castro, algo que non é común en Galicia e que será totalmente destruído polas obras, e o concheiro colectivo de 2.000 anos de antigüidade.

Ademais neste xacemento castrexo atópanse unha serie de petróglifos declarados BIC en 1974.

Aínda poderíamos engadir mais achados e características que fan do castro de Montealegre un referente da cultura castrexa e da Idade de Ferro non soamente do Morrazo, senón de Galicia.

O feito de que o castro sexa destruído polas obras da autovía do Morrazo está provocando o rexeitamento, a denuncia e as protestas da veciñanza e asociacións da zona, apoiadas polo Concello que aprobou

Grupo Parlamentario

unha moción por unanimidade cunha serie de peticións para evitar a destrución do castro, entre elas a busca dunha alternativa que modifique o proxecto de desdoblamento do corredor nesta zona, peticións que foron trasladadas a Dirección Xeral de Patrimonio.

A Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia indica, no artigo 34.1 que “Todos os plans, programas e proxectos relativos a ámbitos como a paisaxe, o desenvolvemento rural ou as infraestruturas ou calquera outro que poida supoñer unha afección ao patrimonio cultural de Galicia pola súa incidencia sobre o territorio, deberán ser sometidos ao informe da consellaría competente en materia de patrimonio cultural, que establecerá as medidas protectoras, correctoras e compensatorias que considere necesarias para a salvagarda do patrimonio cultural afectado, sen prexuízo das súas competencias para a posterior autorización das intervencións que puideren derivar dos documentos en trámite”, polo tanto é a Dirección Xeral de Patrimonio a que ten a maior responsabilidade neste problema, e dela depende calquera decisión sobre a realización da autovía e a afectación do castro de Montealegre.

Polo exposto, as deputadas e deputados asinantes formulan a seguinte pregunta:

Como valora a Dirección xeral de Patrimonio a destrución dunha parte importante do castro de Montealegre polas obras de desdoblamento do corredor do Morrazo?

Pazo do Parlamento, 20 de xaneiro de 2017

Asdo.: Concepción Burgo López

Abel Losada Álvarez

María Luisa Pierres López

Manuel Luis Álvarez Martínez

Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia



 Grupo Parlamentario

Asinado dixitalmente por:

Maria de la Concepción Burgo López na data 20/01/2017 12:39:55

Abel Fermín Losada Álvarez na data 20/01/2017 12:40:03

María Luisa Pierres López na data 20/01/2017 12:40:11

Luis Manuel Álvarez Matínez na data 20/01/2017 12:40:17

Á Mesa do Parlamento

Noela Blanco Rodríguez, Raúl Fernández Fernández e Julio Torrado Quintela, deputada e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**.

O Complexo Hospitalario Universitario de Ourense contaba ata o ano 2013, cun Servizo de Cirurxía Pediátrica composto por tres cirurxiáns pediátricos reforzados nas gardas por algún outro profesional desta especialidade.

Trala xubilación dun deles, e a solicitude de traslado doutro, o cadro de persoal quedou tan reducido que non se podían seguir ofertando gardas.

Esta situación obrigaba á Xerencia á reposición das vacantes, pero en lugar diso e ante a sorpresa e o desgusto da cidadanía ourensán, e das persoas profesionais do CHUOU, a Xerencia anunciou que se suprimía este servizo, optando polo retallo de medios nesta especialidade, reducindo á metade o número de cirurxiáns pediátricos. Así pois, dende setembro de 2013, os nenos e nenas ourensás que necesiten someterse a unha intervención cirúrxica fóra do horario de mañá, ou en sábado, domingo e festivo, teñen que trasladarse a Vigo, a máis de 100 quilómetros, distancia que se eleva cando os desprazamentos teñen que realizarse dende outras zonas da provincia afastadas da capital, como por exemplo da comarca de Valdeorras e en condicións que se supoñen, son de urxencia e polo tanto, nun estado de saúde moi delicado.

Estamos falando de menores que deben ir acompañados dos pais e nais, o que supuxo un esforzo adicional para moitas familias, esforzo económico aínda máis difícil de levar a cabo para aquelas que dispoñen de menos recursos.

Por todo o exposto, a deputada e os deputados que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Ten previsto o Goberno galego que o CHUOU volva a dispoñer dun servizo de cirurxía pediátrica 24 horas ao día durante todo o ano?

Pazo do Parlamento, 20 de xaneiro de 2017

Asdo.: Noela Blanco Rodríguez

Raúl Fernández Fernández

Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Noela Blanco Rodríguez na data 20/01/2017 14:03:52

Raúl Fernández Fernández na data 20/01/2017 14:03:59

Julio Torrado Quintela na data 20/01/2017 14:04:04

Á Mesa do Parlamento

Noela Blanco Rodríguez, Raúl Fernández Fernández e Concepción Burgo López, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**.

A Reitoral de Santo André de Camporredondo, do século XVIII, sitúase na provincia de Ourense, na parroquia de Sto. Andrés de Caporredondo, a 3 quilómetros de Ribadavia. Este conxunto monumental formado pola reitoral de Sto. André, a granxa vinícola máis importante que o mosteiro de San Martiño Pinario tivo en Galicia, feita en sillería, forma un conxunto único do barroco galego que contén ademais unha adega abovedada singular. Moi preto deste conxunto histórico atópase un dos perfectos exemplos do barroco compostelá no rural galego, a igrexa de Santo André.

A restauración do edificio iniciouse con múltiples colaboracións públicas sendo decisiva a actuación da primeira “Escola-Taller” da provincia xa en 1988, así coma outras actuacións que continuaron a rehabilitación dos edificios.

Esta reitoral cedese ao Concello de Ribadavia a través dun convenio co Bispado de Ourense para situar nel o Museo do Viño de Galicia, un espazo que ten como obxectivo a recuperación, conservación, documentación, investigacións, exhibición e difusión, de maneira científica e didáctica do noso patrimonio cultural e de interese vitivinícola, incorporando os fondos históricos e etnográficos, así coma a organización de actividades científicas, formativas, divulgativas e de ocio que incrementen e favorezan o coñecemento da cultura da vide e do viño en Galicia.

A Xunta de Galicia responsabilizouse a partir do ano 1995 dos traballos do proxecto museístico e de poñer en marcha todas as actuacións necesarias para a súa apertura e xestión. Resulta preocupante a falla de accións nas pasadas dúas lexislaturas por parte da Consellería de Cultura, xa que transcorridos 29 anos dende o inicio deste proxecto, foron moitas as visitas e as promesas dos gobernos do PP para poñer en marcha o Museo do Viño,

Grupo Parlamentario

pero que non se teñen concretado en accións para a apertura destas instalacións.

Tralas eleccións municipais celebradas no ano 2015, o inicio do mandato a Deputación Provincial de Ourense ofreceuse a participar colaborando coa Consellería de Cultura nos derradeiros traballos necesarios para a apertura do museo, pero na actualidade este espazo segue pechado.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

En que data ten previsto a Xunta de Galicia a apertura do Museo dos Viños de Galicia?

Pazo do Parlamento, 20 de xaneiro de 2017

Asdo.: Noela Blanco Rodríguez
Raúl Fernández Fernández
Concepción Burgo López
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Noela Blanco Rodríguez na data 20/01/2017 14:05:43

Raúl Fernández Fernández na data 20/01/2017 14:05:49

Maria de la Concepción Burgo López na data 20/01/2017 14:05:53

Á Mesa do Parlamento

Noela Blanco Rodríguez, Raúl Fernández Fernández e Julio Torrado Quintela, deputada e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

Dende o Grupo Socialista consideramos unha prioridade a posta en marcha dun Plan xeral de reordenación, modernización e mellora da rede de centros de saúde de Atención Primaria, a fin de que este servizo asistencial básico sexa o máis axeitado ás necesidades actuais. Neste marco, Ourense non pode, como ocorreu nas anteriores legislaturas dos gobernos do PP e a pesares das demandas dos veciños e veciñas de Ourense e de xeito singular dos barrios con maior poboación, quedar atrás na construción dos novos equipamentos sanitarios.

O anterior goberno socialista do Concello de Ourense permitiu poñer a disposición da Xunta de Galicia e formalizar a cesión de dúas parcelas de titularidade municipal nos barrios do Couto e do Vinteún para a construción de sendos centros de saúde. Realizouse un enorme esforzo económico e de xestión para expropiar nun tempo récord as parcelas no Couto e acadar a ocupación da parcela do Vinteún, esta última cun esforzo adicional de explanación (1.250 metros cadrados de superficie), e urbanización (284.603,62 €) por parte do concello, para adaptala ás demandas da Consellería de Sanidade.

Asemade, os socialistas xa no ano 2010 facilitaron á Xunta de Galicia 6 posibles situacións para a construción dun novo centro de saúde no barrio de Mariñamansa e o seu contorno, dando resposta á demanda trasladada polos representantes de 18 asociacións veciñais do sur da cidade na que expoñían que *“o edificio do actual Centro de Saúde de Mariñamansa, co paso do tempo quedou pequeno e non pode albergar novas infraestruturas para facer cirurxía menor, espazos para educación maternal e de fomento do aleitamento natural, etc.”* e demandaban previsión de solo para novas infraestruturas sanitarias.

Grupo Parlamentario



Pasadas xa máis de dúas lexislaturas dende o inicio dos trámites por parte do concello para poñer a dispor os terreos co único fin de que a Xunta de Galicia, dende o 2009 gobernada polo PP, comprometera e executara as 3 obras para a construción de novos equipamentos sanitarios en O Couto, O Vinteún e Mariñamansa; a día de hoxe, só se acadou a construción do Novo Centro de Saúde para o barrio do Couto, rematado recentemente e que foi licitado no ano 2012.

Por todo o exposto, a deputada e os deputados que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Ten previsto a Xunta de Galicia a construción en Ourense de novos centros de saúde?

Pazo do Parlamento, 20 de xaneiro de 2017

Asdo.: Noela Blanco Rodríguez

Raúl Fernández Fernández

Julio Torrado Quintela

Deputada e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Noela Blanco Rodríguez na data 20/01/2017 14:08:03

Raúl Fernández Fernández na data 20/01/2017 14:08:08

Julio Torrado Quintela na data 20/01/2017 14:08:13

Á Mesa do Parlamento

Noela Blanco Rodríguez, Raúl Fernández Fernández e Julio Torrado Quintela, deputada e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

A construción dos novos centros de saúde comprometidos polo Sr. Feijoo dende a súa chegada ao Goberno da Xunta de Galicia no ano 2009, é un dos mellores exemplos do fracaso, das mentiras, das trampas, da ocultación, e da privatización indiscriminada que caracteriza a xestión sanitaria levada a cabo baixo o seu mandato.

Pola contra, dende o Grupo Socialista sempre consideramos unha prioridade a posta en marcha dun Plan xeral de reordenación, modernización e mellora da rede de centros de saúde de Atención Primaria, a fin de que este servizo asistencial básico sexa o máis axeitado ás necesidades actuais.

Dende que chegou o PP de Feijoo ao Goberno foron mudando os compromisos ano tras ano, mesmo modificando os nomes dos concellos onde se ían construír os centros nun baile de nomes intolerable, sobre todo para aqueles concellos nos que fixeron o esforzo de adquirir os terreos para cederllos á Xunta de Galicia co propósito de que esta cumprira co compromiso de construír estas novas infraestruturas. Un dos exemplos deste desleixo dos gobernos do PP é o centro de saúde de Ribadavia. A capital e a comarca do Ribeiro necesitan un novo centro de saúde para atender á poboación, tendo en conta os problemas estruturais que presenta o agora existente con 30 anos de antigüidade, aos que hai que engadir a súa localización a beiras do Avia, nunha zona inundable e con exceso de humidade.

A iniciativa de construír un centro de saúde noutra zona de Ribadavia partiu no ano 2007 do equipo de goberno do concello, e en setembro de 2008 producíase a cesión á Xunta de Galicia dunha parcela no Campo da Feira adquirida a particulares cun gasto aproximado de 30.000 euros. Ao mes seguinte, a Consellería de Sanidade licitaba a redacción do proxecto,

Grupo Parlamentario

ascendendo o investimento calculado polos técnicos a 2.890.000 euros, para un edificio de dúas plantas e un total de 2.500 metros cadrados útiles. Aprobouse ademais por parte do Concello de Ribadavia unha modificación puntual da superficie, que antes era rústica e agora é dotacional, e como tal se contempla no futuro Plan Xeral de Ordenación.

Na actualidade a construción desta infraestrutura segue paralizada, e sen previsión de que comece a execución do proxecto nos vindeiros meses.

Por todo o exposto, a deputada e os deputados que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Ten previsto o Goberno da Xunta de Galicia construír un novo centro de saúde en Ribadavia?

Pazo do Parlamento, 21 de outubro de 2016

Asdo.: Noela Blanco Rodríguez

Raúl Fernández Fernández

Julio Torrado Quintela

Deputada e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Noela Blanco Rodríguez na data 20/01/2017 14:09:15

Raúl Fernández Fernández na data 20/01/2017 14:09:21

Julio Torrado Quintela na data 20/01/2017 14:09:27

Á Mesa do Parlamento

Noela Blanco Rodríguez, Raúl Fernández Fernández e Julio Torrado Quintela, deputada e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para o seu debate **oral en Pleno**.

A situación da atención aos dependentes e aos nosos maiores, están a sufrir un grave deterioro derivado das políticas de redución e desatención dos gobernos do señor Feijoo, ademais do limbo da dependencia, nos últimos anos a dereita converteu en costume a privatización da xestión de centros públicos, así como o desvío das peticións de prazas a residencias concertadas, evidenciando unha vez máis o interese do Partido Popular en privatizar os servizos públicos para facer negocio a conta dos mesmos.

Este ámbito é mostra tamén das disfuncións territoriais e da marxinación que sofre Ourense, precisamente na provincia máis envellecida de España, onde o número de persoas maiores de 64 anos triplica á das menores de 16. A residencia de maiores do Cornuval, radicada no Concello do Carballiño, é un exemplo desta política de desmantelamento do público posta en marcha pola dereita.

As instalacións deste centro, cuxa apertura se retrasou durante case cinco anos dende a finalización das obras, tiveron un custe para o Goberno galego de 6,7 millóns de euros. Os socialistas defendemos daquela, e seguimos mantendo, que para garantir a igualdade e calidade na prestación das políticas sociais a xestión deste centro debera ser tamén pública.

A pesares das mobilizacións protagonizadas daquela pola plataforma cidadá en defensa da residencia do Cornuval, da que formaban parte formacións políticas, sindicatos, veciños e veciñas do Carballiño, a Xunta de Galicia, a través da Consellería de Traballo e Benestar Social, licitaba en novembro de 2014, e adxudicaba posteriormente a Xestión desta residencia de maiores construída con cartos públicos a unha empresa privada.

Grupo Parlamentario

Á privatización da xestión deste centro súmase tamén o feito de estar infrautilizado, xa que despois de dous anos de funcionamento, con tan só 20 prazas cubertas do total de 84 para as que foron creadas estas instalacións, a Administración autonómica unicamente creou recentemente outras cinco, pasando a contar con 25 persoas dependentes. Contribuíndo este feito non soamente a incrementar a lista de espera nunha comarca especialmente envellecida, senón tamén a que o equipamento deste centro corra o risco de deteriorarse polo desuso, e a perder a oportunidade de xerar emprego.

Polo exposto, a deputada e os deputados que asinan formulan as seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Cales foron as razóns da privatización da xestión da residencia de maiores O Cornuval do Carballiño?

Pazo do Parlamento, 20 de xaneiro de 2017

Asdo.: Noela Blanco Rodríguez
Raúl Fernández Fernández
Julio Torrado Quintela
Deputada e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Noela Blanco Rodríguez na data 20/01/2017 14:11:18

Raúl Fernández Fernández na data 20/01/2017 14:11:24

Julio Torrado Quintela na data 20/01/2017 14:11:29

Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Noela Blanco Rodríguez, Abel Losada Álvarez e Julio Torrado Quintela, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta oral en Pleno**.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Os retallos emprendidos polo Goberno de Feijoo en materia de Política social chegaron tamén ao benestar e ás necesidades dos menores, levando a cabo políticas que derivaron no abandono ou na privatización de gran parte dos recursos relacionados co sistema de protección, empregando como excusa a crise para reducir custes, e relegando a un segundo plano o fomento de programas de acollida e de formación ás familias acolledoras. As políticas da dereita dificultan pois, o cumprimento dos obxectivos do acollemento: garantir a protección de cada menor e procurar o seu benestar, ofrecéndolle unha atención e educación integral nun marco de convivencia normalizado, potenciando as súas calidades e fomentando a súa autonomía persoal e a súa integración social.

Recentemente coñecíamos, a través dos medios de comunicación, unha denuncia onde se describen supostas situacións de crueldade e violencia verbal e física continuada no centro concertado de acollida de menores, Hogar de San José de las Hermanas de la Caridad de Vigo.

Polo exposto, a deputada e os deputados que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Coñecía o Goberno galego a existencia de denuncias de supostos malos tratos neste centro concertado?

Pazo do Parlamento, 20 de xaneiro de 2017

Asdo.: Noela Blanco Rodríguez
Abel Losada Alvarez
Julio Torrado Quintela
Deputada e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia



Grupo Parlamentario

Asinado dixitalmente por:

Noela Blanco Rodríguez na data 20/01/2017 14:14:22

Abel Fermín Losada Álvarez na data 20/01/2017 14:14:29

Julio Torrado Quintela na data 20/01/2017 14:14:34

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Juan Manuel Díaz Villoslada e Patricia Vilán Lorenzo, deputado e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

Como sinala a exposición de motivos da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, os mecanismos de transparencia e bo goberno funcionan como contrapesos que garanten a protección da cidadanía fronte a hipotéticas arbitrariedades do poder público e o uso indebido dos cartos ou patrimonio públicos. As incompatibilidades das persoas que exerzan altos cargos, a publicidade das actividades do Goberno e o exame cidadán de toda esta información supoñen mecanismos de control e de limitación do poder estatal perante as liberdades civís.

Galicia foi pioneira en España en poñer en marcha os necesarios compromisos de transparencia coa aprobación da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración Pública galega. Novas esixencias sectoriais e o novo marco estatal de carácter básico determinado pola Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, deron lugar á nova Lei de Galicia 1/2016, que declara a importancia non só dos contidos ofertados senón da súa calidade, en materia de información institucional, de relevancia xurídica ou en materias como as relacións coa cidadanía, contratación pública, convenios, persoal, patrimonio ou información económica e orzamentaria.

Sen prexuízo das competencias que a dita Lei 1/2016 lle outorga ao Valedor do Pobo como Comisionado de Transparencia para o control do cumprimento das obrigas establecidas no título I da Lei, en materia de boas prácticas de goberno e transparencia pública hai que ter en conta as avaliacións e recomendacións de institucións e organismos independentes e especializados, coadxuvando así de forma obxectiva a avanzar na confianza cidadá no exercicio do poder público.

En decembro de 2016 *Transparencia Internacional España*, referencia do nivel de transparencia da Comunidade Autónoma que incorpora o propio Portal de Transparencia e Goberno Aberto da Xunta de Galicia, vén de presentar o último Índice de Transparencia das Comunidades Autónomas (INCAU 2016), que sitúa



Grupo Parlamentario

a Galicia no posto 13 das 17 comunidades. Este índice 2016 aínda non figura dispoñible no portal autonómico.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Como dato positivo, Galicia acada unha posición alta en (C) transparencia económico-financeira e (F) acceso á información, pero resulta rechamante a posición tan baixa que obtén nas outras catro áreas das seis avaliadas: (A) información sobre a comunidade autónoma, (B) participación cidadá, (D) contratacións, convenios, subvencións e custos dos servizos e (E) ordenación do territorio, urbanismo e obras públicas; área esta última, de especial sensibilidade, onde Galicia figura no penúltimo lugar.

Chama tamén a atención, a pesar do reiterado compromiso do Goberno galego na materia, que Galicia ten descendido na súa puntuación nesta avaliación desde o INCAU 2014 ao 2016; unicamente outras tres comunidades baixaron na súa avaliación. O resto, loxicamente, progresaron.

Pero ademais o INCAU 2016 incluíu de xeito experimental, en consonancia cos criterios e principios de publicidade activa recollidos na Lei 19/2013, unha avaliación cualitativa sobre un conxunto de dez indicadores seleccionados dos oitenta que contén o índice, estando clasificadas en A as comunidades mellor valoradas e en D as peores. Galicia obtén unha valoración C, unicamente aceptable, sendo en xeral mellorable o nivel de calidade media mostrada nos indicadores de referencia.

Por todo o exposto o deputado e a deputada que asinan preguntan:

Como valora o Goberno galego os resultados obtidos por Galicia no índice INCAU 2016 en relación co resto das comunidades autónomas?

Pazo do Parlamento, 20 de xaneiro de 2017

Asinado dixitalmente por:

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 23/01/2017 13:08:46

Patricia Vilán Lorenzo na data 23/01/2017 13:09:00



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/01/2017 13:36
Nº Rexistro: 3912
Data envío: 23/01/2017 13:36:45.599

Á Mesa do Parlamento

Olalla Rodil Fernández, Ana Belén Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores, Noa Presas Bergantiños e Luis Bará Torres, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, formulan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

A execución da obra de ampliación do dique de abrigo do Porto de Celeiro supuxo efectos sobre un areal situado ao oeste da ría na denominada Praia de Covas (Viveiro). Neste senso, malia que no proxecto estaba prevista a implementación como medida correctora dun trasvase de area de 30.000 metros cúbicos, até o momento non se ten realizado ningunha actuación na zona.

Perante a inacción a Plataforma Salvemos a Praia de Covas denunciou o caso na Valedora do Pobo que abriu expediente. Con data de 4 de xaneiro de 2017 a Valedora informou á veciñanza da situación na que se atopa a obra de trasvase, comprometida así as cousas polo deputado do Partido Popular en Madrid, Jaime de Olano para setembro do pasado ano.

Segundo a Consellaría do Mar a obra efectuaríase de maneira conxunta entre Portos de Galiza e Costas sendo que cada unha das administracións (galega e estatal) asumirían o custe de candanseus 15 mil metros cúbicos de area.

Porén, en novembro de 2016 o Servizo Provincial de Costas informa á Valedora de que por “restricións orzamentarias non se considera posíbel a colaboración financeira para sufragar o custe do trasvase”. Razón pola que Portos de Galicia “pretende acadar dispoñibilidades orzamentarias para asumir en exclusiva o custe desta medida



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/01/2017 13:36
Nº Rexistro: 3912
Data envío: 23/01/2017 13:36:45.599

provisional”, de acordo coa información recollida no expediente de queixa aberto pola Valedora.

A finais de 2016, concretamente o 13 de decembro, Servizo Provincial de Costas emite autorización para a execución do trasvase. Até o momento non se iniciou.

Por todo o exposto formulamos a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno:

- Cando e con que orzamento prevé a Xunta que se inicie o trasvase de area na Praia de Covas?

Santiago de Compostela, 23 de xaneiro de 2017

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

Xosé Luis Rivas Cruz

Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Xosé Luis Bará Torres

Ana Belén Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/01/2017 13:36
Nº Rexistro: 3912
Data envío: 23/01/2017 13:36:45.599

Olalla Rodil Fernández na data 23/01/2017 13:34:18

Xose Luis Rivas Cruz na data 23/01/2017 13:34:26

María Montserrat Prado Cores na data 23/01/2017 13:34:31

Noa Presas Bergantiños na data 23/01/2017 13:34:32

Xosé Luis Bará Torres na data 23/01/2017 13:34:36

Ana Pontón Mondelo na data 23/01/2017 13:34:39



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/01/2017 13:42
Nº Rexistro: 3916
Data envío: 23/01/2017 13:42:59.896

Á Mesa do Parlamento

Olalla Rodil Fernández, Ana Belén Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores, Noa Presas Bergantiños e Luis Bará Torres, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, formulan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

A VAC da Costa Norte, 80 km. que unirán a localidade mariñá de Barreiros coa cidade de Ferrol, foi prometida pola Xunta de Galiza para o ano 2007. Despois dunha década apenas foron construídos pouco máis de 16 km. No concreto, oito no tramo de Ortigueira xunto cos recentemente inaugurados 8km. entre Celeiro e San Cibrao.

Unha década de atrasos que manteñen en illamento as poboacións do litoral norte do país e que causa un profundo malestar e rexeitamento entre os gobernos municipais destas comarcas, como evidenciou o manifesto publicado de maneira conxunta polas alcaldías de Ferrol, Narón, Neda, Cedeira, San Sadurniño, Valdoviño, Moeche, Cerdido, Oourol, Viveiro, Cariño e Ortigueira.

Dentro do proxecto inclúese a construción da denominada Variante de Viveiro, unha infraestrutura, en forma de i grego, chave para a mellora da conexión por estrada da localidade e para evitar, ademais, que o tráfico pesado e comercial pase polo centro da vila.

O proxecto orixinal, consensuado coa veciñanza, foi modificado polo goberno galego en 2010 o que carrexou malestar, críticas e mesmo un recurso xudicial que finalmente foi resolto en favor da administración polo Tribunal Supremo.



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/01/2017 13:42
Nº Rexistro: 3916
Data envío: 23/01/2017 13:42:59.896

Por todo o exposto, formulamos a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno:

Que orzamento e prazos manexa o goberno para iniciar as obras de construción da Variante de Viveiro?

Santiago de Compostela, 23 de xaneiro de 2017

Asdo.: Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Luis Bará Torres

Ana Belén Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 23/01/2017 13:42:15

Xosé Luis Rivas Cruz na data 23/01/2017 13:42:21

María Montserrat Prado Cores na data 23/01/2017 13:42:25

Noa Presas Bergantiños na data 23/01/2017 13:42:27



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/01/2017 13:42
Nº Rexistro: 3916

Data envío: 23/01/2017 13:42:59.896

Xosé Luis Bará Torres na data 23/01/2017 13:42:31

Ana Pontón Mondelo na data 23/01/2017 13:42:34

Á Mesa do Parlamento

Noela Blanco Rodríguez e Julio Torrado Quintela, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**.

Os datos da EPA referidos ao terceiro trimestre do ano 2016 reflicten que, si baixou o desemprego, pero tamén que a temporalidade e a precariedade se enquistan no mercado laboral galego.

A dramática situación que están atravesando milleiros de familias visualízase nos datos publicados polo Instituto Galego de Estatística (IGE), que indican que os fogares nos que todos os activos están no paro ascenden a 72.100, e que hai 34.800 vivendas que non teñen ningún perceptor de ingresos. A comparación con valores de 2009 é moi significativa, rexistrándose un incremento do 69 % no caso das vivendas nas que todos os activos están no paro, e do 91,4 % nas que os fogares non teñen ningún perceptor de ingresos.

A dificultade para atopar emprego segue sendo maior no caso das mulleres, pois se a taxa de desemprego en Galicia entre os homes é do 15,7 %, no caso das mulleres alcanza o 17,1 %. Tamén entre os máis novos e novas, a pesares da emigración masiva de milleiros de mozos e mozas máis aló das nosas fronteiras, a taxa de desemprego chega ata o 37,6 %.

No trimestre aumentaron tanto os asalariados con contrato indefinido como os de tempo parcial, aínda que moito máis estes últimos, un 9,9 % fronte ao 1,1 %, volvendo a taxa de temporalidade a valores elevadísimos.

Finalmente, das estatísticas da EPA tamén se obtén un dato moi significativo pola súa negatividade, en Galicia a taxa de parcialidade involuntaria xa é do 63 %, é dicir, que de cada cen persoas que teñen un contrato a tempo parcial, 63 o teñen por non atopar un a tempo completo, non por decisión propia.

Á vista destes datos é evidente que a recuperación do emprego, tanto en Galicia como no resto do Estado, é só en termos cuantitativos, estacional e precaria. As medidas do Goberno, centradas nunha reforma laboral lesiva e

Grupo Parlamentario

inxusta para as e os cidadáns, lonxe de corraxir a dualidade do mercado laboral, están estendendo a precariedade e a desigualdade.

O Grupo Parlamentario Socialista considera que só se conseguirá encarar a recuperación de xeito sostible e diminuír os niveis de desigualdade e pobreza, facendo unha aposta clara por factores que permitan á economía crecer a medio e longo prazo e que mellore as rendas dos traballadores e traballadoras.

Por todo o exposto, a deputada e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Tendo en conta a situación de urxente necesidade na que se atopan milleiros de familias en Galicia, ten previsto o Goberno galego corraxir aqueles apartados que dificultan a implantación da Lei de inclusión social?

Pazo do Parlamento, 23 de xaneiro de 2017

Asdo.: Noela Blanco Rodríguez

Julio Torrado Quintela

Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Noela Blanco Rodríguez na data 23/01/2017 13:33:44

Julio Torrado Quintela na data 23/01/2017 13:33:50

Á Mesa do Parlamento

Noela Blanco Rodríguez e Julio Torrado Quintela, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**.

Os datos da EPA referidos ao terceiro trimestre do ano 2016 reflicten que, si baixou o desemprego, pero tamén que a temporalidade e a precariedade se enquistan no mercado laboral galego.

A dramática situación que están atravesando milleiros de familias visualízase nos datos publicados polo Instituto Galego de Estatística (IGE), que indican que os fogares nos que todos os activos están no paro ascenden a 72.100, e que hai 34.800 vivendas que non teñen ningún perceptor de ingresos. A comparación con valores de 2009 é moi significativa, rexistrándose un incremento do 69 % no caso das vivendas nas que todos os activos están no paro, e do 91,4 % nas que os fogares non teñen ningún perceptor de ingresos.

A dificultade para atopar emprego segue sendo maior no caso das mulleres, pois se a taxa de desemprego en Galicia entre os homes é do 15,7 %, no caso das mulleres alcanza o 17,1 %. Tamén entre os máis novos e novas, a pesares da emigración masiva de milleiros de mozos e mozas máis aló das nosas fronteiras, a taxa de desemprego chega ata o 37,6 %.

No trimestre aumentaron tanto os asalariados con contrato indefinido como os de tempo parcial, aínda que moito máis estes últimos, un 9,9 % fronte ao 1,1 %, volvendo a taxa de temporalidade a valores elevadísimos.

Finalmente, das estatísticas da EPA tamén se obtén un dato moi significativo pola súa negatividade, en Galicia a taxa de parcialidade involuntaria xa é do 63 %, é dicir, que de cada cen persoas que teñen un contrato a tempo parcial, 63 o teñen por non atopar un a tempo completo, non por decisión propia.

Á vista destes datos é evidente que a recuperación do emprego, tanto en Galicia como no resto do Estado, é só en termos cuantitativos, estacional e precaria. As medidas do Goberno, centradas nunha reforma laboral lesiva e

Grupo Parlamentario

inxusta para as e os cidadáns, lonxe de corraxir a dualidade do mercado laboral, están estendendo a precariedade e a desigualdade.

O Grupo Parlamentario Socialista considera que só se conseguirá encarar a recuperación de xeito sostible e diminuír os niveis de desigualdade e pobreza, facendo unha aposta clara por factores que permitan á economía crecer a medio e longo prazo e que mellore as rendas dos traballadores e traballadoras.

Por todo o exposto, a deputada e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Pensa o Goberno galego que se mellorou a situación do desemprego en Galicia con respecto ao ano 2009?

Pazo do Parlamento, 23 de xaneiro de 2017

Asdo.: Noela Blanco Rodríguez

Julio Torrado Quintela

Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Noela Blanco Rodríguez na data 23/01/2017 13:35:31

Julio Torrado Quintela na data 23/01/2017 13:35:36

Á Mesa do Parlamento

Noela Blanco Rodríguez e Julio Torrado Quintela, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**.

Os datos da EPA referidos ao terceiro trimestre do ano 2016 reflicten que, si baixou o desemprego, pero tamén que a temporalidade e a precariedade se enquistan no mercado laboral galego.

A dramática situación que están atravesando milleiros de familias visualízase nos datos publicados polo Instituto Galego de Estatística (IGE), que indican que os fogares nos que todos os activos están no paro ascenden a 72.100, e que hai 34.800 vivendas que non teñen ningún perceptor de ingresos. A comparación con valores de 2009 é moi significativa, rexistrándose un incremento do 69 % no caso das vivendas nas que todos os activos están no paro, e do 91,4 % nas que os fogares non teñen ningún perceptor de ingresos.

A dificultade para atopar emprego segue sendo maior no caso das mulleres, pois se a taxa de desemprego en Galicia entre os homes é do 15,7 %, no caso das mulleres alcanza o 17,1 %. Tamén entre os máis novos e novas, a pesares da emigración masiva de milleiros de mozos e mozas máis aló das nosas fronteiras, a taxa de desemprego chega ata o 37,6 %.

No trimestre aumentaron tanto os asalariados con contrato indefinido como os de tempo parcial, aínda que moito máis estes últimos, un 9,9 % fronte ao 1,1 %, volvendo a taxa de temporalidade a valores elevadísimos.

Finalmente, das estatísticas da EPA tamén se obtén un dato moi significativo pola súa negatividade, en Galicia a taxa de parcialidade involuntaria xa é do 63 %, é dicir, que de cada cen persoas que teñen un contrato a tempo parcial, 63 o teñen por non atopar un a tempo completo, non por decisión propia.

Á vista destes datos é evidente que a recuperación do emprego, tanto en Galicia como no resto do Estado, é só en termos cuantitativos, estacional e precaria. As medidas do Goberno, centradas nunha reforma laboral lesiva e

Grupo Parlamentario

inxusta para as e os cidadáns, lonxe de corrixir a dualidade do mercado laboral, están estendendo a precariedade e a desigualdade.

O Grupo Parlamentario Socialista considera que só se conseguirá encarar a recuperación de xeito sostible e diminuír os niveis de desigualdade e pobreza, facendo unha aposta clara por factores que permitan á economía crecer a medio e longo prazo e que mellore as rendas dos traballadores e traballadoras.

Por todo o exposto, a deputada e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Tendo en conta a situación de urxente necesidade na que se atopan milleiros de familias en Galicia, ten previsto o Goberno galego modificar a Lei de inclusión asegurando o papel da Risga como dereito subxectivo?

Pazo do Parlamento, 23 de xaneiro de 2017

Asdo.: Noela Blanco Rodríguez

Julio Torrado Quintela

Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Noela Blanco Rodríguez na data 23/01/2017 13:36:24

Julio Torrado Quintela na data 23/01/2017 13:36:31



Á Mesa do Parlamento

Noela Blanco Rodríguez e Julio Torrado Quintela, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**.

Os datos da EPA referidos ao terceiro trimestre do ano 2016 reflicten que, si baixou o desemprego, pero tamén que a temporalidade e a precariedade se enquistan no mercado laboral galego.

A dramática situación que están atravesando milleiros de familias visualízase nos datos publicados polo Instituto Galego de Estatística (IGE), que indican que os fogares nos que todos os activos están no paro ascenden a 72.100, e que hai 34.800 vivendas que non teñen ningún perceptor de ingresos. A comparación con valores de 2009 é moi significativa, rexistrándose un incremento do 69 % no caso das vivendas nas que todos os activos están no paro, e do 91,4 % nas que os fogares non teñen ningún perceptor de ingresos.

A dificultade para atopar emprego segue sendo maior no caso das mulleres, pois se a taxa de desemprego en Galicia entre os homes é do 15,7 %, no caso das mulleres alcanza o 17,1 %. Tamén entre os máis novos e novas, a pesares da emigración masiva de milleiros de mozos e mozas máis aló das nosas fronteiras, a taxa de desemprego chega ata o 37,6 %.

No trimestre aumentaron tanto os asalariados con contrato indefinido como os de tempo parcial, aínda que moito máis estes últimos, un 9,9 % fronte ao 1,1 %, volvendo a taxa de temporalidade a valores elevadísimos.

Finalmente, das estatísticas da EPA tamén se obtén un dato moi significativo pola súa negatividade, en Galicia a taxa de parcialidade involuntaria xa é do 63 %, é dicir, que de cada cen persoas que teñen un contrato a tempo parcial, 63 o teñen por non atopar un a tempo completo, non por decisión propia.

Á vista destes datos é evidente que a recuperación do emprego, tanto en Galicia como no resto do Estado, é só en termos cuantitativos, estacional e precaria. As medidas do Goberno, centradas nunha reforma laboral lesiva e

Grupo Parlamentario

inxusta para as e os cidadáns, lonxe de corraxir a dualidade do mercado laboral, están estendendo a precariedade e a desigualdade.

O Grupo Parlamentario Socialista considera que só se conseguirá encarar a recuperación de xeito sostible e diminuír os niveis de desigualdade e pobreza, facendo unha aposta clara por factores que permitan á economía crecer a medio e longo prazo e que mellore as rendas dos traballadores e traballadoras.

Por todo o exposto, a deputada e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Pensa o Goberno galego que se reduciu a precariedade laboral en Galicia con respecto ao ano 2009?

Pazo do Parlamento, 23 de xaneiro de 2017

Asdo.: Noela Blanco Rodríguez
Julio Torrado Quintela
Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Noela Blanco Rodríguez na data 23/01/2017 13:37:10

Julio Torrado Quintela na data 23/01/2017 13:37:15

Á Mesa do Parlamento

Noela Blanco Rodríguez, Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e Juan Manuel Díaz Villoslada, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**.

Os secretarios e secretarias - interventores dos concellos desempeñan importantes e exclusivas funcións nestas institucións coma o asesoramento legal preceptivo da Corporación, e da súa presidencia e comisións, así como dar fe pública de todos os actos e acordos aos que se chegue.

O pasado 31 de outubro de 2016 na Sesión Plenaria do Concello de O Bolo, incorporouse para realizar as funcións de secretario unha persoa diferente á que viña desempeñando este traballo nos pasados anos, sen aviso previo, nin presentación de acreditación do posto a desempeñar diante dos grupos municipais. O Grupo Socialista realiza as seguintes preguntas xustificando o trámite de urxencia pola falla de constancia do nomeamento do mesmo, e o descoñecemento de qué organismo o efectuou, podendo supoñer esta situación unha grave vulneración da normativa vixente en materia de réxime local.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Deuse amparo dende a Xunta de Galicia a algún nomeamento para realizar as funcións de secretario, no Pleno do Concello de O Bolo celebrado o 31 de outubro de 2016?

Pazo do Parlamento, 23 de xaneiro de 2017

Asdo.: Noela Blanco Rodríguez
Matilde Begoña Rodríguez Rumbo
Juan Manuel Díaz Villoslada
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia



 Grupo Parlamentario

Asinado dixitalmente por:

Noela Blanco Rodríguez na data 23/01/2017 13:38:04

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 23/01/2017 13:38:09

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 23/01/2017 13:38:15

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Á Mesa do Parlamento

Noela Blanco Rodríguez e Luis Manuel Alvarez Martínez, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**.

A radiotelevisión pública galega, vital para o mantemento do espazo público democrático, o reforzamento da identidade do pobo galego, e a promoción da nosa cultura e lingua, está a vivir un preocupante deterioro nos últimos anos, con graves consecuencias para o pluralismo ideolóxico e social. Fronte a un escenario dixital que ameaza con novas discriminacións sociais e un panorama comercial cada vez máis concentrado e oligopolista de medios comerciais privados, que esixiría como contrapeso un servizo público forte e participativo, a RTVG perdeu rapidamente o seu peso e influencia social. Como exemplo, a cota de pantalla da TVG-1 afundiuse do 15,5 % do ano 2008 ao 9,3 % de 2015. O desmantelamento ao que se vén sometendo a este medio público, é tamén a causa da venda da TVG-2 a unha canle de contidos culturais pola semana e de deporte de fin de semana e que rematou sendo un caixón desastre que apenas acada o 1% de cota de pantalla.

Hoxe a radiotelevisión pública galega camiña cara á irrelevancia ou a desaparición, como consecuencia da manipulación sistemática destes oito anos de Goberno do Sr. Feijoo, da falta dun mandato claro de contidos e dos duros retallos do seu financiamento. A manipulación endémica da RTVG lastra a súa calidade, impide unha xestión eficaz da mesma e desnaturaliza a súa misión democrática.

Para mudar esta situación, consideramos que a radiotelevisión pública galega deba ter como base da súa actividade: a independencia, a estabilidade, responsabilidade, e participación da sociedade civil.

Grupo Parlamentario

Por todo o exposto, a deputada e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Que medidas vai poñer en marcha o Goberno galego para garantir a transparencia e o autocontrol da RTVG?

Pazo do Parlamento, 23 de xaneiro de 2017

Asdo.: Noela Blanco Rodríguez
Luis Manuel Álvarez Martínez
Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Noela Blanco Rodríguez na data 23/01/2017 13:39:29

Luis Manuel Álvarez Matínez na data 23/01/2017 13:39:35

Á Mesa do Parlamento

Noela Blanco Rodríguez e Luis Manuel Alvarez Martínez, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**.

A radiotelevisión pública galega, vital para o mantemento do espazo público democrático, o reforzamento da identidade do pobo galego, e a promoción da nosa cultura e lingua, está a vivir un preocupante deterioro nos últimos anos, con graves consecuencias para o pluralismo ideolóxico e social. Fronte a un escenario dixital que ameaza con novas discriminacións sociais e un panorama comercial cada vez máis concentrado e oligopolista de medios comerciais privados, que esixiría como contrapeso un servizo público forte e participativo, a RTVG perdeu rapidamente o seu peso e influencia social. Como exemplo, a cota de pantalla da TVG-1 afundiuse do 15,5 % do ano 2008 ao 9,3 % de 2015.

Hoxe a radiotelevisión pública galega camiña cara á irrelevancia ou a desaparición, como consecuencia da manipulación sistemática destes oito anos de Goberno do Sr. Feijoo, da falta dun mandato claro de contidos e dos duros retallos do seu financiamento. A manipulación endémica da RTVG lastra a súa calidade, impide unha xestión eficaz da mesma e desnaturaliza a súa misión democrática.

Para mudar esta situación, consideramos que a radiotelevisión pública galega deberá ter como base da súa actividade: a independencia, a estabilidade, responsabilidade, e participación da sociedade civil. Neste senso, os socialistas consideramos que é urxente tamén aumentar a participación dos traballadores e traballadoras para garantir o cumprimento dos obxectivos de independencia editorial e de calidade, para o cal cumpre poñer en marcha todos os instrumentos para garantir a independencia informativa, e a súa defensa respecto a toda presión externa, gubernamental ou privada.



Grupo Parlamentario

Por todo o exposto, a deputada e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Considera o Goberno galego que os traballadores e traballadoras da RTVG teñen garantida a súa independencia informativa?

Pazo do Parlamento, 23 de xaneiro de 2017

Asdo.: Noela Blanco Rodríguez
Luis Manuel Álvarez Martínez
Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Noela Blanco Rodríguez na data 23/01/2017 13:40:27

Luis Manuel Álvarez Matínez na data 23/01/2017 13:40:35

Á Mesa do Parlamento

Noela Blanco Rodríguez, Juan Manuel Díaz Villoslada e Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**.

As políticas de cooperación deben ser unha das ferramentas de solidariedade humana orientadas á loita efectiva contra a pobreza e as desigualdades, que permitan axudar ao desenvolvemento daquelas sociedades que polas súas especiais circunstancias sociais, económicas, políticas ou bélicas, precisan de axuda externa para garantir os dereitos inalienables que temos todos os seres humanos.

Durante os gobernos de Feijoo, o peso da política de cooperación sobre a totalidade do orzamento galego sempre foi marxinal, sufrindo retallos empregando como escusa a crise, ata chegar a menor dedicación orzamentaria dos derradeiros quince anos, o 0,04 % que dedica actualmente. Os retallos en cooperación, tanto polo Goberno de Rajoy como o de Feijoo, dificilmente tiveron impacto no control de déficit público e sen embargo si afectaron a milleiros de persoas de países empobrecidos, minguando a capacidade para xerar cambios positivos e sostibles nas vidas de persoas, comunidades, e países que os precisan.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Ten previsto a Xunta de Galicia impulsar un crecemento anual durante esta lexislatura da axuda oficial ao desenvolvemento?

Pazo do Parlamento, 23 de xaneiro de 2017

Asdo.: Noela Blanco Rodríguez
Patricia Vilán Lorenzo
Juan Manuel Díaz Villoslada
Matilde Begoña Rodríguez Rumbo



 Grupo Parlamentario

Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Noela Blanco Rodríguez na data 23/01/2017 13:41:29

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 23/01/2017 13:41:36

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 23/01/2017 13:41:44

Á Mesa do Parlamento

Noela Blanco Rodríguez e Julio Torrado Quintela, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**.

As políticas do Goberno de Feijoo supuxeron para a xeración mellor formada da nosa historia, a marcha de milleiros de mozos e mozas máis aló das nosas fronteiras, convertendo de novo a Galicia nun país de emigrantes. A emigración non soamente supón un drama social, senón tamén un lastre económico, pois a meirande parte dos que abandonaron Galicia nos derradeiros anos posúen unha alta cualificación académica e profesional, polo que a consecuencia desta situación é a perda de recursos humanos nos que as administracións públicas levan invertido millóns de euros en formación; investimento que non reverterá na nosa sociedade nin no noso sistema económico pola fuga de talentos.

O drama da emigración, motivada por non atopar emprego estable e de calidade, xunto coas elevadas taxas de desemprego xuvenil, un 37,6 % segundo os datos da EPA do terceiro trimestre de 2016, fan que a situación da mocidade galega sexa claramente preocupante.

O elevado paro xuvenil é un lastre que non ten precedentes na nosa economía, un problema gravísimo a curto prazo e crítico a medio e longo prazo, que conxela a evolución vital dunha xeración e pon en tela de xuízo o benestar social, económico, e demográfico do noso país.

Por todo o exposto, a deputada e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Que valoración fai o Goberno galego da situación económica e social da mocidade galega?

Pazo do Parlamento, 23 de xaneiro de 2017

Asdo.: Noela Blanco Rodríguez
Julio Torrado Quintela



Grupo Parlamentario

Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Noela Blanco Rodríguez na data 23/01/2017 13:42:34

Julio Torrado Quintela na data 23/01/2017 13:42:40

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Á Mesa do Parlamento

Noela Blanco Rodríguez, Raúl Fernández Fernández e Julio Torrado Quintela, deputada e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**.

O Dano Cerebral e o Ictus en particular, afectan anualmente en España a máis de 100.000 persoas, se consideramos que é a primeira causa de discapacidade entre as e os españois, as cifras apuntadas recentemente por FEDACE alertan de que cada ano no noso país prodúcense 104.071 casos novos.

O 59 % destas persoas, ata 106.000, veranse obrigadas a empezar novos proxectos de vida como consecuencia das secuelas resultantes da lesión. Algunhas estratexias no ámbito da saúde, como a estratexia ictus ou a do cancro, supuxeron avances significativos para salvar a vida a persoas que tiveron unha lesión no cerebro.

En relación ao Ictus, cabe sinalar que, aínda que se produciron importantes avances na detección precoz e na intervención mediante a aplicación do Código ictus, así como na investigación de novas técnicas intervencionistas e a aparición de fármacos que axudan a reducir os niveis de mortalidade entre a poboación non evitan que unha porcentaxe moi apreciable de persoas que sofren Ictus no noso país se lles diagnostique erroneamente xerando un atraso no tratamento o que provoca lesións irreversibles.

Se importante é o acerto no diagnóstico non o é menos que a persoa afectada de Ictus sexa tratada no menor tempo posible nun centro hospitalario que conte co equipo especializado en Dano Cerebral, tanto na etapa de atención aguda como no período establecido de rehabilitación pública.

É fundamental que tanto os afectados como os familiares das persoas afectadas de Ictus dispoñan dunha información adecuada sobre as causas do Dano Cerebral sufrido e sobre as secuelas ás que haberá de facer fronte.

Grupo Parlamentario

En Galicia so existen na actualidade dúas Unidades Específicas de Ictus, en Vigo e en Santiago, e outra formándose en A Coruña. Ourense é unha zona cun alto índice de patoloxía cerebrovascular, principalmente no Ictus isquémico, o que unido a que se trata dunha provincia onde case un 30 % da poboación é maior de 65 anos, e a que está demostrado que a presenza destas unidades diminúe a morbimortalidade e mellora a calidade de vida dos afectados e afectadas por esta patoloxía, fai necesaria a implantación da mesma.

Por todo o exposto, a deputada e os deputados que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Cre a Xunta de Galicia que é necesaria a creación dunha Unidade de Ictus no Complexo Hospitalario Universitario de Ourense (CHUOU)?

Pazo do Parlamento, 23 de xaneiro de 2017

Asdo.: Noela Blanco Rodríguez
Raúl Fernández Fernández
Julio Torrado Quintela
Deputada e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Noela Blanco Rodríguez na data 23/01/2017 13:51:07

Raúl Fernández Fernández na data 23/01/2017 13:51:13

Julio Torrado Quintela na data 23/01/2017 13:51:19

Á Mesa do Parlamento

Noela Blanco Rodríguez, Juan Manuel Díaz Villoslada e Julio Torrado Quintela, deputada e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**.

Segundo reflicten os datos oficiais do Ministerio de Emprego, en 2015 un total de 58 persoas faleceron en Galicia por accidente laboral.

En 2016, entre xaneiro e setembro producíronse na nosa comunidade 52 mortes en accidente de traballo. Se en 2015 houbo case cinco falecementos cada mes, ata setembro do 2016 a media achégase aos seis. En total, nos nove primeiros meses producíronse en Galicia 20.607 accidentes laborais con baixa, 404 deles considerados graves.

Galicia soporta un índice de mortalidade no traballo moi superior ao do conxunto do Estado. Esta realidade contrasta co feito de que na nosa comunidade se producen menos accidentes laborais que no resto do Estado. En 2015 foron un total de 24.411, ao redor do 5 % dos rexistrados no conxunto de España (449.223). Pola contra, as mortes superaron amplamente o 10 % do total (57 de 500). Por sectores, o problema afecta, sobre todo, ao da pesca -con 20 falecidos en 2014-, seguido da industria (10) e a construción (9). O sector servizos, que ocupa a seis de cada dez traballadores e traballadoras, sumou 16 mortes. Iso si, mentres que na industria e na construción o número de mortes se reduciu á metade na última década, isto non sucede no sector pesqueiro e marisqueiro, que mantén as súas cifras. Por sectores, o problema afecta, sobre todo, ao da pesca -con 20 falecidos en 2014-, seguido da industria (10) e a construción (9).

A saúde é un dereito fundamental tamén no traballo. Para elo é preciso promover a implantación de políticas preventivas que melloren a saúde e a seguridade das traballadoras e traballadores. O Grupo Socialista e as centrais sindicais vimos denunciando reiteradamente ante o Goberno de España e a Xunta de Galicia que a negativa evolución da sinistralidade laboral vén marcada polo deterioro constante das condicións de traballo, así

Grupo Parlamentario

como pola redución dos recursos dedicados á prevención de riscos nas empresas que inevitablemente están a supoñer un quebranto na saúde e na seguridade dos traballadores e traballadoras.

Fronte a isto, dende a Xunta de Galicia vén producindo o longo destes derradeiros anos, unha redución constante dos orzamentos dedicados á prevención de riscos laborais, concretamente os destinados ás actividades desenvolvidas polo Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral (ISSGA), a favor da seguridade e saúde no traballo, que pasaron dos 7.383.000 € no ano 2011, aos 5.638.000 € previstos para o 2016, o que supón unha redución de practicamente o 24 %.

Por todo o exposto, a deputada e os deputados que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Que valoración fai a Xunta de Galicia da evolución da siniestralidade laboral en Galicia?

Pazo do Parlamento, 23 de xaneiro de 2017

Asdo.: Noela Blanco Rodríguez
Juan Manuel Díaz Villoslada
Julio Torrado Quintela
Deputada e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Noela Blanco Rodríguez na data 23/01/2017 13:52:22

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 23/01/2017 13:52:28

Julio Torrado Quintela na data 23/01/2017 13:52:33

Á Mesa do Parlamento

Noela Blanco Rodríguez e **Julio Torrado Quintela**, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**.

Os cambios actuais nos novos perfís dos nenos e nenas do sistema de protección fan necesario seguir avanzando na consolidación das medidas de alternativa familiar para os menores do sistema de protección, así como no apoio ás familias como recurso activo do sistema de protección. Para iso é necesaria a atención integral das necesidades físicas, afectivas e emocionais dos nenos e nenas do sistema de protección galego, e poñer á súa disposición todos os recursos públicos que favorezan o seu desenvolvemento e autonomía, así como apoiar a todas aquelas familias galegas que, grazas á súa sensibilidade coa infancia, se responsabiliza do coidado destes nenos e nenas e lles ofrecen o seu fogar.

Toda a lexislación tanto a nivel estatal como a autonómica establece a primacía das medidas de alternativa familiar para todas aquelas persoas menores que se atopan en situación de desprotección. A nivel estatal, a actual *Lei 26/2015, do 28 de xullo, de modificación do sistema de protección á infancia e á adolescencia*, establece que nas actuacións de protección dos e das menores deben primar as medidas familiares fronte ás residenciais, as estables fronte ás temporais, e as consensuadas fronte ás impostas. Igualmente establece no artigo 21.3 que “co fin de favorecer que a vida do menor se desenvolva nunha contorna familiar, prevalecerá a medida de acollemento familiar sobre a de acollemento residencial para calquera menor, especialmente para menores de seis anos. Non se acordará o acollemento residencial para menores de tres anos salvo en supostos de imposibilidade, debidamente acreditada, de adoptar nese momento a medida de acollemento familiar ou cando esta medida non conveña ao interese superior do menor. Esta limitación para acordar o acollemento residencial aplicarase tamén aos menores de seis anos no prazo máis breve posible. En todo caso, e con carácter xeral, o acollemento residencial destes menores non terá unha duración superior a tres meses”. Así mesmo, o *Código Civil, no artigo 173 bis*, tras a modificación realizada pola mencionada lei, redefine as modalidades de acollemento familiar en función da súa duración e obxectivos.

Grupo Parlamentario

Na nosa comunidade, con arranxo ao disposto nos *artigos 15.1 e 16.2 da Lei 2/2006, do 14 de xuño, de dereito civil de Galicia*, e en aplicación dos principios reitores da actuación dos poderes públicos no exercicio das funcións de atención e protección á infancia e a adolescencia, para a adopción da medida de acollemento especifícase que se dará prioridade á utilización do acollemento familiar sobre o residencial.

O acollemento a menores en Galicia por familias que non gardan relación co menor é actualmente o 45 % do total dos diferentes tipos de acollemento.

Un ou unha menor nun residencial custa á administración 1300 € a 1800 € a mes use ou non o servizo. Hai menores de 0-6 anos nestes residenciais, habendo lista de espera de familias acolledoras.

A política social da Xunta de Galicia non é favorecer o acollemento familiar senón dotar de máis centros residenciais, a pesares de que o custo sexa 8 veces superior ao dunha familia e as consecuencias para o neno e a nena desastrosas.

Algunhas familias ademais están tendo problemas en relación ao dereito de maternidade, paternidade e lactancia cando se teñen que facer cargo de acollementos de urxencia, pois atópanse coa imposibilidade de ter acceso á concesión de ditos permisos, causando graves prexuízos tanto para as familias acolledoras como para os propios menores.

Por todo o exposto, a deputada e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Cales son as medidas postas en marcha pola Xunta de Galicia para reforzar a integración familiar para os e as menores que se atopan no sistema de protección en acollemento residencial?

Pazo do Parlamento, 23 de xaneiro de 2017

Asdo.: Julio Torrado Quintela

Noela Blanco Rodríguez

Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia



 Grupo Parlamentario

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 23/01/2017 13:53:52

Noela Blanco Rodríguez na data 23/01/2017 13:53:57

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Á Mesa do Parlamento

Noela Blanco Rodríguez e **Julio Torrado Quintela**, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**.

Os cambios actuais nos novos perfís dos nenos e nenas do sistema de protección fan necesario seguir avanzando na consolidación das medidas de alternativa familiar para os menores do sistema de protección, así como no apoio ás familias como recurso activo do sistema de protección. Para iso é necesaria a atención integral das necesidades físicas, afectivas e emocionais dos nenos e nenas do sistema de protección galego, e poñer á súa disposición todos os recursos públicos que favorezan o seu desenvolvemento e autonomía, así como apoiar a todas aquelas familias galegas que, grazas á súa sensibilidade coa infancia, se responsabilizan do coidado destes nenos e nenas e lles ofrecen o seu fogar.

Toda a lexislación tanto a nivel estatal como a autonómica establece a primacía das medidas de alternativa familiar para todas aquelas persoas menores que se atopan en situación de desprotección. A nivel estatal, a actual *Lei 26/2015, do 28 de xullo, de modificación do sistema de protección á infancia e á adolescencia*, establece que nas actuacións de protección dos e das menores deben primar as medidas familiares fronte ás residenciais, as estables fronte ás temporais, e as consensuadas fronte ás impostas. Igualmente establece no artigo 21.3 que “co fin de favorecer que a vida do menor se desenvolva nunha contorna familiar, prevalecerá a medida de acollemento familiar sobre a de acollemento residencial para calquera menor, especialmente para menores de seis anos. Non se acordará o acollemento residencial para menores de tres anos salvo en supostos de imposibilidade, debidamente acreditada, de adoptar nese momento a medida de acollemento familiar ou cando esta medida non conveña ao interese superior do menor. Esta limitación para acordar o acollemento residencial aplicarase tamén aos menores de seis anos no prazo máis breve posible. En todo caso, e con carácter xeral, o acollemento residencial destes menores non terá unha duración superior a tres meses”. Así mesmo, o *Código Civil, no artigo 173 bis*, tras a modificación realizada pola mencionada lei, redefine as modalidades de acollemento familiar en función da súa duración e obxectivos.

Grupo Parlamentario

Na nosa comunidade, con arranxo ao disposto nos *artigos 15.1 e 16.2 da Lei 2/2006, do 14 de xuño, de dereito civil de Galicia*, e en aplicación dos principios reitores da actuación dos poderes públicos no exercicio das funcións de atención e protección á infancia e a adolescencia, para a adopción da medida de acollemento especifícase que se dará prioridade á utilización do acollemento familiar sobre o residencial.

O acollemento a menores en Galicia por familias que non gardan relación co menor é actualmente o 45 % do total dos diferentes tipos de acollemento.

Un ou unha menor nun residencial custa á administración 1300 € a 1800 € a mes use ou non o servizo. Hai menores de 0-6 anos nestes residenciais, habendo lista de espera de familias acolledoras.

A política social da Xunta de Galicia non é favorecer o acollemento familiar senón dotar de máis centros residenciais, a pesares de que o custo sexa 8 veces superior ao dunha familia e as consecuencias para o neno e a nena desastrosas.

Algunhas familias ademais están tendo problemas en relación ao dereito de maternidade, paternidade e lactancia cando se teñen que facer cargo de acollementos de urxencia, pois atópanse coa imposibilidade de ter acceso á concesión de ditos permisos, causando graves prexuízos tanto para as familias acolledoras como para os propios menores.

Por todo o exposto, a deputada e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Ten previsto a Xunta de Galicia equiparar os permisos de maternidade, paternidade e lactancia, para as familias de acollemento segundo as circunstancias que a situación das mesmas o requira?

Pazo do Parlamento, 23 de xaneiro de 2017

Asdo.: Julio Torrado Quintela

Noela Blanco Rodríguez

Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia



 Grupo Parlamentario

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 23/01/2017 13:54:41

Noela Blanco Rodríguez na data 23/01/2017 13:54:47

Partido dos
Socialistas
de Galicia



Á Mesa do Parlamento

Noela Blanco Rodríguez, Raúl Fernández Fernández, Luis Manuel Álvarez Martínez e Concepción Burgo López, deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**.

Escoitamos dende hai tempo que o presidente da Xunta de Galicia e os diferentes cargos do Goberno repiten que a crise económica pola que estivo pasando o noso país ten chegado ao seu fin, e que xa chegou a ansiada recuperación económica.

Os deputados e as deputadas do Grupo Parlamentario Socialista queremos crer que estamos diante dunhas afirmacións sólidas e contrastadas por proceder de cargos públicos que ostentan unha grande responsabilidade. Sendo iso así, consideramos que ten chegado o momento de que os centros educativos galegos empecen a recuperar paulatinamente as condicións que tiñan antes da chegada da crise económica, considerando como prioritario o estado de conservación dos mesmos, pois é un feito contrastado que a partida económica dedicada para obras de RAM ten caído de maneira alarmante durante o Goberno do Sr. Feijoo.

Non debemos esquecer tampouco que durante estes anos nos que gobernou a dereita, o sistema educativo galego viu como se reducía o seu orzamento nuns 400 millóns de euros, e iso ten obviamente claras consecuencias no sistema educativo público: menos cartos para educación infantil, primaria e secundaria, formación profesional, universidades, menos persoal docente, repagos *ou* copagos en libros de texto e comedores escolares, menos cartos para bolsas de estudos, para gastos de funcionamento dos centros e para materiais didácticos, e 50 millóns de euros menos para obras de reparación e arranxos (RAM) en centros educativos, é dicir, un 75 % menos do que había no ano 2009.

Dende o Grupo Parlamentario Socialista recordamos tamén que Galicia ten transferidas as competencias en educación dende o ano 1983, período de tempo no cal o Partido Popular gobernou na nosa Comunidade Autónoma durante 25 deses trinta anos.

Un deses centros con necesidades de arranxos é o CEIP Emilia Pardo Bazán de Leiro (Ourense). Este colexio ten graves deficiencias de mantemento que deben ser resoltos de maneira urxente; caída de azulexos, presenza de maleza, persianas rotas, instalacións deportivas en mal estado, así coma niveis de sucidade intolerable derivados da mala xestión dun servizo de limpeza que depende dunha concesión municipal.

Entendemos que o estado de conservación dos centros educativos é moi importante tanto para seguridade dos alumnos e alumnas coma do persoal que traballa neles, así coma para o mantemento dun sistema público de calidade para todos e todas, polo que os deputados e as deputadas que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

De ter feito unha avaliación do estado no que se atopa o mesmo, que presuposto vai destinar a Consellería de Educación, Cultura e Ordenación Universitaria para o arranxo e dotación de equipamento no CEIP Emilia Pardo Bazán neste curso 2016/2017?

Pazo do Parlamento, 23 de xaneiro de 2017

Asdo.: Noela Blanco Rodríguez
Raúl Fernández Fernández
Luis Manuel Alvarez Martínez
Concepción Burgo López
Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Noela Blanco Rodríguez na data 23/01/2017 13:55:44

Raúl Fernández Fernández na data 23/01/2017 13:55:50

Luis Manuel Álvarez Matínez na data 23/01/2017 13:55:55

Maria de la Concepción Burgo López na data 23/01/2017 13:56:02

Á Mesa do Parlamento

Noela Blanco Rodríguez, Raúl Fernández Fernández e Julio Torrado Quintela, deputada e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**.

En abril do 2016 o Grupo Socialista xa denunciara a intención do Sergas de desmantelar o servizo de cociña do Complexo Hospitalario Universitario de Ourense, de cociña tradicional, para implantar un modelo privatizado denominado de “liña fría”. Este cambio suporía que se cociñaría unha soa vez á semana, para arrefriar esta comida despois gardándoa en bandexas nunha cámara de conservación a menos de 4 graos sen conxelar, para posteriormente requentala no momento de servila.

Na ampliación do CHUOU situarase unha nova cociña, mais ata o de agora ademais do retraso na súa posta en funcionamento, descoñécese o sistema que se vai empregar na mesma así como o persoal que se vai a encargar de dito servizo.

Non existe neste momento unha demanda para reverter agora o modelo de cociñas, máis ben todo o contrario, este modelo xa se implantou no Hospital Álvaro Cunqueiro de Vigo provocando numerosas queixas dos usuarios e usuarias e do persoal sanitario. Segundo teñen denunciado dende a implantación deste servizo no novo hospital privado de Vigo posto en marcha polo Goberno do PP, a comida que se lles está servindo aos doentes chega fría ou queimada, a regulación do sistema falla, e o estándar de calidade sobre os niveis coñecidos ata o de agora baixaron.

Ademais da diminución na calidade que suporía a privatización deste servizo, incrementaríase o custo do mesmo, e poñeríase en risco os postos de traballo do persoal que na actualidade se ocupa destas tarefas.

Grupo Parlamentario

Tendo en conta o anteriormente mencionado, a deputada e os deputados que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Ten previsto o Sergas poñer en marcha no Complexo Hospitalario Universitario de Ourense un modelo privatizado de “liña fría” que substitúa o modelo actual de cociña tradicional?

Pazo do Parlamento, 23 de xaneiro de 2017

Asdo.: Noela Blanco Rodríguez
Raúl Fernández Fernández
Julio Torrado Quintela
Deputada e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Noela Blanco Rodríguez na data 23/01/2017 13:56:54

Raúl Fernández Fernández na data 23/01/2017 13:56:59

Julio Torrado Quintela na data 23/01/2017 13:57:04

Á Mesa do Parlamento

Noela Blanco Rodríguez, Raúl Fernández Fernández e Julio Torrado Quintela, deputada e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**.

En abril do 2016 o Grupo Socialista xa denunciara a intención do Sergas de desmantelar o servizo de cociña do Complexo Hospitalario Universitario de Ourense, de cociña tradicional, para implantar un modelo privatizado denominado de “liña fría”. Este cambio suporía que se cociñaría unha soa vez á semana, para arrefriar esta comida despois gardándoa en bandexas nunha cámara de conservación a menos de 4 graos sen conxelar, para posteriormente requentala no momento de servila.

Na ampliación do CHUOU situarase unha nova cociña, mais ata o de agora ademais do retraso na súa posta en funcionamento, descoñécese o sistema que se vai empregar na mesma así como o persoal que se vai a encargar de dito servizo.

Non existe neste momento unha demanda para reverter agora o modelo de cociñas, máis ben todo o contrario, este modelo xa se implantou no Hospital Álvaro Cunqueiro de Vigo provocando numerosas queixas dos usuarios e usuarias e do persoal sanitario. Segundo teñen denunciado dende a implantación deste servizo no novo hospital privado de Vigo posto en marcha polo Goberno do PP, a comida que se lles está servindo aos doentes chega fría ou queimada, a regulación do sistema falla, e o estándar de calidade sobre os niveis coñecidos ata o de agora baixaron.

Ademais da diminución na calidade que suporía a privatización deste servizo, incrementaríase o custo do mesmo, e poñeríase en risco os postos de traballo do persoal que na actualidade se ocupa destas tarefas.

Grupo Parlamentario

Tendo en conta o anteriormente mencionado, a deputada e os deputados que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Contempla o Sergas a posibilidade de facer unha redución do persoal ou do número de horas de servizo que prestan os traballadores e traballadoras da cociña do Complexo Hospitalario Universitario de Ourense?

Pazo do Parlamento, 23 de xaneiro de 2017

Asdo.: Noela Blanco Rodríguez
Raúl Fernández Fernández
Julio Torrado Quintela
Deputada e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Noela Blanco Rodríguez na data 23/01/2017 13:57:37

Raúl Fernández Fernández na data 23/01/2017 13:57:42

Julio Torrado Quintela na data 23/01/2017 13:57:47

Á Mesa do Parlamento

María Luisa Pierres López, Concepción Burgo López e Luis Manuel Alvarez Martínez, deputadas e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**.

Falar de patrimonio é falar de identidade cultural.

Segundo a Lei 5/2016 do patrimonio cultural de Galicia, “*o patrimonio arquitectónico o integran os inmobles e os conxuntos destes, as obras da arquitectura e de enxeñería histórica ás que se lles recoñeza un papel relevante na construción do territorio e na súa caracterización cultural e que sexan testemuña dunha época histórica ou dos cambios na forma de entendela.*”

Sen embargo no artigo 88 de contidos do patrimonio arquitectónico se relatan os valores arquitectónicos das arquitecturas que serán susceptibles de protección, e obsérvase que a limitación para a protección da arquitectura moderna sitúase nas arquitecturas construídas ata o ano 1965.

No apartado 2 de dito artigo 88 apúntase non obstante que poderá recoñecérselles un significativo valor arquitectónico a os bens construídos con posterioridade ás datas sinaladas no apartado anterior, sempre que así se determine despois dun estudio pormenorizado.

Fronte a outros períodos artísticos e históricos, a arquitectura do século XX, especialmente a partir do seu segundo terzo, careceu dun nivel de protección acorde á importancia de numerosas construcións, que, en consecuencia, foron destruídas ou deformadas.

O debate xerado en toda España a raíz da desaparición da Casa Guzmán, do arquitecto Alejandro de la Sota, construída no ano 1979, fai que reflexionemos seriamente sobre o nivel de protección sobre este tipo de arquitecturas que son modelo e testemuña dun momento de cambios na arquitectura deste país.

Grupo Parlamentario

En Galicia contamos con exemplos parellos á Casa Guzmán. Obras posteriores ao ano 1965 de autoría do mesmo arquitecto, Alejandro de la Sota, así como moitas doutros e doutras profesionais de recoñecido prestixio e que supoñen extraordinarios exemplos do seu momento, que marcaron e marcan as pautas de novos estilos, actuando como testemuña vivo deses períodos.

A falta de protección de todas esas arquitecturas as expón á súa desaparición temperá, máis aínda cando os seus promotores non poden acceder a axudas que contribúan ao seu mantemento, especialmente cando estamos a falar de arquitecturas de marcado carácter singular.

No 2015 iniciouse a protección de 13 edificacións do movemento moderno, de entre os anos 1932-1965, presentadas pola Academia de Belas Artes á Xunta de Galicia para a súa conservación e recoñecemento dun período crucial, o que xa supuxo un avance importante.

Non obstante o Grupo Parlamentario Socialista considera preciso conseguir que o recoñecemento chegue á totalidade dos bos edificios ligados á nosa modernidade, independentemente da súa antigüidade, sendo imprescindible incidir na necesidade de valorar máis esta arquitectura para evitar riscos serios na súa conservación.

Os socialistas consideramos que esta circunstancia debe ser solventada con carácter de urxencia, e por iso as deputadas e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Hai previsión de realizar un estudo dirixido a levar a cabo a protección urxente das arquitecturas e construcións posteriores ao ano 1965 que non están contempladas na vixente Lei 5/2016 do patrimonio cultural de Galicia?

Pazo do Parlamento, 23 de xaneiro de 2017

Asdo.: María Luisa Pierres López
Concepción Burgo López
Luis Manuel Alvarez Martínez



 Grupo Parlamentario

Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

María Luisa Pierres López na data 23/01/2017 14:23:11

María de la Concepción Burgo López na data 23/01/2017 14:23:16

Luis Manuel Álvarez Matínez na data 23/01/2017 14:23:20

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Á MESA DO PARLAMENTO

Marcos Cal Ogando, Paula Quinteiro Araujo e Paula Vázquez Verao, deputado e deputadas do Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do artigo 155 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

Nos últimos anos fomos testemuñas dos avances acadados pola sociedade no que ten a ver coa sensibilización e concienciación en materia de igualdade de xénero e a loita contra as violencias machistas, pero, como case sempre, as institucións non están á altura dos avances sociais e van uns pasos por detrás.

Escoitando os discursos de todas as formacións políticas con representación no Parlamento, podemos observar como houbo tamén un gran avance, tanto nos termos utilizados como na importancia que se lle dá a este asunto.

Hai varias semanas, acordamos unha declaración institucional condenando as violencias machistas na que se expresaba un compromiso institucional para loitar contra esta lacra e na procura da igualdade entre homes e mulleres.

Paralelamente, tamén observamos como os investimentos e os plans dedicados a erradicar as violencias machistas e a favorecer a igualdade entre homes e mulleres non acompañan proporcionalmente este consenso que se acadou nos discursos políticos, tanto no eido da sociedade como no das formacións políticas e, por exemplo, unha das accións de maior importancia neste traballo, que é a atención na institución máis próxima á cidadanía, os concellos, estase vendo deteriorada por diversos factores como son a chamada “Lei Montoro” - Lei 27/2013, de Racionalización e Sostibilidade da Administración Local, e a Lei do teito orzamentario, a caída dos orzamentos da Xunta destinados á defensa da



igualdade nas entidades locais ou a falta de regulamento específico que garanta este servizo.

Os CIM galegos están subvencionados nun 80% pola UE, polo que a pouco que se incremente a atención da Xunta de Galicia poderemos garantir este servizo en todos os concellos, dunha ou doutra maneira.

Por todo o exposto, formulamos a seguinte pregunta:

Ten pensado o Goberno da Xunta avanzar nalgún plan que garanta que todas as mulleres de Galicia teñan un CIM accesible, cos recursos precisos para dar un servizo de calidade?

Santiago de Compostela, 23 de xaneiro de 2017.

Asdo.: Marcos Cal Ogando

Paula Quinteiro Araujo

Paula Vázquez Verao

Deputado e deputadas do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Marcos Cal Ogando na data 23/01/2017 16:22:28



Paula Quinteiro Araújo na data 23/01/2017 16:22:41

Paula Vázquez Verao na data 23/01/2017 16:22:50

Á MESA DO PARLAMENTO

Paula Vázquez Verao, deputada de **En Marea**, ao abeiro do artigo 155 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Pleno**, relacionada co estudo de impacto ambiental dun proxecto de canalización de augas residuais ao río Ponte de Enviande, limítrofe entre Chantada e Taboada

No BOP nº 247 da provincia de Lugo, o 27 de outubro de 2016, cun erro subsanado no BOP nº272, publicouse o anuncio de apertura do prazo dun mes de exposición pública do *Expediente de verquido de augas residuais e obras en dominio público hidráulico*, na Confederación Hidrográfica Miño-Sil, para as obras dunha “conducción de efluente da EDAR da Queixería “Casa Macán S. L” (instalada en Taboada) ao punto de verquido definitivo no regato Ponte de Enviande”.

O río Enviande, que nace na serra do Faro, ten un curso de 12, 21 km e é limítrofe entre os Concellos de Taboada e Chantada, sendo afluente do río Miño.

A obra en cuestión trátase dunha nova canalización para a EDAR da fábrica, cambiando o punto de verquido no río Piñeira para o río Enviande, nunha zona limítrofe entre os termos municipais de Taboada e Chantada, administración local esta na que non estivo o expediente a exposición pública; para o acceso ao expediente por parte das comunidades directamente afectadas por dita obra a administración local de Taboada puxo trabas.

O verquido produciríase, pois, nunha zona limítrofe dos concellos de Chantada e



Taboada, transcorrendo a canalización polo concello de Taboada. Dito verquido producirase directamente sobre o cauce a través dun tubo de 90 mm de diámetro exterior e 66 mm interior, calculándose un caudal máximo de saída de 20 m³/hora.

A empresa Lácteos Casa Macán, foi condenada por sentenza firme polo Xulgado do penal nº 1 de Lugo por verquidos que mataron dúas vacas e secaron trinta árbores, entre outros danos. Segundo o fiscal, desde o comezo da súa actividade en 2004 verteu as augas residuais sen depurar ao río de Piñeiras que verte as augas no río Vilela. En 2008 axentes do Seprona certificaron que os vertidos eran incompatíbeis coa vida e que discorrían visibelmente por un tramo de catro quilómetros antes de diluírse.

Dende o Concello de Taboada rexeitaron que, nesta nova solicitude de verquido, a fábrica vertera ao río Moreda, por ter alí a captación da traída de auga municipal, pedindo á Confederación Hidrográfica Miño-Sil que o verquido fose para outro lugar, chegando a un acordo coa fábrica e a Confederación para cambiar o verquido, levándoo así ao río Enviande, ou da Elfe, alongando o traxecto que percorrería o verquido.

En declaracións públicas, o rexedor de Taboada chega a tranquilizar á veciñanza de Taboada xa que o verquido non será no río Moreda, e, polo tanto, non afectará ao punto de captación da traída de auga de Taboada, dicindo que “é normal” que existise inquietude, dando a entender que o verquido industrial, pese a ter EDAR a fábrica de queixos, non sería compatible coa captación de augas.

No expediente do verquido non consta informe de impacto ambiental. De acordo co disposto no artigo 1, epígrafe 2, do Real Decreto 1302/1986, de avaliación de impacto ambiental, modificado pola Lei 6/2001, os proxectos públicos ou



privados, consistentes na realización de obras, instalacións ou de calquera outra actividade comprendida no anexo II deste Real Decreto legislativo só deberán someterse a avaliación de impacto ambiental na forma prevista nesta disposición, cando así o decida o órgano ambiental en cada caso. A decisión, que debe ser motivada e pública, axustarase aos criterios establecidos no anexo III. Esta mesma obriga aparece establecida de forma igualmente clara no artigo 4 da Directiva 85/337/CEE, relativa á avaliación das repercusións de determinados proxectos públicos e privados sobre o medio ambiente, á que se ten que adaptar a lexislación de impacto ambiental dos estados membros.

Entre os proxectos contemplados na liña 2 do artigo 4 da Directiva 85/337/CEE ou no epígrafe 2 do artigo 1 do Real Decreto Legislativo 1302/1986, o anexo II da Directiva, no seu grupo, inclúe as plantas de tratamento de augas residuais, o mesmo que o anexo II do Real Decreto Legislativo 1302/1986, no seu grupo 8, epígrafe d), inclúe as plantas de tratamento de augas residuais superiores a 10.000 habitantes-equivalentes. Dado que o proxecto de canalización de augas residuais industriais da EDAR atinxe ao tratamento de augas residuais e dado que o Enviande e o río Miño son de interese medio ambiental e económico para toda a comarca debería existir resolución pública previa da Consellaría de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio sobre se este proxecto ten que ser sometido ou non ao trámite de avaliación ambiental, incluíndo na mesma as alternativas contempladas e posíbeis.

No propio sitio web da Consellaría recóllense os casos en que debe facerse a devandita avaliación ambiental. Entre outros, constan aqueles proxectos que afecten dunha forma apreciable, directa ou indirectamente, a espazos protexidos, como é a zona da Ribeira Sacra e o espazo Rede Natura do LIC Monte Faro. Segundo o Decreto 72/2004, de 2 de abril, polo que se declaran determinados espazos como zona de especial protección dos valores naturais, declárase zona de



especial protección o espazo natural do "Monte Faro" (código ES-1120008), onde nace o río Ponte de Enviande, lugar de importancia comunitaria que forma parte da Rede Natura 2000. Este espazo regúlase polas disposicións contidas na Lei 471989, do 27 de marzo, de conservación de espazos naturais e da flora e fauna silvestres. Por outra banda, o inventario de humidais da Galiza identifica como humidal o alto de San Roque, que atinxe ao río Enviande, co código 11201358 . Tamén esta é unha área prioritaria de reprodución, alimentación, dispersión e concentración local de especies de aves e área de distribución potencial do sapoconcho común (*Emys orbicularis* L.).

Polo tanto, o río Enviande é un curso fluvial dun alto valor ambiental, recoñecido pola súa alta calidade piscícola, o que tamén é un recurso de enorme potencial económico.

Hai que ter en conta o disposto no artigo 98 da Lei de Augas (texto aprobado polo Real Decreto Legislativo 1/2001 polo que se aproba o texto refundido da Lei de Augas:

Artigo 98. Limitacións ambientais ás autorizacións e concesións. Os Organismos de conca, nas concesións e autorizacións que outorguen, adoptarán as medidas necesarias para facer compatible o aproveitamento co respecto do medio ambiente e garantir os caudais ecolóxicos ou demandas ambientais previstas na planificación hidrolóxica. Na tramitación de concesións e autorizacións que afecten o dominio público hidráulico que puidesen implicar riscos para o medio ambiente, será preceptiva a presentación dun informe sobre os posibles efectos nocivos para o medio, do que se dará traslado ao órgano ambiental competente para que se pronuncie sobre as medidas correctoras que, ao seu xuízo, deban introducirse como consecuencia do informe presentado. Sen prexuízo dos supostos en que resulte obrigatorio, conforme ao previsto na normativa vixente,



nos casos en que o Organismo de conca presuma a existencia dun risco grave para o medio ambiente, someterá igualmente á consideración do órgano ambiental competente a conveniencia de iniciar o procedemento de avaliación de impacto ambiental.

A preocupación da veciñanza do entorno é notoria, especialmente entre a veciñanza da Comunidade de Regantes de Casteda, que emprega para a rega a auga do río Enviande, e a Asociación Veciñal Torre de Arcos, ambas da parroquia de Arcos (Chantada), así como entre a comunidade de pescadores, asociacións directamente afectadas.

Polo exposto, a deputada que subscribe presenta a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno:

Vai a Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio esixir o sometemento do proxecto de verquido ao río Ponte de Enviande a estudo de impacto ambiental e que nel se contemplen as alternativas posibles, informando cumpridamente á cidadanía?

Santiago de Compostela, 23 de xaneiro de 2017.

Asdo.: Paula Vázquez Verao
Deputada do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Paula Vázquez Verao na data 23/01/2017 16:51:13

Á Mesa do Parlamento

Julio Torrado Quintela, Juan Manuel Díaz Villoslada e Noela Blanco Rodríguez, deputados e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

No ano 2008 o Goberno galego chegou a un acordo retributivo cos sindicatos do eido sanitario, acerca das condicións salariais e de calidade de traballo, que colocarían aos traballadores e traballadoras galegas na liña media do conxunto de España.

No ano 2009 a Consellaría de Sanidade, por decreto, suspendeu a aplicación dos acordos de condicións de traballo e mellora retributiva do persoal estatutario que se asinaran no ano anterior, fundamentándose nunha difícil situación económica e á espera dunha pronta recuperación.

Transcorridos 8 anos dende aquilo, o Goberno galego fai balance positivo dos recursos económicos e da suposta boa xestión da Xunta de Galicia, e o amosa como proba a través do incremento retributivo do 7,5 % para o presidente da Xunta de Galicia e do 7 % para os altos cargos. Na actualidade, non entanto, segue sen retomarse o diálogo necesario para retomar novas negociacións para actualizar aquel acordo, e os traballadores e traballadoras sanitarias seguen á cola das condicións laborais e salariais do resto de España. Estas condicións fan referencia ás retribucións específicas referentes, por exemplo, a un tratamento axeitado das prestacións de servizo en datas e horarios sinalados, como o traballo a quendas, os domingos e festivos, gardas os días 24,25, 31 de decembro e 1 de xaneiro. O sector sanitario non responde ás mesmas necesidades que a maioría dos demais servizos, e o tipo de atención tampouco. Non entanto os seus e as súas traballadoras deben poder conciliar a súa actividade laboral nun sector tan específico como a súa vida familiar e social.

As organizacións sindicais veñen demandando continuamente que se retomen as mesas de negociación, que sirvan para avanzar nas posibilidades de novos acordos que permitan ao persoal sanitario alcanzar condicións merecidas para a súa labor.

Grupo Parlamentario

Por todo o exposto, os deputados e a deputada que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Por que o Goberno galego non mantén xuntanzas periódicas coas organizacións sindicais para alcanzar novos acordos retributivos para o Sergas?

Pazo do Parlamento, 20 de xaneiro de 2017

Asdo.: Julio Torrado Quintela
Juan Manuel Díaz Villoslada
Noela Blanco Rodríguez
Deputados e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 23/01/2017 17:59:01

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 23/01/2017 17:59:07

Noela Blanco Rodríguez na data 23/01/2017 17:59:17



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Olalla Rodil Fernández, Ana Belén Pontón Mondelo, Montserrat Prado Cores, Noa Presas Bergantiños, Xosé Luis Rivas e Luis Bará Torres, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, formulan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Pleno**, relativa as actuacións que debe levar adiante a Xunta de Galiza para garantir a titularidade e uso civil do Panteón de Galegos Ilustres.

A corporación municipal de Compostela aprobou de maneira unánime unha iniciativa que insta o Ministerio de Fomento e AENA a incorporar o nome de Rosalía de Castro ao aeroporto de Lavacolla. Así o acordaron todas as forzas políticas con representación na capital de Galiza, que contan tamén con representación neste Parlamento.

Así as cousas, resulta paradóxico que perante a posibilidade de que o aeroporto reciba o nome da poeta nacional, calquera visitante que se achegue a Compostela non poida visitar con liberdade a súa tumba ou renderlle homenaxe, se non conta coa correspondente autorización por parte do Arcebispado de Santiago, titular do Panteón de San Domingos de Bonaval, onde repousan os restos da autora xunto cos doutras insignes personalidades da política e cultura do noso país.

O Panteón de Galegos Ilustres é un dos símbolos da Galiza. A súa orixe está claramente vinculada co empeño dun sector relevante da sociedade galega por dignificar Galiza, e singularmente por situar a Rosalía de Castro no lugar que lle corresponde como figura clave do rexurdir cultural de Galiza. Así no ano 1891, o Centro Galego da Habana, o Comité Rexionalista e a Sociedade de Amigos do País, tomaron a decisión de



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
 Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
 gp-bng@parlamentodegalicia.es
 15702 Santiago de Compostela
 Galiza

trasladar os restos de Rosalía de Castro desde o cemiterio de Adina até San Domingos de Bonaval. Motivábaos a necesidade de depositar os seus restos coa relevancia que merecían, á par de realizar unha homenaxe pública do conxunto do pobo galego á súa figura e á súa obra fundacional. Non se trataba naquel momento de constituír un Panteón de Galegos Ilustres, mais esta idea foi tomado corpo desde ese momento.

Malia que en múltiples ocasións o Bloque Nacionalista Galego ten rexistrado iniciativas tentando restabelecer un uso civil e laico do Panteón, o certo é que o Goberno e a maioría parlamentar do PP impediron avanzar nese obxectivo.

Este feito, provoca unha situación anómala que se vai consolidando co paso do tempo e que priva de difusión, coñecemento e acceso libre a un espazo que debe ser propiedade de galegas e galegos e non de ningunha confesión relixiosa.

Desde o BNG seguimos defendendo a idoneidade de San Domingos de Bonaval como sede para o Panteón de Galegos Ilustres. Por simbolismo e por tradición asentada no noso imaxinario colectivo. Mais tamén defendemos a necesidade de que un Panteón destas características debe ser un espazo laico, de uso civil, con garantías de acceso e homenaxe sen censuras ás personalidades que alberga. Estas condicións non están garantidas na actualidade toda vez que o arcebispado ten a capacidade para decidir que actos se poden celebrar e cales non e quer implantar os usos litúrxicos.

Á vista desta situación así como dun marco legal que permite a expropiación de bens culturais en base á súa utilidade pública formulamos a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno:**

Que medidas ten previsto adoptar a Xunta para garantir a titularidade e uso civil do Panteón de Galegos Ilustres?



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, 23 de xaneiro de 2017

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Ana Belén Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 23/01/2017 18:21:14

María Montserrat Prado Cores na data 23/01/2017 18:21:19

Noa Presas Bergantiños na data 23/01/2017 18:21:21

Xose Luis Rivas Cruz na data 23/01/2017 18:21:24

Xosé Luis Bará Torres na data 23/01/2017 18:21:29

Ana Pontón Mondelo na data 23/01/2017 18:21:32

Á MESA DO PARLAMENTO

Paula Quinteiro Araujo, Juan José Merlo Lorenzo e Francisco Casal Vidal deputada e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentar de En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 155 do Regulamento da Cámara presentan a seguinte **Pregunta** para a súa resposta oral en **Pleno**.

Durante os pasados meses dende, segundo datos do Goberno, 50 embarcacións (37 arrastreiros, 14 palangreiros), viron como os coeficientes redutores que afectan as idades de xubilación dos seus tripulantes, foron modificados de oficio polo goberno.

En resposta a unha pregunta de En Marea no Congreso dos Deputados infórmase a este, de que a decisión procede dun proceso de coordinación dos diversos rexistros do Instituto Social da Mariña e da Dirección Xeral da Mariña Mercante, para facer coincidir os números de rexistro das embarcacións no rexistro de barcos do ISM, como no rexistro de buques e empresas navieras da Dirección Xeral da Mariña Mercante, segundo o goberno as discrepancias entre ambos rexistros deron lugar a unha relación de barcos afectados polo cambio de clasificación que deu lugar a súa vez á modificación dos coeficientes redutores das súas tripulacións.

Segundo o escrito de contestación do Ministerio tense realizado unha comunicación ao conxunto do sector co compromiso de modificar o cambio de modo que non modifique as expectativas de dereitos de xubilación dos traballadores, solución que consta aínda non é efectiva para o conxunto de afectados, sobre todo tendo en conta a puntualización do propio Goberno, onde se fai referencia a posibilidade dunha solución a longo prazo derivada da entrada



en vigor de regulamentos da U.E. regulamentos que no seu conxunto son perxudiciais para os traballadores.

Por todo o exposto os deputados asinantes formulan a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno:

Ten coñecemento a Xunta da situación actual, se teñen revertido o 100% destas revisións reintegrando os dereitos de xubilación aos mariñeiros afectados?

Santiago de Compostela, 24 de xaneiro de 2017.

Asinado dixitalmente por:

Paula Quinteiro Araújo na data 24/01/2017 10:15:12

Juan José Merlo Lorenzo na data 24/01/2017 10:15:24

Francisco Casal Vidal na data 24/01/2017 10:15:38

Á Mesa do Parlamento

Julio Torrado Quintela, Patricia Vilán Lorenzo e Noela Blanco Rodríguez, deputado e deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**.

O pasado 5 de decembro de 2016 o Xulgado do Contencioso-Administrativo número 2 de Pontevedra emitía unha sentenza pola que se anulaba o procedemento de concurso para a provisión do posto de xefe de Servizo de Psiquiatría do Complexo Hospitalario de Pontevedra (CHOP) celebrado en setembro de 2012. Esta sentenza ten a orixe na demanda presentada polo anterior xefe do servizo, que o foi dende 1982.

Esta sentenza amosa un procedemento viciado e tendencioso por parte do xerente do CHOP, que a demanda apunta a que ten como orixe a participación do anterior xefe de servizo en responsabilidades políticas asumidas durante o Goberno galego dos anos 2005-2009. En 2009, despois de que o citado xefe de servizo ocupara cargos de responsabilidade na Consellería de Sanidade (2005-2009), foi cesado da xefatura ao reincorporarse á súa praza, e terminou por convocarse un concurso para esa mesma praza. Como referencia da labor profesional, cabe destacar que durante os anos en que foi exercida a xefatura foron cumpríndose os obxectivos asistenciais marcados polo propio Sergas, así como desenvolvéndose accións que optimizaron o funcionamento tanto no plano asistencial como de xestión, como así foi recoñecido polo propio Sergas.

As denuncias públicas aportan probas que suxiren a preferencia no proceso de selección a favor dun candidato concreto. A sentenza xudicial recolle as situacións de indefensión vividas polo denunciante, entre as que se atopan a necesidade de ser convocados tres tribunais distintos, por erros diversos nas súas composicións e recusacións dalgúns dos seus membros, denuncias por manifesta animadversión dalgún deles cara un dos participantes no concurso, evidencias de información privilexiada cara algún dos participantes e outras cuestións de grave consideración. A sentenza recolle que durante o procedemento de selección amosouse unha ausencia de criterios definidos, así como arbitrariedade na avaliación e puntuación,

sobre a que se menciona “*non pode obviarse a existencia dunha discrecionalidade técnica*” e considera, sobre un dos seus membros, que non son infundadas as acusacións feitas sobre a súa inimidade manifesta contra o denunciante. Considera tamén a sentenza que no proceso “*advírtense indicios respecto á falta de imparcialidade do tribunal*”. Finalmente, o fallo da sentenza apunta que o procedemento “*non se axusta a dereito*” e ordena que se anule e se reinicie.

Por todo o exposto, o deputado e as deputadas que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Que valoración fai a Consellería de Sanidade da sentenza xudicial que anula o proceso de selección da praza de xefe de Psiquiatría do Complexo Hospitalario de Pontevedra?

Pazo do Parlamento, 23 de xaneiro de 2017

Asdo.: Julio Torrado Quintela

Patricia Vilán Lorenzo

Noela Blanco Rodríguez

Deputado e deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 24/01/2017 10:40:13

Patricia Vilán Lorenzo na data 24/01/2017 10:40:19

Noela Blanco Rodríguez na data 24/01/2017 10:40:24

Á MESA DO PARLAMENTO

Eva Solla Fernández, deputada do Grupo Parlamentario de **En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 155 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Pleno**, relacionada coa actividade en Galicia da empresa *Frigolouro*.

A planta de procesado de porcino Frigolouro, ubicada no municipio do Porriño, anunciou nun comunicado da empresa con data 2 de novembro de 2016 que está valorando o traslado da súa actividade a municipios do Norte de Portugal, onde xa se atopa buscando terreos.

Si ben é certo que existe unha rectificación posterior dirixida ao cadro de persoal por parte da Xerencia da planta, dito comunicado supón unha situación de inqueda para as traballadoras e traballadores de *Frigolouro*.

Co obxectivo de despexar calquera tipo de dúbida en relación a esta planta que só de forma directa xera arredor de 600 empregos, é completamente necesario o diálogo conxunto entre as Administracións Local e autonómica, os sindicatos e a empresa de cara a asegurar o mantemento da actividade e o emprego a longo prazo na planta do Porriño.

Frigolouro, non é a única empresa en Galicia que valora o traslado da su produción ao norte de Portugal, por iso, faise necesario que a Administración se dote de medidas ou mecanismos tendentes a evitar este tipo de decisións empresariais.



Por todo o anterior, o Grupo de En Marea presenta a seguinte Pregunta para a súa resposta oral en Pleno:

- Cal é a información que ten a Xunta de Galicia en relación con este tema e cales son os mecanismos de actuación que establecería a propia Xunta no caso de levarse a cabo o traslado da actividade de *Frigolouro* ao norte de Portugal?

Santiago de Compostela, 23 de xaneiro de 2017.

Asdo.: Eva Solla Fernández

Deputada do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Eva Solla Fernández na data 24/01/2017 10:52:59

Á Mesa do Parlamento

Julio Torrado Quintela e Noela Blanco Rodríguez, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**.

A diabetes é unha grave enfermidade crónica que se desencadea cando o páncreas non produce suficiente insulina, o que dificulta a regulación do nivel de azucre na sangue, ou cando non pode utilizar con eficacia a insulina que produce. A diabetes é un importante problema de saúde pública e unha das catro enfermidades non transmisibles (ENT) seleccionadas polos dirixentes mundiais para intervir con carácter prioritario.

No seu informe mundial sobre a diabetes de 2016, a OMS sinala que a prevalencia da enfermidade vén aumentado de maneira exponencial nos últimos anos chegando a estimarse que nos últimos 20 anos multiplicouse por catro a prevalencia, ata chegar en 2014 a unha cifra superior aos 400 millóns de persoas afectadas no mundo (algo máis dun 8 % dos maiores de 18 anos). Este mesmo informe cita que en 1,5 millóns de persoas faleceron no mundo como consecuencia directa da diabetes no ano 2012, e estímase que algo máis de 2 millóns o fixeron por causas relacionadas.

En Galicia, os colectivos de persoas afectadas pola diabetes veñen manifestando os seus problemas no tratamento que se administra, especialmente no relacionado coas agullas. A calidade destas é manifestamente mellorable, o que produce problemas importantes. En moitos dos casos as persoas enfermas sofren a rotura de agullas no seu corpo, hematomas por causa de ter que reiterar os intentos nas picadas e dores asociados á mala calidade e á persistencia e reiteración das picadas. Ademais existen problemas asociados ás cantidades e doses que se deben administrar, pois se producen problemas de extravasación na aplicación da insulina, e tamén a oclusión das agullas debido á súa calidade xera que non se subministre a cantidade de insulina necesaria. Contando con que hai persoas enfermas que se pinchan unha vez ao día, pero outros o teñen que facer máis de unha, estamos a falar dun problema persistente que necesita unha solución.

A empresa subministradora de agullas modificou o modelo a utilizar, substituíndo as anteriores agullas “BD” polas novas “PIC”, que son rexeitadas de maneira habitual nos lugares onde se utilizan pola súa mala calidade e por provocar os problemas sinalados.

Por todo o exposto, o deputado e a deputada que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

É consciente a Xunta de Galicia das queixas continuadas das persoas afectadas de diabetes sobre a calidade das agullas?

Pazo do Parlamento, 23 de xaneiro de 2017

Asdo.: Julio Torrado Quintela

Noela Blanco Rodríguez

Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 24/01/2017 11:16:56

Noela Blanco Rodríguez na data 24/01/2017 11:17:01



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/01/2017 13:10
Nº Rexistro: 4008
Data envío: 24/01/2017 13:10:30.483

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Prado Cores, Ana Belén Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz, Noa Presas Bergantiños e Luis Bará Torres, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Pleno**, relativa á necesidade de substituír de inmediato as agullas para a subministración de insulina aos doentes diabétic@s insulino dependentes.

A Federación Galega de Diabétic@s, as asociacións que a compoñen, levan formulado múltiples reclamacións, Xerencia EOXI de Compostela, Valedora do Pobo, Sergas, relativas aos graves efectos secundarios que segundo @s doentes provocan a utilización das agullas para a administración de insulina da marca INSUPEN que facilita o Sergas aos doentes.

Denuncian que centos de persoas diabéticas sufran os defectos deste material: hematomas na zona de inxección, dor, perda da insulina inxectada por mal encaixe na pluma de insulina o que supón un incorrecto cálculo da cantidade administrada, co risco de hiper ou hipoglucemias, problemas de tipo psicolóxico, sobre todo n@s neno@s, xa que algúns teñen que pincharse 3 ou 4 veces diarias e mesmo agullas que chegan a romper.

Teñen tamén denunciado que no procedemento de contratación para o subministro ao Sergas das agullas para a administración de insulina, o criterio de valoración determinante é a oferta económica, e casualmente neste aspecto sempre é a empresa Produtos Sanitarios Gallegos, PROSAGA, S.L, coa marca INSUREN a máis ventaxosa.



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.es

15702 Santiago de Compostela

Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/01/2017 13:10
Nº Rexistro: 4008

Data envío: 24/01/2017 13:10:30.483

Estas denuncias teñen surtido o seu efecto, sobor de todo a denuncia presentada por SOS Sanidade Pública de Compostela contra o Sergas, de xeito que o Xulgado número 1 de Santiago acordou sobreseer esta causa despois de terse comprometido o Sergas a realizar un novo concurso e a mudar os criterios de selección da adxudicación do concurso para subministrar as agullas para insulina, atendendo os posíbeis afectos secundarios producidos polas mesmas, darlle máis peso á proba do produto por parte dos doentes, e non só o criterio económico, aceptando implicitamente as demandas da plataforma e dos e das pacientes afectadas.

O Bloque Nacionalista Galego súmase ás demandas do colectivo de doentes insulino-dependentes, considera inxustificada a demora do Sergas en substituír estas agullas de baixa calidade por outras que non produzan efectos negativos sobre @s doentes que teñen que usalas, e polo tanto presentamos a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno:

Cal é a razón de que aínda non teña substituído as agullas Insuren, para a administración de insulina, que grande cantidade de doentes teñen denunciado que lle producen diversos efectos negativos?

Santiago de Compostela, 24 de xaneiro de 2017

Asdo.: Montserrat Prado Cores

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Noa Presas Bergantiños



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/01/2017 13:10
Nº Rexistro: 4008
Data envío: 24/01/2017 13:10:30.483

Luis Bará Torres

Ana Belén Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 24/01/2017 13:04:55

Olalla Rodil Fernández na data 24/01/2017 13:05:00

Xose Luis Rivas Cruz na data 24/01/2017 13:05:04

Noa Presas Bergantiños na data 24/01/2017 13:05:09

Xosé Luis Bará Torres na data 24/01/2017 13:05:12

Ana Pontón Mondelo na data 24/01/2017 13:05:16



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/01/2017 13:24
Nº Rexistro: 4012
Data envío: 24/01/2017 13:24:10.764

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, Ana Belén Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Luis Bará Torres, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Pleno**, relativa a demandar do goberno do Estado medidas inmediatas para rebaixar o prezo da factura da electricidade mediante a actuación sobre os impostos que aplica

As consecuencias da crise socioeconómica sobre a capacidade financeira os fogares galegos continúan a ser un problema á orde do día debido á falta de recuperación económica, á consolidación do desemprego e a inestabilidade laboral e á suba dos prezos de diferentes elementos. Especial importancia ten, neste sentido, a desproporcionada suba de prezo que experimentou a factura da luz no inicio de 2017 e que pode acadar, en palabras do propio goberno do Estado español, un incremento de até cen euros no ano.

A electricidade é un ben básico e de primeira necesidade cuxa imprescindibilidade se acentúa nos meses de inverno, cando é necesario combater o descenso das temperaturas e que todas as persoas poidan garantir unhas condicións mínimas para a súa saúde e o desenvolvemento dunha vida digna. Polo tanto, as administracións deben intervir e comprometerse con poñer en marcha medidas que encamiñen cara un abaratamento da electricidade para garantir a súa accesibilidade.

Neste sentido, en paralelo á vaga de frío de xaneiro puidemos observar sucesivos anuncios por parte do Ministerio de Enerxía, Turismo e Axenda Dixital no que se atribuían a potestade de baixar a electricidade intervindo no prezo do gas. Porén ficou



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/01/2017 13:24
Nº Rexistro: 4012
Data envío: 24/01/2017 13:24:10.764

nunha nova cortina de fume por parte do Partido Popular en canto que abala un sistema eléctrico opaco e sen lóxica social nin territorial, tal e como temos denunciado desde o nacionalismo galego.

Desde o Bloque Nacionalista Galego entendemos que sería urxente modificar por enteiro o regulamento do sistema eléctrico e intervir nun oligopolio absolutamente afastado da transparencia e caracterizado pola irracionalidade no aspecto social e no aspecto territorial. Neste sentido, temos reclamado que se recoñecemos todas e todos os axentes políticos e sociais que a electricidade é un ben de primeira necesidade, carece de toda lóxica que a situación socioeconómica das persoas non teña correlación cunha progresividade na factura eléctrica dunha forma contundente e non con medidas parche que non conducen a unha superación da situación de vulnerabilidade. Doutra banda, dende o punto de vista territorial, é un sistema deseñado sen criterios racionais que avalíen custos de transporte, de produción ou de impacto nos territorios de transformación. Isto é froito das mesmas decisións políticas que vetan o debate sobre unha posíbel tarifa eléctrica galega que beneficie a empresas e consumidoras domésticas por sermos unha nación excedentaria canto á produción.

As empresas xeradoras de enerxía eléctrica ingresaron, no momento de asinar esta iniciativa a finais de xaneiro, até 1.000 millóns de euros pola venda de electricidade, un 131€ a respecto do ano anterior no que tiñan recadado no mesmo período 433 millóns. É indubidábel, pois, que trala suba de prezos do último mes as eléctricas obtiveron máis de vinte millóns diarios a maiores en comparación co ano precedente segundo dados da OMIE. Traslado á factura das persoas consumidoras, isto pode derivar nun incremento próximo ao 30% para a media xeral segundo datos da Axencia Provincial de Enerxía.

Ollando á factura da electricidade, malia a súa opacidade, podemos observar como inclúe un imposto especial da electricidade, ese 5'11% que se aplica en última



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.es

15702 Santiago de Compostela

Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/01/2017 13:24
Nº Rexistro: 4012
Data envío: 24/01/2017 13:24:10.764

instancia sobre todos os conceptos do recibo eléctrico coa única excepción do alugueiro dos contadores. Ademais, sobre o conxunto da factura, tamén sobre o imposto que acabamos de describir, aplícase un IVE do 21% o que supón un dobre pagamento. Un IVE, ademais, superior no Estado español ao da media europea segundo unha análise da Axencia Internacional da Enerxía (AIE) que elaborou un estudo cunha mostra de 21 países da Unión Europea e que sitúa o recibo que pagamos en tres puntos por riba da media, que se atopa no 18%.

Polo tanto, no curto prazo hai medidas reais que o goberno do Estado español podería levar a cabo se quixer e que a Xunta de Galiza debe esixir.

Por todo isto, formúlase a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno:

Ten demandado ou vai demandar a Xunta de Galiza algunha medida fiscal por parte do goberno estatal de cara a abaratar a factura da electricidade?

Santiago de Compostela, 24 de xaneiro de 2017

Asdo.: Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Montserrat Prado Cores

Luis Bará Torres

Ana Belén Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/01/2017 13:24
Nº Rexistro: 4012
Data envío: 24/01/2017 13:24:10.764

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 24/01/2017 13:23:04

Olalla Rodil Fernández na data 24/01/2017 13:23:09

Xose Luis Rivas Cruz na data 24/01/2017 13:23:13

María Montserrat Prado Cores na data 24/01/2017 13:23:18

Xosé Luis Bará Torres na data 24/01/2017 13:23:20

Ana Pontón Mondelo na data 24/01/2017 13:23:24



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/01/2017 17:03
Nº Rexistro: 4018
Data envío: 24/01/2017 17:03:28.897

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Prado Cores, Ana Belén Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz, Noa Presas Bergantiños e Luis Bará Torres, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Pleno**, relativa á necesidade de constituír e convocar os Consellos de Saúde de Área.

A Lei 8/2008 do 10 de xullo, de Saúde de Galiza, recolle no seu preámbulo e no texto articulado, a participación social co obxectivo de incorporar a visión e a percepción da sociedade no deseño e funcionamento nos proxectos asistenciais e na garantía de dereitos.

Así, no artigo 25 da lei, recóllese a participación territorial a través dos consellos de saúde de área, reflectindo a composición e competencias dos mesmos, integrados polos concellos comprendidos na área sanitaria correspondente, agrupacións ou federacións de asociacións veciñais con actuación no ámbito da área sanitaria, organizacións sindicais e empresariais máis representativas, cargos designados pola Xunta de Galiza e asociacións de doentes.

Lamentablemente, a partires da entrada en vigor da devandita Lei os consellos foron constituíndose nas áreas sanitarias, mais, a negativa da Xunta de Galiza a convocalos provocou o seu esmorecemento ou desaparición.

A actual situación de deterioro da sanidade pública obriga á necesaria revitalización dos consellos de saúde de área para facer posíbel a participación social que obrigue á Administración sanitaria e ao goberno da Xunta de Galiza a escoitar as



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/01/2017 17:03
Nº Rexistro: 4018
Data envío: 24/01/2017 17:03:28.897

alternativas e suxestións da cidadanía galega para mellorar este servizo público esencial para os galegos e as galegas.

Polo exposto, formulamos a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno:

Cal é a razón de que o Goberno galego non teña constituídos e convocados os Consellos de Saúde de Área, contemplados no artigo 25 da Lei 8/2008 do 10 de xullo, de Saúde de Galiza?

Santiago de Compostela, 24 de xaneiro de 2017

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Noa Presas Bergantiños

Luis Bará Torres

Ana Belén Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 24/01/2017 17:02:00



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/01/2017 17:03
Nº Rexistro: 4018

Data envío: 24/01/2017 17:03:28.897

Ana Pontón Mondelo na data 24/01/2017 17:02:05

Xose Luis Rivas Cruz na data 24/01/2017 17:02:07

Olalla Rodil Fernández na data 24/01/2017 17:02:08

Noa Presas Bergantiños na data 24/01/2017 17:02:10

Xosé Luis Bará Torres na data 24/01/2017 17:02:12



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.es

15702 Santiago de Compostela

Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/01/2017 17:20
Nº Rexistro: 4025

Data envío: 24/01/2017 17:20:08.537

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Prado Cores, Ana Belén Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz, Noa Presas Bergantiños e Luis Bará Torres, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Pleno**, relativa á negociación dun acordo de permisos e licenzas para o persoal do SERGAS.

A Lei do Emprego de Galiza e o o Real Decreto polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico d@ empregad@ públic@ son as dúas normas nas que se recolle unha nova concesión de permisos e licenzas referentes a: permisos por enfermidade, hospitalización e coidado no domicilio do familiar, conciliación familiar, ausencia do posto de traballo por enfermidade, por xestión..

En cumprimento desta normativa, tanto a Dirección Xeral de Función Pública como a Consellaría de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria ,negociaron nas súas respectivas mesas sectoriais a regulación destes permisos para o persoal do seu ámbito. Así o DOG do luns 15 de febreiro publicou a Orde do 29 de xaneiro de 2016 pola que se regula o réxime de permisos, licenzas vacacións do persoal docente que imparte as ensinanzas reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 e maio, de educación, ampliada pola Orde do 24 de febreiro de 2016, DOG do 1 de marzo. De igual xeito o DOG do 4 de marzo de



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.es

15702 Santiago de Compostela

Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/01/2017 17:20
Nº Rexistro: 4025

Data envío: 24/01/2017 17:20:08.537

2016 publica a Resolución do 21 de febreiro da Dirección Xeral da Función Pública, pola que se ditan instrucións sobre o réxime de vacacións, permisos e licenzas.

Na Orde de Función Pública recolle expresamente que a regulación non será de aplicación ao persoal estatutario, xa que se entende que este ten o seu propio ámbito de negociación.

Pola contra os máximos responsábeis do Servizo Galego de Saúde veñen negándose a negociar na mesa sectorial un acordo de permisos e licenzas para o seu persoal e pola contra aplican a normativa coa maior restrición posíbel.

O persoal do SERGAS ven tendo dificultades para gozar dos permisos regulados na normativa xeral, polo que é preciso unha norma propia que regule estes permisos, que recolla as especificidades do traballo na sanidade pública: prestación de servizo a través de quendas, prestación ininterrompida durante as 24 hs. do día, os 365 días do ano.

Por estas razóns formúlase a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno:

Cal é a xustificación do SERGAS para non sentarse a negociar na Mesa Sectorial de Sanidade un acordo para regular os permisos e licenzas do persoal do SERGAS, equiparábel cando menos tanto ao subscrito pola Dirección Xeral de Función Pública como a Consellaría de Cultura, Educación e Ordenación



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/01/2017 17:20
Nº Rexistro: 4025
Data envío: 24/01/2017 17:20:08.537

Universitaria nos seus ámbitos?

Santiago de Compostela, 24 de xaneiro de 2017

Asdo.: Montserrat Prado Cores

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Noa Presas Bergantiños

Luis Bará Torres

Ana Belén Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 24/01/2017 17:15:21

Ana Pontón Mondelo na data 24/01/2017 17:15:26

Xose Luis Rivas Cruz na data 24/01/2017 17:15:28

Olalla Rodil Fernández na data 24/01/2017 17:15:30



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/01/2017 17:20
Nº Rexistro: 4025

Data envío: 24/01/2017 17:20:08.537

Noa Presas Bergantiños na data 24/01/2017 17:15:31

Xosé Luis Bará Torres na data 24/01/2017 17:15:32

Á Mesa do Parlamento

Patricia Vilán Lorenzo, Julio Torrado Quintela, Juan Manuel Díaz Villoslada e Noela Blanco Rodríguez, deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

Na anterior lexislatura -en concreto, o 6 de maio de 2015- o Parlamento de Galicia aprobaba por unanimidade unha Proposición non de lei pola que se instaba á Xunta de Galicia a solicitar a transferencia das competencias en materia de saúde penitenciaria ao Sergas, incluíndo tamén a dotación dos medios económicos e materiais necesarios para atender á prestación do servizo (e que non supoña ningunha carga financeira engadida), así como para incorporar a poboación reclusa ao Plan estratéxico de abordaxe da Hepatite C (posto que nos cárceres galegos hai 654 persoas reclusas afectadas por esta enfermidade, dos que 165 precisan tratamento mais só o reciben 5). A finais do ano 2016, o Senado aprobaba, tamén por unanimidade, o traspaso das competencias da sanidade penitenciaria ás comunidades autónomas ou ao Sistema Nacional de Saúde.

Así as cousas, o problema da masificación dos cárceres de Galicia é altamente preocupante. Dos 5 centros penitenciarios, 2 deles (A Lama e Teixeiro) sobrepasan a súa capacidade, o que incrementa os problemas coa enfermidade da Hepatite C.

O anterior significa que é preciso que a Administración sanitaria galega proceda á constitución da mesa mixta Comunidade Autónoma - Estado para o comezo das negociacións, dando desta forma, por exemplo, solución ás deficiencias que existen no Plan nacional de saúde pública.

Grupo Parlamentario

Por todo o exposto, as deputadas e os deputados que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Ten intención o Goberno galego de cumprir a Proposición non de lei, aprobada por unanimidade o 6 de maio de 2015, sobre institucións penitenciarias?

Pazo do Parlamento, 24 de xaneiro de 2017

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo
Julio Torrado Quintela
Juan Manuel Díaz Villoslada
Noela Blanco Rodríguez
Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 24/01/2017 18:48:31

Julio Torrado Quintela na data 24/01/2017 18:48:37

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 24/01/2017 18:48:43

Noela Blanco Rodríguez na data 24/01/2017 18:48:48

Á Mesa do Parlamento

Noela Blanco Rodríguez, Raúl Fernández Fernández, Concepción Burgo López e Luis Manuel Alvarez Martínez, deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**.

No ano 1969, rematado o que en Ourense é coñecido como “edificio da Torre”, a caixa de aforros propietaria deste, e en compensación polos problemas urbanísticos xurdidos derivados da construción do mesmo, cedeu varias dependencias deste edificio, que foi declarado “edificio singular”, á cidade. Nun deses locais, na entreplanta, asentouse o Ateneo, cuxo aluguer pagaba primeiro o Ministerio de Información e Turismo, e posteriormente a Xunta de Galicia.

O Ateneo, nunha época na que o debilitamento da ditadura comezaba a ser patente, fomentou as actividades de oposición ao franquismo favorecendo a confluencia de diversos movementos de protesta, sendo dende os seus inicios un verdadeiro reduto para debater en liberdade, e un referente de tolerancia e diversidade. Este espazo aberto á sociedade aglutinou a persoeiros do mundo da cultura e da sociedade ourensán tan insignes coma os escritores Vicente Risco e Blanco Amor, o doutor Cabaleiro Goás, o pintor Xaime Quesada, ou aos políticos Celso Montero e Peña-Rey. Coa chegada da democracia o Ateneo mantivo a súa acción, formando parte da súa programación actividades culturais, roldas de prensa de plataformas cidadás, actos de solidariedade, debates políticos, ou actividades varias como campionatos de xadrez.

O ano 2010 marcou o comezo dun camiño complicado e complexo que chega ata o día de hoxe, cun futuro incerto para a supervivencia da entidade. Unha orde de desaloxo, froito de intereses urbanísticos e económicos ante a que a Xunta de Galicia reaccionou con resignación e complicidade, obrigaba ao Ateneo a abandonar os seus locais históricos, o que supoñía ter que asumir un custo ata entón inexistente: o pago dun aluguer. Finalmente en novembro do ano 2011 prodúcese o desaloxo do espazo que viña ocupando tradicionalmente esta institución.

Tras idas e vindas, o Ateneo instalouse finalmente, compartindo local co Club de Tenis de Ramirás, quen lles cedeu parte das instalacións. Pero en 2014, o baixo no que se atopa foi posto á venda, e cando esta se produza, se os novos donos non permiten ao Ateneo continuar, a entidade enfrontarase, con toda probabilidade, ao final do seu camiño, xa que lle resultará moi difícil atopar outro espazo cuxo custo poida asumir.

Neste contexto, o 9 de marzo de 2016 aprobouse na Comisión 4ª de Educación e Cultura unha proposición non de lei do Grupo Socialista, segundo a cal se chegaba ao seguinte acordo: “O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a consultar co Ministerio de Hacienda do Estado Español o rexistro de locais baleiros de titularidade pública, para que se abra un proceso de negociación encamiñado a dotar dun local ao Ateneo de Ourense para que continúe coa súa actividade sen ánimo de lucro garantindo que os contactos se produzan no prazo máximo dun mes”.

Posteriormente, preguntado polo Grupo Socialista no Pleno do Parlamento de Galicia sobre a situación no que se atopaban as negociacións para dotar ao Ateneo de Ourense dun local, o Conselleiro de Cultura afirmaba que “o 20 de abril a Consellería recibira unha notificación da Delegación de Economía e Facenda onde se comunicaba que, tendo en conta as características do espazo demandado e tendo en conta o inventario de bens que tiña a Axencia Tributaria, a axencia estatal en Ourense non dispuña de locais baleiros adecuados ás necesidades demandadas”, ao tempo que recoñecía que “existen locais, pero agora hai que ver se eses locais que existen cumpren os requisitos demandados e comunicados por parte da directiva á Consellería.”

Grupo Parlamentario

Por todo o exposto, as deputadas e os deputados que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Contempla o Goberno galego a posibilidade de, no caso de que non existan locais de titularidade pública do Ministerio de Hacienda, poñer a dispor desta entidade un espazo de titularidade pública dependente da Xunta de Galicia?

Pazo do Parlamento, 24 de xaneiro de 2017

Asdo.: Noela Blanco Rodríguez
Raúl Fernández Fernández
Concepción Burgo López
Luis Manuel Alvarez Martínez
Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Noela Blanco Rodríguez na data 24/01/2017 19:03:52

Raúl Fernández Fernández na data 24/01/2017 19:03:58

Maria de la Concepción Burgo López na data 24/01/2017 19:04:09

Luis Manuel Álvarez Matínez na data 24/01/2017 19:04:14



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/01/2017 09:30
Nº Rexistro: 4040
Data envío: 24/01/2017 19:07:50.162

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Prado Cores, Ana Belén Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz, Noa Presas Bergantiños e Luis Bará Torres, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Pleno**, relativa á modificación da normativa para a redución de xornada para o coidado de fill@s con enfermidades graves.

A Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, no seu artigo 106, apartado 1.b) establece “*Para atender ao coidado do fillo menor de idade por natureza ou adopción, ou nos supostos de acollemento preadoptivo, permanente ou simple dun menor, que padeza cancro (tumores malignos, melanomas e carcinomas) ou calquera outra enfermidade grave que implique un ingreso hospitalario de longa duración ou hospitalización a domicilio das mesmas características, e requira a necesidade do seu coidado directo, continuo e permanente acreditado polo informe do Servizo Público de Saúde ou órgano administrativo sanitario da Comunidade Autónoma ou, de ser o caso, da entidade sanitaria concertada correspondente, concederase unha redución por horas completas de polo menos a metade da duración da xornada de traballo diaria, como máximo ata que o menor faga os dezaioito anos, sempre que ambos os dous proxenitores, adoptantes ou acolletores de carácter preadoptivo, permanente ou simple traballe*

Regulamentariamente estableceranse as condicións e os supostos en que a redución de xornada prevista nesta letra poderá acumularse en xornadas completas, logo de negociación coas organizacións sindicais máis representativas nas administracións públicas incluídas no ámbito de aplicación desta lei”

No Diario Oficial de Galiza do 4 de marzo de 2016 a Consellaría de Facenda publica a Resolución do 24 de febreiro de 2016, da Dirección Xeral da Función Pública,



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

pola que se ditan instrucións sobre o réxime de vacacións, permisos e licenzas. Co fin de unificar os criterios de actuación dos distintos órganos da Administración da comunidade autónoma competentes para a concesión de vacacións, permisos e licenzas ao persoal dependente deles, considérase necesario ditar unhas instrucións nun único texto consolidado que facilite a súa aplicación práctica, particularmente nalgún dos supostos previstos na normativa reguladora desta materia.

Esta instrución na Sección 4ª. Redución e adaptacións da xornada de traballo, Vixésimo primeira. Reducións de xornada con retribucións (artigo 106.1 da Lei 2/2015, do 29 de abril), 2.ª *Para atender o coidado do fillo menor de idade por natureza ou adopción, ou nos supostos de acollemento preadoptivo, permanente ou simple dun menor, que padeza cancro (tumores malignos, melanomas e carcinomas) ou calquera outra enfermidade grave que implique un ingreso hospitalario de longa duración ou hospitalización a domicilio das mesmas características, e requira a necesidade do seu coidado directo, continuo e permanente acreditado polo informe do Servizo Público de Saúde ou órgano administrativo sanitario da comunidade autónoma ou, de ser o caso, da entidade sanitaria concertada correspondente, **concederase unha redución por horas completas de ata catro horas ou a metade da duración da xornada de traballo diaria, como máximo** ata que o menor faga os dezoito anos, sempre que ambos os dous proxenitores, adoptantes ou acolletores de carácter preadoptivo, permanente ou simple, traballen.*

Con carácter excepcional, esta redución poderá acumularse en xornadas completas sempre que o solicitante xustifique a necesidade desta acumulación.”

Atopámonos con que unha instrución que ten rango inferior á lei, reduce drasticamente o establecido nesta. Onde na Lei 2/2015 do Emprego Público de Galiza establece *“concederase unha redución por horas completas de polo menos a metade da duración da xornada de traballo diaria”* a instrución do 24 de febreiro da Dirección Xeral da Función Pública establece *“concederase unha redución por horas completas de ata catro horas ou a metade da duración da xornada de traballo diaria, como máximo”*.



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/01/2017 09:30
Nº Rexistro: 4040
Data envío: 24/01/2017 19:07:50.162

Esta “interpretación á baixa” na instrución do que establece a lei, ademais de non ser aceptábel está sendo utilizada pola Xunta de Galiza para denegar permisos a nais e pais con nen@s con enfermidades graves, que precisan de coidados permanentes, por esta razón formulamos a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno:

Cal é a razón de que o Goberno Galego reduza mediante unha instrución dereitos recoñecidos @s empregad@s públicos na Lei 2/2015, do 29 de abril do Emprego Público de Galiza?

Santiago de Compostela, 24 de xaneiro de 2017

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Noa Presas Bergantiños

Luis Bará Torres

Ana Belén Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 24/01/2017 19:05:21

Ana Pontón Mondelo na data 24/01/2017 19:05:25



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/01/2017 09:30
Nº Rexistro: 4040
Data envío: 24/01/2017 19:07:50.162

Xose Luis Rivas Cruz na data 24/01/2017 19:05:26

Olalla Rodil Fernández na data 24/01/2017 19:05:28

Noa Presas Bergantiños na data 24/01/2017 19:05:29

Xosé Luis Bará Torres na data 24/01/2017 19:05:31

Á Mesa do Parlamento

Patricia Vilán Lorenzo, Raúl Fernández Fernández e María Luisa Pierres López, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**.

No encoro de Portodemouros, en Agolada, alguén puxo uns caraveis no carballo que alí segue prendido dende que no ano 1967 se anegara o pobo; din os veciños e veciñas que ese carballo foi escenario de varios sucesos funestos. Esta é unha máis das consecuencias da seca que está a sufrir Galicia dende mediados do pasado ano 2016. Os encoros teñen os niveis máis baixos do habitual nesta época e as previsións meteorolóxicas non son moi boas. As dúas demarcacións hidrográficas (Galicia-Costa e Miño-Sil) están en prealerta, cos encoros a unha media do 45 % da súa capacidade, estado de prealerta que se debe activar cando os indicadores descenden significativamente por baixo dos valores medios históricos, polo que é conveniente extremar o control.

E iso que dende agosto de 2013, Galicia ten un Plan de seca para a demarcación Hidrográfica Galicia-Costa que ten por obxecto minimizar os efectos negativos (ambientais, económicos e sociais) que xorden polos episodios de seca. Agora, polo visto, o Goberno galego considera prioritario paliar os efectos das secas nos sectores máis vulnerables: industrial e agrogandeiro, que xuntos representan aproximadamente o 85 % da demanda de auga doce da conca.

Por todo o exposto, as deputadas e os deputados que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Que medidas está a establecer o Goberno galego para minimizar os efectos negativos da seca?

Pazo do Parlamento, 24 de xaneiro de 2017

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo
Raúl Fernández Fernández
María Luisa Pierres López
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia



Grupo Parlamentario

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 24/01/2017 19:21:25

Raúl Fernández Fernández na data 24/01/2017 19:21:31

María Luisa Pierres López na data 24/01/2017 19:21:36

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Á MESA DO PARLAMENTO

Luca Chao Pérez e Ánxeles Cuña Bóveda, deputadas do Grupo Parlamentario de En Marea, ao abeiro do artigo 155 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Pleno**, sobre os malos datos rexistrados en I+D+i.

De acordo cos datos oficiais do INE no ano 2015 o investimento público en Galicia, en actividades de I+D, foi de 272,8 millóns de euros, a maior parte -máis de 195-, procedentes das universidades. Cifra que supón unha redución próxima ao 6,4% a respecto do ano 2009. Sen embargo, no ámbito privado a evolución foi tamén a contraria: o investimento en I+D era en 2009 de algo máis de 230 millóns de euros e en 2015 superou os 420 millóns, un incremento de máis do 80%.

O mesmo acontece se nos fixamos nos datos referidos ao persoal investigador que se reduciu nun 20% dende o 2009. O que supuxo, 600 investigadoras e investigadores menos nas universidades, un 17%, e na Administración a destrución de postos científicos afectou a case unha cuarta parte das 895 persoas que realizaban estes traballos no ano 2009.

Reducións que obviamente teñen efectos importantes sobre a investigación que se leva a cabo no país e se deixan sentir en numerosos indicadores. Así hai que falar de caída de patentes, interrupción de proxectos de investigación, emigración forzosa do potencial investigador do país, desmantelamento de equipos de investigación, así como do retraso de ata cinco anos nas convocatorias de bolsas de investigación postdoutorais.



Ante esta situación, o Grupo Parlamentar de En Marea presenta a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno:

Que valoración fai o Goberno galego destes datos?

Santiago de Compostela, 24 de xaneiro de 2017.

Asdo.: Luca Chao Pérez,
Deputada do GP de En Marea

Asdo.: Ánxeles Cuña Bóveda
Deputada do GP de En Marea

Asinado dixitalmente por:

Luca Chao Pérez na data 24/01/2017 20:25:23

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 24/01/2017 20:25:31

Á Mesa do Parlamento

Noela Blanco Rodríguez e Julio Torrado Quintela, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**.

O abuso sexual infantil é unha das formas máis graves de violencia contra a infancia e ten como consecuencia efectos devastadores na vida dos nenos e as nenas que o sofren.

Implica a transgresión dos límites íntimos e persoais do menor, e supón a imposición de comportamentos de contido sexual por parte dunha persoa (un adulto ou outro menor de idade) realizado nun contexto de desigualdade ou asimetría de poder, habitualmente a través do engano, a forza, a mentira ou a manipulación.

Pode incluír contacto sexual, aínda que tamén actividades sen contacto directo como o exhibicionismo, a exposición de nenos ou nenas a material pornográfico, o grooming ou a utilización ou manipulación de nenos ou nenas para a produción de material visual de contido sexual.

Desgraciadamente, e a pesar dos avances na concienciación deste problema, seguen sendo moitos máis os casos de malos tratos infantís ocultos que aqueles que se detectan.

Esta forma de violencia, é desgraciadamente unha realidade máis cotiá do que nos gustaría recoñecer, ao mesmo tempo que se trata dunha realidade oculta polo seu carácter delictivo inherente (o agresor tentará por todos os medios que os seus actos non se revelen), pero tamén polo silencio ao que as vítimas vense condenadas debido as estratexias de manipulación exercidas polo abusador, e pola situación de indefensión na que os nenos, nenas, e adolescentes, se atopan debido limitacións propias da súa idade.

Calquera forma de violencia sexual contra os nenos e as nenas é un problema social que ten consecuencias na súa vida, na súa contorna e en todos e cada un dos contextos nos que se desenvolve a vítima. Por iso é polo que os ámbitos para a intervención na protección dos nenos e as nenas

Grupo Parlamentario

contra este tipo de violencia deben incluír, dende a familia e a súa contorna social, aos ámbitos educativo, sanitario, policial e xudicial así como o lexislativo e de políticas públicas.

Dende o Grupo Socialista estamos convencidos da necesidade da urxencia de levar a cabo un esforzo común para detectar e notificar toda situación de malos tratos á infancia, como única maneira de evitar que esta se cronifique e que as secuelas dos malos tratos pasen a ser permanentes.

Por todo o exposto, a deputada e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Que medidas ten en marcha a Xunta de Galicia para previr os abusos sexuais a menores na nosa Comunidade Autónoma?

Pazo do Parlamento, 18 de xaneiro de 2017

Asdo.: Noela Blanco Rodríguez

Julio Torrado Quintela

Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Noela Blanco Rodríguez na data 25/01/2017 10:18:23

Julio Torrado Quintela na data 25/01/2017 10:18:29

Á Mesa do Parlamento

Noela Blanco Rodríguez e Julio Torrado Quintela, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**.

O abuso sexual infantil é unha das formas máis graves de violencia contra a infancia e ten como consecuencia efectos devastadores na vida dos nenos e as nenas que o sofren.

Implica a transgresión dos límites íntimos e persoais do menor, e supón a imposición de comportamentos de contido sexual por parte dunha persoa (un adulto ou outro menor de idade) realizado nun contexto de desigualdade ou asimetría de poder, habitualmente a través do engano, a forza, a mentira ou a manipulación.

Pode incluír contacto sexual, aínda que tamén actividades sen contacto directo como o exhibicionismo, a exposición de nenos ou nenas a material pornográfico, o grooming ou a utilización ou manipulación de nenos ou nenas para a produción de material visual de contido sexual.

Desgraciadamente, e a pesar dos avances na concienciación deste problema, seguen sendo moitos máis os casos de malos tratos infantís ocultos que aqueles que se detectan.

Esta forma de violencia, é desgraciadamente unha realidade máis cotiá do que nos gustaría recoñecer, ao mesmo tempo que se trata dunha realidade oculta polo seu carácter delictivo inherente (o agresor tentará por todos os medios que os seus actos non se revelen), pero tamén polo silencio ao que as vítimas vense condenadas debido as estratexias de manipulación exercidas polo abusador, e pola situación de indefensión na que os nenos, nenas, e adolescentes, se atopan debido limitacións propias da súa idade.

Calquera forma de violencia sexual contra os nenos e as nenas é un problema social que ten consecuencias na súa vida, na súa contorna e en todos e cada un dos contextos nos que se desenvolve a vítima. Por iso é polo que os ámbitos para a intervención na protección dos nenos e as nenas

Grupo Parlamentario

contra este tipo de violencia deben incluír, dende a familia e a súa contorna social, aos ámbitos educativo, sanitario, policial e xudicial así como o lexislativo e de políticas públicas.

Dende o Grupo Socialista estamos convencidos da necesidade da urxencia de levar a cabo un esforzo común para detectar e notificar toda situación de malos tratos á infancia, como única maneira de evitar que esta se cronifique e que as secuelas dos malos tratos pasen a ser permanentes.

Por todo o exposto, a deputada e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Que actuacións está a levar a cabo o Goberno galego para dar atención ás persoas adultas que sufriron abusos sexuais cando eran menores de idade?

Pazo do Parlamento, 18 de xaneiro de 2017

Asdo.: Noela Blanco Rodríguez

Julio Torrado Quintela

Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Noela Blanco Rodríguez na data 25/01/2017 10:19:06

Julio Torrado Quintela na data 25/01/2017 10:19:12

Á Mesa do Parlamento

Noela Blanco Rodríguez, María Luisa Pierres López e Julio Torrado Quintela, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**.

Segundo datos de Eurostat, as mulleres cobran a día de hoxe o que os homes gañaban hai unha década, o que converte a España no sexto país europeo con maior fenda salarial de xénero, só por baixo de Eslovaquia, Alemaña, República Checa, Austria e Estonia. No caso de Galicia a desigualdade no ámbito laboral tamén é dramática, porque a precariedade e a desigualdade teñen nome de muller, presas do traballo a tempo parcial, e en ramas de actividade peor remuneradas que as dos homes, as mulleres cobran en Galicia un 23,4% menos que os homes, necesitarían polo tanto que o ano tivese 460 días para percibir o mesmo salario.

O artigo 49 da Lei de igualdade aprobada en 2007 contempla que o Goberno "establecerá medidas de fomento, especialmente dirixidas ás pequenas e as medianas empresas, que incluírán o apoio técnico necesario" para "impulsar a adopción voluntaria de plans de igualdade".

As empresas deberán impulsar accións en temáticas como acceso ao emprego das mulleres, igualdade nas condicións de traballo, promoción profesional e formación, ordenación do tempo de traballo, prevención e actuación fronte ao acoso sexual e por razón de sexo ou o uso non discriminatorio da linguaxe, a comunicación e a publicidade.

Recentecemente coñecemos que o Instituto da Muller, dependente do Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade, suspendeu o procedemento de concesión de subvencións a pequenas e medianas empresas para implantar medidas destinadas á igualdade salarial entre homes e mulleres como consecuencia dos recortes do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas. Estas axudas viñan concedéndose dende o ano 2008, e nunca ata o de agora se cancelaran. As subvencións estaban destinadas a empresas de entre 50 e 250 persoas traballadoras e outorgaban un máximo de 10.000 euros "para levar a cabo accións co

obxectivo específico de erradicar ou contribuír a erradicar a fenda salarial de xénero nelas", segundo establece a convocatoria. Tamén sociedades cooperativas, comunidades de bens, fundacións e asociacións podían acceder a estas subvencións, que deberán poñer en marcha polo menos tres medidas dirixidas a erradicar a fenda e garantir "o compromiso da dirección da empresa ou entidade e a participación ou implicación da representación legal das persoas traballadoras". Este ano perderanse case un millón de euros que serviría para poñer en marcha en máis dun centenar de pemes medidas que acaben coa discriminación da muller no mundo a laboral.

Esta liña de financiamento únese así á destinada ás universidades para posgraos e actividades relacionadas coa igualdade de xénero. O organismo pon fin aos tres procedementos en resolucións que xustifican a suspensión segundo argumenta o Ministerio "pola imposibilidade material de continualo por causas sobrevindas".

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Que previsión ten o Goberno galego do impacto desta medida na nosa Comunidade Autónoma?

Pazo do Parlamento, 24 de xaneiro de 2017

Asdo.: Noela Blanco Rodríguez
María Luisa Pierres López
Julio Torrado Quintela
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Noela Blanco Rodríguez na data 25/01/2017 12:54:26

María Luisa Pierres López na data 25/01/2017 12:54:33



 Grupo Parlamentario

Julio Torrado Quintela na data 25/01/2017 12:54:38

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Á Mesa do Parlamento

Concepción Burgo López, Luis Álvarez Martínez e José Antonio Quiroga Díaz, deputada e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

Galicia atópase nunha situación de prealerta de seca dende mediados de mes cando os niveis dos embalses das concas hidrográficas, Galicia-Costa e Miño-Sil, descenderon a niveis nada habituais. Ambas as dúas atópanse agora ao 45% de ocupación.

Este feito, moi prexudicial dende moitos puntos de vista, en cambio ten unha consecuencia positiva. Dende fai semanas están emerxendo dos encoros galegos, ademais dos restos dos pobos somerxidos, restos arqueolóxicos e patrimoniais de moita importancia.

No encoro da Fervenza, na parroquia de Baiñas en Vimianzo, ca baixada das augas obsérvase o círculo dunha mámoa con algunha pequena parte do seu dolmen, e se recoñecen restos doutras mámoas en diversas partes encoro.

Tamén a baixada das augas, neste caso no embalse de Belesar, deixa ver o Castro Candaz, na parroquia chantadina de Santa Baia, de Pedrafita que leva semanas sendo accesible porque quedou fóra da auga o estreito paso que permite chegar andando ata el.

Son os restos dun castro ocupado tamén en época romana e dun conxunto que é un dos grandes símbolos do poder medieval en Galicia, pero que nunca foi escavado nin analizado e poucas veces puido ser visitado polo arqueólogos dende a construción do encoro.

Aínda hai mais restos patrimoniais importantes aos que se pode acceder neste momento debida á situación excepcional do nivel dos encoros, un feito que cremos que debería ser aproveitado para realizar os traballos

Grupo Parlamentario

de investigación ou de consolidación que necesita este patrimonio de gran valor e que nunca foi analizado e ao que é difícil ou imposible chegar en circunstancias normais.

Pese a estar baixo as augas a labor de estudo, protección e conservación dos bens patrimoniais debe ser realizada pola Xunta de Galicia e este é un momento moi oportuno, máxime cando as previsións meteorolóxicas indican que aínda se tardara en encher os encoros.

Polo exposto, a deputada e deputados asinantes formulan a seguinte pregunta:

Pensa a Dirección Xeral de Patrimonio aproveitar esta situación de seca para analizar e valorar o estudo e a conservación deste patrimonio ao que non se pode acceder salvo en situacións extraordinarias como a actual?

Pazo do Parlamento, 25 de xaneiro de 2017

Asdo.: Concepción Burgo López
Luis Álvarez Martínez
José Antonio Quiroga Díaz
Deputada e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Maria de la Concepción Burgo López na data 25/01/2017 13:23:58

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 25/01/2017 13:24:06

José Antonio Quiroga Díaz na data 25/01/2017 13:24:13

Á Mesa do Parlamento

Julio Torrado Quintela, Juan Manuel Díaz Villoslada e Patricia Vilán Lorenzo, deputados e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**.

O Goberno presidido por José Luis Rodríguez Zapatero constituíu en 2008 a Comisión Estatal contra a violencia, o racismo, a xenofobia e a intolerancia no deporte (Comisión Antiviolenza para o Deporte). A continuada e crecente relevancia de diversos feitos de carácter violento asociados ao deporte, especialmente ao deporte de masas e os de maior afluencia de público, mobilizou unha alerta relevante para tomar esta iniciativa que avaliara de maneira específica, e con competencias sancionadoras no eido deportivo, as accións e actitudes violentas no eido deportivo. A Lei do deporte de Galicia adquire tamén algunhas competencias na materia.

Existen problemáticas sinaladas en tres eidos específicos: violencia intergrupala, asociada as condutas agresivas e hostís entre afeccións; violencia machista, relacionada con conceptos estereotipados do deporte dende un punto de vista machista e discriminatorio; e violencia xenófoba, que se manifesta no rexeitamento e desprezo cara ás persoas de razas e/ou culturas distintas. Todos eles teñen unha importancia fundamental e deben afrontarse dende puntos de vista semellantes, baseados nunha regulamentación esixente e tamén, e sobre todo, nun conxunto de accións sociopedagóxicas e educativas encamiñadas a difundir actitudes e condutas baseadas en valores universais, especialmente a desenvolver entre os menores de idade.

As políticas desenvolvidas ata o de agora, con máis ou menos apoio gubernamental dende aquel 2008, foron ofrecendo resultados salientables que xeraron un certo avance neste campo. Non entanto, seguen existindo problemas asociados á violencia no deporte, nalgúns casos con resultados dramáticos que se cobran incluso vidas humanas, e noutros casos que derivan cara problemas de actitude machista e/ou xenófoba. Este tipo de actitudes recibe crítica e combate por parte das administracións, dos medios

de comunicación, de referentes sociais, do conxunto da sociedade e tamén dos propios deportistas, mais existen aínda actitudes que, por moi poucas numericamente que sexan, contribúen a limitar a capacidade de acción e influencia de todos os axentes que traballan en sentido positivo. Existe, por tanto, unha tolerancia social aínda latente que protexe e sostén a existencia de condutas e actitudes manifestamente reprobables.

O informe da UNESCO “*Colour, what colour?*” de 2015 apunta a existencia dun problema irresoluto de racismo no fútbol, e para confrontalo apuntan unha boa serie de medidas en torno a tres eixos de actuación: tomar en serio ás afeccións deportivas, arriscar e innovar nas medidas a levar a cabo, e actuar en conxunto coa universidade e os investigadores sociais.

Non sendo Galicia unha das comunidades autónomas que presenta maior índice de problemas asociados á violencia no deporte, e existindo exemplos contrarios moi relevantes e exemplares de clubs de elite e de afeccionados (por exemplo: “El CB Nigrán rinde homenaje a las víctimas de violencia de género”, Faro de Vigo 19.11.2016, seguen existindo problemas que é necesario afrontar de maneira concreta (“somos iguales, somos humanos”, La Voz de Galicia 23.01.2017). As divisións semiprofesionais e afeccionadas do deporte, especialmente dos deportes maioritarios e concretamente do fútbol, merecen unha atención específica que ha de facerse con datos e propostas concretas dende Galicia.

Coñecendo que a Comisión Antiviolenencia para o Deporte ofrece un informe anual cos datos agrupados para toda España, sería de relevancia coñecer estes datos desagregados para Galicia. O último informe da Comisión foi para a tempada deportiva 2015-2016. A partir dos datos sería posible deseñar planes e actuacións mais específicos e eficientes para afrontar os problemas existentes.

Grupo Parlamentario

Por todo isto, os deputados e a deputada que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Como valora a Secretaría Xeral para o Deporte a situación en Galicia en relación a violencia asociada ao deporte?

Pazo do Parlamento, 25 de xaneiro de 2017

Asdo.: Julio Torrado Quintela
Juan Manuel Díaz Villoslada
Patricia Vilán Lorenzo
Deputados e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 25/01/2017 18:48:16

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 25/01/2017 18:48:22

Patricia Vilán Lorenzo na data 25/01/2017 18:48:27

Á MESA DO PARLAMENTO

Luca Chao Pérez e Ánxeles Cuña Bóveda, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentar de En Marea**, ao abeiro do recollido no artigo 155 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **PREGUNTA**, para a súa resposta **oral en Pleno**, sobre a situación da música en Galicia.

De acordo co informe sobre A Música en Galicia, realizado hai uns meses polo Observatorio do Consello da Cultura Galega, realizáronse, no ano 2014, un total de 1.136 concertos de música clásica en Galicia, é dicir, 36 concertos menos ca no ano 2013. Esta cifra é a máis baixa dos últimos 14 anos, e moi inferior á que se rexistrou en 2006, ano en que se chegaron a celebrar en Galicia 1.811 concertos de música clásica.

Do mesmo xeito vense rexistrando unha baixada na asistencia a concertos. No ano 2014 asistiron a concertos de música clásica en Galicia un total 236.087 espectadores, que supón a cifra de espectadores máis baixa rexistrada desde 2001. Así, a media de espectadores por concerto situouse en Galicia, no 2014, en 207,8 espectadores, mentres que no conxunto de España é bastante superior: 305,5.

Evolución semellante rexistran os concertos de música popular, menos concertos e menos espectadores. Cando en 2010 se celebraron 5.671 concertos, en 2014 baixaron un 30,6. E no que respecta aos espectadores, estes reducíronse nun 57,3% en só catro anos, deixando en 941.000 galegos e galegas que asistiron a estes concertos en 2014.

Ante esta situación, o Grupo Parlamentar de En Marea presenta a seguinte



Pregunta para a súa resposta oral en Pleno:

Ten previsto o Goberno galego algunha medida para reverter esta tendencia?

Santiago de Compostela, 25 de xaneiro de 2017.

Asdo.: Luca Chao Pérez

Ánxeles Cuña Bóveda

Deputadas do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Luca Chao Pérez na data 25/01/2017 19:13:01

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 25/01/2017 19:13:09

Á Mesa do Parlamento

Cristina Romero Fernández, Raquel Arias Rodríguez, Sandra Vázquez Domínguez, Teresa Egerique Mosquera, Marta Nóvoa Iglesias e Miguel Tellado Filgueira, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

O pasado día 22 de xaneiro pechou as súas portas a trixésima sétima Feira Internacional de Turismo, FITUR, cunha cifra récord de 245.000 visitantes entre profesionais e público xeral, un 6% máis que o ano anterior.

Nas tres xornadas reservadas a profesionais, o crecemento respecto a edición anterior foi dun 9%, acadando os 135.835 participantes cunha alta representación internacional.

Unha feira que, segundo a dirección de FITUR, clausurouse cunha excelente valoración comercial dado o alto volume de acordos e contratos celebrados.

Estes datos confirman que FITUR converteuse un ano máis no mellor escaparate para difundir e promover o destino de Galicia. Un pulo imprescindible para continuar, neste 2017, na senda do crecemento de turistas que escollen visitarnos.

Por todo o anteriormente exposto e logo da intensa participación de Galicia nesta última edición de FITUR cunha superficie de preto de 1000 metros cadrados, os deputados asinantes formulan a seguinte pregunta en Pleno:

Cal é a valoración que fai o Goberno da participación de Galicia na 37 edición de FITUR?

Santiago de Compostela, 26 de xaneiro de 2017

Asinado dixitalmente por:

Cristina Isabel Romero Fernández na data 26/01/2017 13:45:38

Raquel Arias Rodríguez na data 26/01/2017 13:45:47

Sandra Vázquez Dominguez na data 26/01/2017 13:45:56

Teresa Egerique Mosquera na data 26/01/2017 13:46:26

Marta Novoa Iglesias na data 26/01/2017 13:46:38

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 26/01/2017 13:46:47



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.es

15702 Santiago de Compostela

Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/01/2017 17:29
Nº Rexistro: 4123
Data envío: 26/01/2017 17:29:18.023

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Prado Cores, Ana Belén Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz, Noa Presas Bergantiños e Luis Bará Torres, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, formulan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Pleno**, relativa á recuperación dos acordos de mellora de condicións de traballo e salariais do persoal do Sergas.

O sangrado do sistema sanitario público de Galiza é unha constante, é a folla de ruta do PP á fronte do Goberno galego. Dentro deste sangrado os profesionais son dos principais damnificados por unha política de persoal que maltrata ao persoal fixo e que maltrata ao persoal contratado.

Se estamos na senda da recuperación económica, e froito disto o Presidente da Xunta decreta para el, e para os altos cargos do seu goberno un incremento salarial do 7.5% e do 7% respectivamente; non pode seguir conxelando as retribucións do persoal indefinidamente, nin a mellora das súas condicións laborais.

É precisa a reposición de todos os dereitos laborais, económicos e sociais que durante estes anos lle foron eliminados aos traballadores e traballadoras do sistema sanitario público de Galiza.

É evidente que coa recuperación das dúas pagas extraordinarias neste ano 2017 non queda saldada a débeda que a Xunta do PP ten c@s traballadores/as.

A recuperación dos acordos non é un incremento salarial, senón respectar o dereito das/os traballadoras/es da Sanidade Pública a recuperar os salarios detraídos



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/01/2017 17:29
Nº Rexistro: 4123
Data envío: 26/01/2017 17:29:18.023

nestes anos. Xa que estes salarios son froito da negociación colectiva na Mesa Sectorial, e coma tales acordos teñen carácter de norma.

Coa escusa da crise a Consellaría de Sanidade, dun xeito unilateral, deixou en suspenso a aplicación dos acordos asinados aos que se chegara en canto a melloras retributivas e nas condicións de traballo.

Por as razóns expostas, formúlase a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno:

Vai o SERGAS iniciar a negociación, na Mesa Sectorial de Sanidade, da recuperación dos acordos de mellora de condicións de traballo e salariais so seu persoal, conxelados desde o ano 2010?

Santiago de Compostela, 26 de xaneiro de 2017

Asdo.: Montserrat Prado Cores

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Noa Presas Bergantiños

Luis Bará Torres

Ana Belén Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/01/2017 17:29
Nº Rexistro: 4123
Data envío: 26/01/2017 17:29:18.023

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 26/01/2017 17:26:14

Olalla Rodil Fernández na data 26/01/2017 17:26:19

Xose Luis Rivas Cruz na data 26/01/2017 17:26:32

Noa Presas Bergantiños na data 26/01/2017 17:26:37

Xosé Luis Bará Torres na data 26/01/2017 17:26:40

Ana Pontón Mondelo na data 26/01/2017 17:26:44



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/01/2017 17:42
Nº Rexistro: 4129
Data envío: 26/01/2017 17:42:25.383

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Prado Cores, Ana Belén Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz, Noa Presas Bergantiños e Luis Bará Torres, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Pleno**, relativa á implicación da Xunta na negociación do Convenio Colectivo da sanidade privada en Galiza.

En Galiza o 45% dos hospitais son privados e case o 80% teñen algún concerto coa sanidade pública.

A práctica totalidade dos hospitais privados, dos que unha boa parte están en mans de grandes grupos empresariais (HM Hospitais, Helios, Vithas), esquivaron a crise con beneficios millonarios, mais a mesma foi usada sistematicamente para xustificar que os salarios estiveron practicamente conxelados

Desde principios do ano 2016 @s representantes sindicais d@s traballadores/as están tentando negociar o Convenio da Sanidade Privada. Durante todo o tempo transcorrido desde que se iniciou a negociación, @s representantes d@s traballadores/as foron modificando as súas propostas, facendo importantes concesións co ánimo de conseguir avances na negociación que posibilitaran chegar a un acordo, mais esa disposición non está sendo correspondida pola parte empresarial, moi reacia a calquera modificación e/ou mellora das condicións laborais e salariais reguladas polo Convenio.

@s profesionais que desenvolven a súa actividade en centros sanitarios privados de Galiza, só demandan un incremento xusto dos seus salarios e unha



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/01/2017 17:42
Nº Rexistro: 4129
Data envío: 26/01/2017 17:42:25.383

mellora digna das súas condicións laborais. Merecen e teñen dereito a que os beneficios empresariais tamén repercutan en melloras salariais e laborais.

A Consellería de Sanidade que concerta servizos sanitarios públicos cos centros sanitarios privados, debe asumir tamén responsabilidades e mostrar preocupación polas condicións laborais ás que se somete ao persoal destes centros, aos que proporciona unha media do 47% da súa carga de traballo.

Por estas razóns, formulamos a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno:

Parécelle acaído que a Xunta de Galiza estableza concertos, pagados con cartos públicos, con empresas sanitarias que manteñen unhas relacións laborais cando menos cuestionábeis?

Santiago de Compostela, 26 de xaneiro de 2017

Asdo.: Montserrat Prado Cores

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Noa Presas Bergantiños

Luis Bará Torres

Ana Belén Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/01/2017 17:42
Nº Rexistro: 4129
Data envío: 26/01/2017 17:42:25.383

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 26/01/2017 17:39:37

Olalla Rodil Fernández na data 26/01/2017 17:39:42

Xose Luis Rivas Cruz na data 26/01/2017 17:39:46

Noa Presas Bergantiños na data 26/01/2017 17:39:49

Xosé Luis Bará Torres na data 26/01/2017 17:39:52

Ana Pontón Mondelo na data 26/01/2017 17:39:56



Á Mesa do Parlamento

Patricia Vilán Lorenzo, Julio Torrado Quintela e Noela Blanco Rodríguez, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**.

O Centro de Saúde de Forcarei (Pontevedra) está composto dun equipo de dous médicos de familia; un pediatra itinerante, que atende aos centros de Forcarei, Cotobade-Cerdedo e Campo Lameiro; dous enfermeiros; unha matrona; e un persoal de servizos xerais (PSX).

Forcarei é o concello máis grande en extensión xeográfica da área sanitaria de Pontevedra, cunha elevada dispersión poboacional, o que implica que no caso de desprazamento dun facultativo, o centro se queda sen médico durante un tempo excesivamente prolongado que pode chegar a varias horas. Outro dato de relevancia é que o centro de saúde referido é o máis afastado do seu hospital de referencia (Montecelo), do que dista 48 quilómetros, sendo ademais unha zona con moi alta presenza de persoas de elevada idade. Estes datos conclúen nunha situación asistencial de grande dificultade, pola poboación con prevalencia de persoas enfermas crónicas con dificultades para desprazarse.

O pasado día 2 de decembro facíase efectiva a xubilación dun dos médicos de familia e, nas primeiras semanas, a Xerencia do CHOP só mandaba un substituto 2 días á semana. Posteriormente, esa mesma Xerencia se comprometía a unha substitución, unicamente durante 6 meses. Estas solucións circunstanciais non cobren, evidentemente, as necesidades da zona. Calquera das dúas solucións supón un parche e non resolve o grave problema asistencial neste centro de saúde.



Grupo Parlamentario

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Que medidas ten previstas o Goberno galego para garantir un nivel asistencial necesario e de calidade no Centro de Saúde de Forcarei, dada a situación descrita?

Pazo do Parlamento, 26 de xaneiro de 2017

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo

Julio Torrado Quintela

Noela Blanco Rodríguez

Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 26/01/2017 17:40:49

Julio Torrado Quintela na data 26/01/2017 17:40:55

Noela Blanco Rodríguez na data 26/01/2017 17:40:59

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Luís Manuel Álvarez Martínez, Noela Blanco Rodríguez, Juan Manuel Díaz Villoslada e Patricia Vilán Lorenzo, deputados e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

A Lei 9/2011, do 9 de novembro, dos medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia, publicada no Diario Oficial de Galicia do 16 de decembro de 2011, establece na súa exposición de motivos que:

*A Lei dos medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia garante os valores de pluralismo, veracidade e accesibilidade co fin de contribuír á formación dunha opinión pública informada, e prevé a regulación da organización e o control parlamentario dos medios de comunicación social de titularidade da Comunidade Autónoma de Galicia. Para iso a lei garante a independencia, obxectividade e veracidade da información, reforza a capacidade de control do Parlamento de Galicia, e **prevé a creación dunha autoridade audiovisual independente de Galicia que realizará tamén as funcións propias do consello asesor**. No eido interno, impídese a posibilidade de ceder a terceiros a realización e edición dos programas informativos, e establécese por vez primeira na Comunidade Autónoma un estatuto profesional da Corporación RTVG que prevé a creación dun consello de informativos.*

No articulado da Lei figuran referencias a esta autoridade audiovisual independente, en concreto no artigo 39 b) que se atopa no capítulo III dedicado ao pluralismo democrático.

Ademais, a disposición adicional quinta, establece un prazo de nove meses para que a Xunta de Galicia remita ao Parlamento de Galicia un proxecto de lei que regule ou encomende as funcións da autoridade audiovisual.

O día 16 de xaneiro de 2017 recibíuse no Parlamento de Galicia a resposta formulada pola Secretaría Xeral de Medios que, con respecto á creación desta autoridade audiovisual independente di que *“a posta en marcha da Autoridade*

Grupo Parlamentario

audiovisual independente de Galicia ten que vir precedida dun estudio concienciado e dunha análise pormenorizada doutros entes xa constituídos, non só a nivel nacional senón tamén internacional, que permitan valorar a súa viabilidade na nosa Comunidade Autónoma” (sic).

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Se xa de por si resulta preocupante a ambigüidade que introduce a inclusión do termo concienciado, que certamente atopa certa limitación xeográfica ao circunscribirse ao planeta Terra, resulta política, social e legalmente desolador que nunha resposta escrita, e polo tanto non exposta aos erros inherentes a unha intervención oral, se faga referencia á viabilidade de algo establecido por lei.

A viabilidade significa que algo pode levarse a cabo, que se pode facer. Na resposta escrita faise referencia a valorar a súa viabilidade, é dicir, analizar, estudar se resulta posible algo que está establecido por lei, é dicir, unha obriga.

Ante esta situación, os deputados e as deputadas que asinan vense na obriga de formular, aínda que só sexa a nivel de aclaración semántica e procedimental o alcance da afirmación contida na resposta trasladada a este Parlamento de Galicia.

Polo tanto, os deputados e as deputadas que asinan preguntan:

Considera a Xunta de Galicia que algo que figura nunha lei é algo suxeito á valoración sobre a viabilidade do seu cumprimento?

Pazo do Parlamento, 24 de xaneiro de 2017

Asinado dixitalmente por:

Luis Manuel Álvarez Matínez na data 26/01/2017 17:42:17

Noela Blanco Rodríguez na data 26/01/2017 17:42:29

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 26/01/2017 17:42:37

Patricia Vilán Lorenzo na data 26/01/2017 17:42:51

Á MESA DO PARLAMENTO

As deputadas **Paula Quinteiro Araujo, Paula Vázquez Verao, Luca Chao Pérez e Ánxeles Cuña Bóveda** e o deputado **Marcos Cal Ogando**, pertencentes ao **Grupo Parlamentar En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 155 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

A Directora do Instituto da Muller e para a Igualdade de Oportunidades, mediante resolución, con data do 19 de decembro de 2016, resolveu por fin ó procedemento da convocatoria de subvencións que reciben másters, doutorados e centros de investigación das Universidades do Estado español que están especializados en xénero, feminismo e mulleres, iniciado pola resolución do 27 de xuño de 2016, pola imposibilidade material de continuo polo establecido na Orden Causas sobrevidas, á vista dos prazos na Orden HAP/1169/2016, do 14 de xullo que regula as operacións do peche do exercicio de 2016.

Isto supón deixar sen financiamento aos posgraduados e actividades nesta materia para o curso académico 2016/2017 e deixa en evidencia o escaso interese que se ten en fomentar os estudos de xénero.

A limitación do gasto público non pode vir da retirada de subvencións destas características, deixando sen becas a moitas estudantes que non poderán acceder a terminar os seus estudos por razóns económicas.

Ante a situación de extrema gravidade no relativo as violencias machistas, estes estudos son imprescindibles para avanzar na igualdade que tod@s desexamos. E



debemos facer todos os esforzos posíbeis, dende todos os ámbitos para que se restablezan estas axudas.

Polo exposto anteriormente, formúlase a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno:

-Que valoración fai o Goberno da Xunta de Galicia da retirada das subvencións dirixidas á realización de Posgraduados de Estudos de Xénero e Actividades do ámbito universitario relacionadas coa igualdade de oportunidades entre mulleres e homes?

Santiago de Compostela, 26 de xaneiro de 2017.

Asinado dixitalmente por:

Paula Quinteiro Araújo na data 26/01/2017 18:28:38

Paula Vázquez Verao na data 26/01/2017 18:28:47

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 26/01/2017 18:28:51

Luca Chao Pérez na data 26/01/2017 18:28:55

A Mesa do Parlamento

José González Vázquez, Raquel Arias Rodríguez, Moisés Blanco Paradelo, Carlos Gómez Salgado, Carlos E. López Crespo e Daniel Vega Pérez, deputados e deputada do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 155.5 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno**, polo trámite de **urxencia**.

Xustificación da urxencia

A urxencia ven motivada pola necesidade de que o Goberno galego explique canto antes a súa posición sobre un tema de gran interese na nosa Comunidade Autónoma.

Fronte o posicionamento dos Grupos Parlamentarios da oposición que nos trasladan unha visión catastrofista do lácteo galego, o certo é que o traballo da Xunta de Galicia a prol dunha solución integral para o sector está a dar os seus froitos na consecución de explotacións de vacún rendibles tanto polo incremento dos prezos de venda dos seus produtos coma pola maior eficiencia na xestión das súas explotacións.

Observamos así unha serie de actuacións que contribúen a vertebración do lácteo galego, de xeito que fronte a posición de facer plans de choque ou de emerxencia, coma piden os grupos da oposición, o que hai na actuación da consellería é unha atención constante o sector lácteo que se traduce nunha importante presenza das explotacións de ganado vacún nas liñas de axudas que se están convocando dentro do PDR 2014-2020.

Preocupación e atención constante o lácteo que se ve no seu protagonismo nas medidas de remuda xeracional, nos plans de mellora das explotacións, nos programas de incremento da base territorial, no fomento do asociacionismo entre os gandeiros, na potenciación das organizacións de produtores lácteos, nos últimos exemplos de agrupacións de gandeiros que se teñen observado no sector ou nas importantes iniciativas empresariais que pretenden impulsar a transformación e posta en valor do leite producido na nosa Comunidade.

En relación con este asunto, os deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta en Pleno:

Qué medidas e axudas está a impulsar o Goberno galego para a vertebración do sector lácteo?

Santiago de Compostela, 30 de xaneiro de 2017

Asinado dixitalmente por:

José González Vázquez na data 30/01/2017 13:45:52

Raquel Arias Rodríguez na data 30/01/2017 13:46:16

Moisés Blanco Paradelo na data 30/01/2017 13:46:24

Carlos Gómez Salgado na data 30/01/2017 13:46:32

Carlos Enrique López Crespo na data 30/01/2017 13:46:58

Daniel Vega Pérez na data 30/01/2017 13:47:07



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
 Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
 gp-bng@parlamentodegalicia.es
 15702 Santiago de Compostela
 Galiza

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Prado Cores, deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no artigo 155.5 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, polo trámite **de urxencia**, relativa á necesidade de substituír de inmediato as agullas para a subministración de insulina aos doentes diabéticos insulino dependentes.

Xustificación da urxencia

A urxencia ven motivada pola demora inxustificada do Sergas en atender ás demandas do colectivo de doentes insulino dependentes, de substituír as agullas de baixa calidade que lles está a subministrar, por outras que non produzan efectos negativos sobre os doentes que teñen que usalas.

Diante disto, e do motivo exposto, o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego, a través da deputada asinante, formula a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral ante o Pleno**, polo **trámite de urxencia**:

Cal é a razón de que aínda non teña substituído as agullas Insuren, para a administración de insulina, que grande cantidade de doentes teñen denunciado que lle producen diversos efectos negativos?



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, 30 de xaneiro de 2017

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 30/01/2017 16:34:56



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
 Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
 gp-bng@parlamentodegalicia.es
 15702 Santiago de Compostela
 Galiza

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no artigo 155.5 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, polo trámite **de urxencia**, relativa ao incremento da factura de luz dos galegos e galegas por mor obrigar o goberno central a cargar o canon eólico e ás actuacións que ten pensado impulsar o goberno galego.

Xustificación da urxencia

A urxencia ven motivada porque o pasado venres 27 de xaneiro coñeceuse publicamente como o goberno central obrigar a cargar no recibo da luz o canon que a Xunta cobra ás eólicas.

A Lei do sector eléctrico en vigor dende 1997 abría a porta a encarecer a tarifa nunha autonomía ou concello no caso de contar con tributos sobre o sector. Unha posibilidade que se converteu en imposición coa reforma impulsada en 2013, que abría a posibilidade a pagar máis polo peaxe de acceso que fixa o Goberno para todos os consumidores polo uso das redes eléctricas. A lei contemplaba que “en caso de que as actividades ou instalacións destinadas ao subministro eléctrico foran gravadas, directa ou indirectamente, con tributos propios das CCAA ou recargas sobre os tributos especiais, á peaxe de acceso engadiráselle un suplemento territorial que cubrirá a totalidade do sobrecusto



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
 Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
 gp-bng@parlamentodegalicia.es
 15702 Santiago de Compostela
 Galiza

provocado por ese tributo ou recargo e que deberá ser abonado polos consumidores ubicados no ámbito territorial da respectiva comunidade autónoma”.

Xa no seu día o nacionalismo galego alertou sobre a cuestión sinalando a marxinação que supuña impedir que territorios excedentarios non poidamos desenvolver unha política enerxética propia e que discriminaba negativamente aos territorios que soportan as instalacións de xeración, o que implica que as comunidades que teñen que soportar os custos sociais e medioambientais da xeración eléctrica, no canto de verse recompensadas, vense prexudicadas dobremente.

As novas coñecidas nos últimos días constitúen unha clara discriminación dos consumidores e consumidoras galegas, que non só teñen que ver como non obteñen ningún beneficio por vivir nun territorio excedentario na produción eléctrica, senón que se ven penalizados por ese feito. A xunta renunciou á participación pública do Goberno Galego nos proxectos eólicos e a cambio impulsou un canon que vai ter que ser pagado polos consumidores, con preocupantes consecuencias nun contexto de dificultades económicas para as maiorías sociais.

Diante disto o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego, a través da deputada asinante, formula a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral ante o Pleno**, polo **trámite de urxencia**:

Que ten pensado facer o goberno galego para evitar que as persoas



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

consumidoras de electricidade en Galiza vexan un incremento aínda maior da súa factura por mor do canon das eólicas?

Santiago de Compostela, 30 de xaneiro de 2017

Asdo.: Noa Presas Bergantiños

Deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 30/01/2017 16:38:39

Á MESA DO PARLAMENTO

Luís Villares Naveira, Antón Sánchez García, Carmen Santos Queiruga, Magdalena Barahona Martín, Marcos Cal Ogando, Francisco Casal Vidal, Luca Chao Pérez, Paula Vázquez Verao, Ánxeles Cuña Bóveda, Juan José Merlo Lorenzo, Paula Quinteiro Araujo, Davide Rodríguez Estévez, Eva Solla Fernández e Jose Manuel Lago Peñas, deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentar de En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 155.5 do Regulamento da Cámara presentan a seguinte **Pregunta urxente para a súa resposta oral en Pleno**, relativa á mellora das subvencións aos concellos para a contratación de persoas perceptoras da renda de inclusión.

Xustificación da Urxencia.

A Xunta vén desenvolvendo un programa de achegas aos concellos para a contratación de persoas perceptoras da renda de integración social.

Este programa consiste, fundamentalmente, na achega por parte do Goberno galego dos gastos laborais das persoas contratadas, pero este programa é insuficiente.

Dado a duración dos contratos, as persoas, en moitos casos, non poden recibir as axudas, contributivas ou non, para persoas desempregadas por non ter cotizado os mínimos necesarios, ademais de supor unha dificultade para a reactivación da RISGA que cobraban con anterioridade, podendo provocar efectos adversos aos pretendidos e, dende logo, a imposibilidade de acadar o obxectivo perseguido de reinserción laboral das persoas perceptoras.



Polo anteriormente sinalado, o Grupo Parlamentar de En Marea formula a seguinte **Pregunta urxente para a súa resposta oral en Pleno:**

Ten pensado a Xunta aumentar, nas subvencións dirixidas a entidades locais para a contratación temporal de persoas en situación ou risco de exclusión social perceptoras da RISGA, o período de contratación subvencionable pola Consellería de Emprego e Industria ata os 12 meses, para favorecer a inclusión activa dos colectivos máis vulnerables?

Santiago de Compostela, 30 de xaneiro de 2017.

Asinado dixitalmente por:

Luis Villares Naveira na data 30/01/2017 17:48:58

Paula Vázquez Verao na data 30/01/2017 17:49:02

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 30/01/2017 17:49:06

Juan José Merlo Lorenzo na data 30/01/2017 17:49:14

Carmen Santos Queiruga na data 30/01/2017 17:49:19

Antón Sánchez García na data 30/01/2017 17:49:22

Eva Solla Fernández na data 30/01/2017 17:49:25



Luca Chao Pérez na data 30/01/2017 17:49:28

Paula Quinteiro Araújo na data 30/01/2017 17:49:32

Magdalena Barahona Martín na data 30/01/2017 17:49:35

José Manuel Lago Peñas na data 30/01/2017 17:49:38

Francisco Casal Vidal na data 30/01/2017 17:49:41

David Rodríguez Estévez na data 30/01/2017 17:49:44

Marcos Cal Ogando na data 30/01/2017 17:49:48



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Ana Belén Pontón Mondelo, Portavoz do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no artigo 152.2 do Regulamento da Cámara e das normas supletorias do 17 de marzo de 2015, formula a seguinte **PREGUNTA** dirixida ao **Presidente do Goberno**, para a súa resposta **oral en Pleno**.

PREGUNTA AO PRESIDENTE:

“Sr Feijóo, cando vai empezar a defender os intereses de Galiza, abandonando a súa submisión a Rajoy?”

Santiago de Compostela, 30 de xaneiro de 2017

Asdo.: **Ana Belén Pontón Mondelo**

Portavoz do Grupo Parlamentar do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ana Pontón Mondelo na data 30/01/2017 16:26:41

Á Mesa do Parlamento

Xoaquín Fernández Leiceaga, portavoz do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152.2, presenta ante esa Mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno, dirixida ao Sr. presidente da Xunta de Galicia.

Sr. presidente, esta vostede satisfeito coa evolución recente das implantacións da industria auxiliar do automóbil en Galicia?

Pazo do Parlamento, 30 de xaneiro de 2017

Asdo.: **Xoaquín Fernández Leiceaga**
Portavoz G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 30/01/2017 18:16:26

Á MESA DO PARLAMENTO

Luís Villares Naveira, Voceiro do **Grupo Parlamentar de En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 152.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **PREGUNTA**, para a súa resposta **oral en Pleno**, dirixida ao **Presidente da Xunta de Galicia**.

Ten pensado o Goberno galego seguir consentindo que se incumpran os prazos e trazados dos novos accesos ferroviarios a Ourense?

Santiago de Compostela, 30 de xaneiro de 2017.

Asdo.: Luís Villares Naveira

Voceiro do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Luis Villares Naveira na data 30/01/2017 18:08:25

Á MESA DO PARLAMENTO

Os Grupos Parlamentarios de **En Marea** , e do **Bloque Nacionalista Galego**, ao abeiro do disposto no artigo 52 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Solicitud de constitución dunha Comisión de Investigación sobre as causas do accidente ferroviario de Angrois, así como sobre as condicións de seguridade na rede ferroviaria de alta velocidade en Galiza.**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

1.- O terrible accidente ferroviario do 24 de xullo de 2013 en Angrois, os irreparables danos persoais, así como a grandeza solidaria e humanitaria do pobo galego en xeral, comezando pola xente de Angrois en primeiro lugar, o traballo, compromiso e dedicación do persoal ao servizo da Administración, do persoal voluntario, quedarán para sempre na lembranza colectiva do noso País e na súa propia historia.

Mais tamén os poderes públicos quedan por todo elo especialmente obrigados a investigar as causas e depurar as responsabilidades de todo tipo ás que houbera lugar. O acontecido, desgraciadamente, non ten volta atrás, pero é unha obriga legal, ética e de compromiso público que por parte das institucións se proceda a realizar todas cantas medidas, actividades e actuacións poidan contribuír a evitar que accidentes desta natureza se poidan reproducir no futuro.

O Parlamento de Galiza, como máxima expresión e representación política do pobo galego, debe estar especialmente obrigado a investigar as causas deste accidente, así como o estado xeral de seguridade da rede de alta velocidade, tanto da actualmente operativa como da prevista no futuro. Dito labor investigador é plenamente compatible coa que poidan e deban desenvolver tanto a administración ferroviaria (ADIF-Renfe) como a que sexa obxecto do procedemento penal en curso.

2.- As persoas afectadas polo accidente e o conxunto da cidadanía galega esixen e precisan coñecer as causas do accidente, e tamén a situación real das condicións de seguridade da rede de alta velocidade na Galiza. Moito máis cando os datos que se van coñecendo amosan claramente as deficiencias das medidas activas e pasivas de seguridade e control das mesmas, así como do propio

deseño da rede e das súas condicións materiais e técnicas (plataforma, vehículos, medidas de seguridade, etc) .

O desgraciado accidente acontecido recentemente en Porriño acrescenta esta necesidade de anticiparse avaliando a situación da seguridade das vías férreas en Galiza.

Será obxecto da Comisión determinar si a infraestrutura estaba e está dotada de todos os sistemas e elementos proxectados e obxecto de concurso e adxudicación, se o mantemento destes era óptimo e axustado ás condicións establecidas e se estaban plenamente operativos e en funcionamento.

3.- O discorrer do tempo e as novidades que xorden como o informe da Axencia Europea do Ferrocarril censurando a composición da CIAF como comisión independente para estudar o accidente, e as novidades que se van coñecendo das instrucións xudiciais fan máis preciso aínda a creación da Comisión de Investigación no Parlamento Galego.

4.- É preciso esclarecer as responsabilidades penais se as houbera, pero tamén as políticas, e estas teñen o seu ámbito de determinación e depuración no Parlamento.

Por todo elo, os Grupos Parlamentarios de En Marea e do Bloque Nacionalista Galego solicitan a inclusión na Orde do Día e a adopción polo Pleno do Parlamento do seguinte ACORDO :

O Pleno do Parlamento de Galiza, de conformidade co previsto no art. 52 do seu Regulamento, acorda a constitución dunha Comisión Parlamentaria de Investigación sobre as causas do accidente ferroviario acontecido en Angrois-Santiago o 24 de xullo de 2013, así como sobre as condicións de seguridade na rede ferroviaria de alta velocidade en Galiza.

Galiza, 30 de xaneiro de 2017



Asinado dixitalmente por:

Ana Pontón Mondelo na data 30/01/2017 11:52:21

Luis Villares Naveira na data 30/01/2017 13:22:29

ESTRUTURA DO BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

1. PROCEDEMENTOS PARLAMENTARIOS

1.1. PROCEDEMENTOS DE NATUREZA NORMATIVA

- 1.1.1. NORMAS APROBADAS
- 1.1.2. PROPOSTAS DE NORMAS

1.2. PROCEDEMENTOS ESPECIAIS DE CARÁCTER INSTITUCIONAL

- 1.2.1. INVESTIDURA
- 1.2.2. MOCIÓN DE CENSURA
- 1.2.3. CUESTIÓN DE CONFIANZA

1.3. PROCEDEMENTOS DE CONTROL E IMPULSO

- 1.3.1. CONTROL SOBRE AS DISPOSICIÓNS DA XUNTA CON FORZA DE LEI
- 1.3.2. COMUNICACIÓNS DA XUNTA DE GALICIA
- 1.3.3. EXAME DE PROGRAMAS E PLANS
- 1.3.4. ACORDOS, RESOLUCIÓNS OU PROPOSTAS DE COMISIÓNS ESPECIAIS OU DE INVESTIGACIÓN
- 1.3.5. MOCIÓNS
- 1.3.6. PROPOSICIÓNS NON DE LEI
- 1.3.7. OUTRAS PROPOSTAS DE RESOLUCIÓN E ACORDOS
- 1.3.8. PROCEDEMENTOS DE CONTROL ECONÓMICO E ORZAMENTARIO

1.4. PROCEDEMENTOS DE INFORMACIÓN

- 1.4.1. INFORMACIÓNS REMITIDAS POLA XUNTA DE GALICIA
- 1.4.2. SOLICITUDES DE COMPARECENCIA
- 1.4.3. INTERPELACIÓNS
- 1.4.4. PREGUNTAS
- 1.4.5. RESPOSTAS A PREGUNTAS
- 1.4.6. SOLICITUDES DE DATOS, INFORMES E DOCUMENTOS DE DEPUTADOS E DE COMISIÓNS
- 1.4.7. RECONVERSIÓNS POR FINALIZACIÓN DO PERÍODO DE SESIÓNS

1.5. PROCEDEMENTOS RELATIVOS A OUTRAS INSTITUCIÓNS E ÓRGANOS

1.6. PROCEDEMENTOS DE ELECCIÓN, DESIGNACIÓN E PROPOSTA DE NOMEAMENTO

1.7. PROCEDEMENTOS RELATIVOS AO DEREITO DE PETICIÓN

2. ELECCIÓN E COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO, RÉXIME E GOBERNO INTERIOR, ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO

- 2.1. ELECCIÓN DO PARLAMENTO
- 2.2. COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO E DOS SEUS ÓRGANOS
- 2.3. RÉXIME E GOBERNO INTERIOR
- 2.4. ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO PARLAMENTO

3. ADMINISTRACIÓN DO PARLAMENTO DE GALICIA

4. INFORMACIÓNS E CORRECCIÓNS DE ERROS

4.1. INFORMACIÓNS

4.2. CORRECCIÓNS DE ERROS



PARLAMENTO
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO
PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións:

Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.

Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727